

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

CURSO 2011-12

Parte primeira

PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DA E.S.O.

1. INTRODUCCIÓN

A política educativa introducida pola LODE (1985) e desenvolvida posteriormente pola LOXSE (1990) e a LOPEG (1995) promove un apreciable grao de autonomía organizativa e curricular nos centros, ata o punto de que os seus equipos directivos e docentes, así como o Consello Escolar, constitúen o penúltimo chanzo na concreción do deseño curricular —do que o último sería a programación da aula—.

Non obstante, a través de diversos decretos da Xunta de Galicia, as autoridades educativas establecen unhas directrices claras no ámbito das ensinanzas mínimas na ESO, que se deben ter en conta para elaborar o Proxecto do que parten os materiais curriculares.

1. 1. SITUACIÓN ACTUAL DA ETAPA

Nos últimos anos foise configurando unha nova forma de entender a educación. Para adaptármonos a estes cambios, temos que crear unhas pautas de aprendizaxe, considerando a Educación Secundaria Obrigatoria unha etapa na que se persegue que os alumnos e as alumnas acaden, entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Conseguir aprender a aprender.
2. Adquirir a motivación suficiente para seguir aprendendo.
3. Incorporar á súa maneira de ser unha serie de valores éticos e humanísticos que lles permitan traballar solidariamente nunha sociedade máis xusta.
4. A incorporación dalgúns deles ao mundo laboral ao rematar a etapa.

O obxectivo prioritario desta etapa é preparar os adolescentes para ser futuros cidadáns dunha sociedade democrática e tecnoloxicamente avanzada.

Esta etapa organízase en dous ciclos de dous anos cada un. No primeiro ciclo, o tronco común predomina de forma manifesta sobre o espazo de opcionalidade. Durante o segundo ciclo, a opcionalidade das materias vaise ampliando para atender á diversidade.

Ambos os ciclos adoptan a “área” como unidade e instrumento organizador do currículo, encargado de articular en obxectivos e contidos as intencións globais que expresan os obxectivos xerais da etapa. Unha das áreas é Lingua Galega e Literatura.

A ordenación e organización da Educación Secundaria Obrigatoria está condicionada pola súa dobre intencionalidade:

- a) Procurar que os rapaces asimilen criticamente os elementos culturais básicos do seu tempo, preparándose para desempeñar os seus deberes e exercer os seus dereitos na sociedade actual.
- b) Facilitar as bases que permitan unha formación posterior, a través do Bacharelato ou da Educación Técnico-Profesional.

A Educación Secundaria Obrigatoria, se ben adquire un valor terminal claro, supón, ao mesmo tempo, un valor preparatorio, por canto debe asegurarlles aos alumnos e ás alumnas o paso á Educación Postobrigatoria sen ningún tipo de discriminación.

Isto sitúa o profesorado desta etapa na necesidade de deseñar un currículo presidido polos seguintes criterios básicos:

1. A Educación Secundaria Obrigatoria debe asegurar a adquisición dos saberes que configuran a bagaxe necesaria de toda persoa, articulando o básico e común para todos os rapaces coas particularidades das comunidades autónomas, das comunidades locais e dos propios centros educativos.
2. A Educación Secundaria Obrigatoria debe contemplar unha progresiva diferenciación dos contidos curriculares, co fin de asegurar un equilibrio axeitado entre, por un lado, o

principio de comprensividade e, polo outro, o principio de satisfacción dos distintos intereses, motivacións e capacidades dos alumnos e das alumnas.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A Educación Secundaria Obrigatoria coincide, desde o punto de vista do desenvolvemento dos estudantes, coa adolescencia. Nestes anos, os escolares experimentan un proceso de cambio especialmente significativo. Arredor dos 12 anos advértense cambios importantes na personalidade do alumnado. Estes cambios, que afectan tanto ao seu desenvolvemento físico e intelectual coma ao ámbito afectivo, constituirán os trazos máis significativos da adolescencia.

Os adolescentes viven, pois, cambios afectivos, cognitivos e sociais de gran transcendencia neste período da súa vida. Por unha banda, prodúcese un maior impulso nas súas relacións sociais, advertíndose unha integración social máis profunda no seu grupo de amigos/as-compañeiros/as. Por outra, nestes anos apréciase o comezo dun proceso de independencia respecto da súa familia. O adolescente comeza xa a ter as súas propias ideas, actitudes e valores, o que lle permite conformar a súa auténtica identidade persoal e social.

A estas transformacións temos que engadir os cambios non menos importantes que se producen no ámbito cognitivo e intelectual. A partir dos doce anos, os alumnos e as alumnas desenvolven un tipo de pensamento de carácter abstracto, que permite a realización de operacións lóxico-formais e a resolución de problemas máis complexos.

Os alumnos e as alumnas posúen unha maior capacidade de razoamento, de formulación e comprobación de hipóteses, de argumentación, reflexión, análise e exploración das variables que interveñen nos fenómenos. Este tipo de pensamento adoita considerarse arredor dos 16 anos. É nesta etapa cando se adquire e se consolida o pensamento abstracto formal por parte dos alumnos e as alumnas.

Na adquisición deste tipo de pensamento desempeñan un papel esencial os profesores e as profesoras, en canto que son mediadores da aprendizaxe. Eles e elas deben situar os alumnos ante situacións e experiencias que lles esixan un razoamento hipotético-dedutivo, o recoñecemento dos datos, variables e elementos implicados nunha situación-problema, a elaboración de hipóteses e estratexias para a resolución de problemas, a comprensión da información (verbal-non verbal) e a comprobación sistemática das hipóteses establecidas.

A Educación Secundaria é, así mesmo, unha etapa na que os alumnos e as alumnas deben ser convenientemente introducidos no método científico. Ao final desta etapa, os alumnos e as alumnas estarán en condicións de comprender os elementos básicos que constitúen o método científico: observación, formulación de hipóteses, dedución de consecuencias e verificación de resultados.

Outra característica do desenvolvemento evolutivo durante a adolescencia é o crecente interese dos alumnos e as alumnas polo seu medio físico-social. Isto esixe inicialos no coñecemento profundo das relacións sociais, así como proporcionarlles unha educación acorde co sistema de valores establecido. A construción da propia identidade, a aceptación das posibilidades e os límites do propio corpo, a asimilación e a elaboración de significados culturais, así como o desenvolvemento dun nivel aceptable de autoestima, son aspectos dunha importancia capital a estas idades. Por este motivo, non poden ser esquecidos pola acción dos docentes.

En suma, os alumnos e as alumnas destas idades experimentan os cambios propios da adolescencia, que supoñen, á súa vez, procesos de reconstrución persoal neste momento transcendental do seu desenvolvemento.

1.3. FINALIDADES EDUCATIVAS DO PROXECTO CURRICULAR

Tendo en conta a situación actual da etapa, de acordo co proxecto de ANAYA EDUCACIÓN, o noso tenta ser un proxecto que se propón as seguintes finalidades:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
2. O desenvolvemento de hábitos intelectuais e habilidades técnicas de traballo, así como de coñecementos científico-técnicos e humanísticos.
3. A formación para participar activamente na vida sociocultural da súa comunidade, así como o fomento de actitudes de cooperación e solidariedade.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico e o fomento da igualdade de dereitos entre os sexos; o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
5. A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España e na defensa do medio.

2. O PROXECTO CURRICULAR

2.1. OS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

Se ben cada unha das áreas que compoñen o currículo da Educación Secundaria establece os seus propios obxectivos xerais, todas as áreas curriculares teñen como marco de referencia os obxectivos xerais da etapa. Estes obxectivos identifícanse coas capacidades que os alumnos e as alumnas teñen que desenvolver ao longo da etapa, como resultado da acción educativa intencionalmente planificada.

Os obxectivos da ESO caracterízanse polos seguintes trazos distintivos:

- a. Defínense como capacidades intelectuais ou cognitivas, afectivas ou morais, motrices, de relación interpersoal e de inserción social.
- b. Son o referente básico para planificar a práctica docente, ao orientar a selección e a secuencia dos contidos educativos e a realización das actividades ou tarefas.
- c. Hanse entender como instrumentos que guían o proceso de ensinanza-aprendizaxe, constituíndo a referencia clave para revisar e regular o currículo.
- d. Fan referencia a diversos tipos de aprendizaxes (conceptuais, procedementais e actitudinais).
- e. Admiten sucesivos niveis de concreción. Así, os obxectivos xerais da etapa concrétanse nos obxectivos de área, coa intención de precisar a achega que, desde cada unha das áreas, se debe facer para contribuír ao desenvolvemento das capacidades, definidas nos obxectivos xerais da etapa.

Estes obxectivos xerais da ESO cumpren tres funcións fundamentais:

1. Definen as metas que se pretenden alcanzar.
2. Axudan a seleccionar os contidos e os medios didácticos.
3. Constitúen o referente indirecto da avaliación.

Os alumnos e as alumnas, ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria, deberán acadar os seguintes obxectivos:

- a. Comprender e producir mensaxes orais e escritas en galego e castelán con propiedade, autonomía e creatividade e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe e a contribución desta á organización dos propios pensamentos.
- b. Comprender e expresarse con propiedade na lingua ou linguas estranxeiras obxecto de estudo.
- c. Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade, mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, para enriquecer as posibilidades de comunicación e reflexionar sobre os procesos implicados no seu uso.
- d. Obter e seleccionar información utilizando as fontes dispoñibles apropiadas, tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- e. Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e a experiencia mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- f. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, tendo en conta as súas capacidades, necesidades e intereses para tomar decisións, valorando o esforzo necesario para a superación das dificultades.
- g. Adquirir e desenvolver hábitos de respecto e disciplina como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas educativas e desenvolver actitudes solidarias e tolerantes con todas as persoas malia as diferenzas sociais, relixiosas, de sexo e de raza, superando prexuízos con espírito crítico, aberto e democrático.
- h. Analizar as leis e os procesos básicos que rexen a natureza, valorar as repercusións que as actividades humanas teñen sobre ela e contribuír á súa conservación e mellora.
- i. Coñecer os diferentes elementos básicos do corpo humano e comprender o seu funcionamento, así como as consecuencias para a saúde do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e a vida sa.
- k. Valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico e a súa incidencia no medio físico e social, e utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- l. Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes da cidadanía, e adoptar xuízos e actitudes persoais con respecto a estes.
- m. Coñecer e apreciar o patrimonio natural, cultural e lingüístico e contribuír á súa conservación e mellora, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto pola dimensión pluricultural e plurilingüística, entendida como un dereito dos pobos e os individuos.
- n. Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición valorándoos criticamente.

2.2. OS CONTIDOS

O termo “*contidos*” fai referencia expresa a aqueles elementos culturais que se considera especialmente relevante que coñeza o alumnado para potenciar e promover o seu desenvolvemento integral. Dous aspectos esenciais destacan na consideración dos contidos educativos: a) o papel da sociedade para determinar o que merece ser aprendido, e b) o carácter instrumental dos contidos.

A Constitución Española establece, no seu artigo 27, que as ensinanzas mínimas deben ser comúns a todos os alumnos e procurar a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe.

De acordo co Proxecto Curricular ANAYA, tomamos dúas decisións importantes con respecto aos contidos educativos da etapa, tendo en conta os decretos de mínimos (Real Decreto 3473/2000 e Decreto 233/2002 da Xunta de Galicia), que son:

1. A selección daqueles contidos que consideramos fundamentais ou básicos para o desenvolvemento das capacidades dos alumnos, así como a daqueles outros que, de maneira complementaria, poden contribuír ao seu desenvolvemento integral.

O obxectivo non é outro que atender á diversidade, calquera que sexa a necesidade educativa que o alumnado poida presentar.

Os criterios que tivemos en conta para a selección dos contidos educativos foron os seguintes:

- a. Déuselles prioridade a aqueles contidos cunha significatividade, a priori, máis relevante.
- b. Incluíronse matizacións ou precisións que consideramos necesarias nalgúns tipos de contidos.
- c. Incorporáronse aspectos ou contidos en función da súa especial significación.
- d. Estes criterios xerais establecéronse a partir dos seguintes “*criterios de necesidades*”:

-Necesidade dos currículos (boletíns).

-Necesidades prescritivas (compoñentes básicas do desenvolvemento: intelectual, afectiva, social, psicomotor, etc.). A súa carencia significa un déficit no individuo ou no grupo.

-Necesidades individualizadoras (opcións individuais, atención á diversidade, etc.).

-Necesidades de desenvolvemento: competencias, capacidades e talentos que é necesario optimizar. A falta de atención sobre estes constituiría unha perda para o individuo e para a sociedade.

2. A secuenciación de contidos curriculares por cursos, o que supón fixar niveis de aprendizaxe que faciliten o desenvolvemento das capacidades perseguidas nos obxectivos da etapa. A secuenciación establecida permite que o profesorado comprenda con claridade cáles son os contidos de cada ciclo e con que grao de profundidade deben ser traballados.

Os contidos son o conxunto de informacións que, dentro de cada programación, ensínanse e apréndense ao longo do proceso educativo. O desenvolvemento das capacidades humanas concrétese na adopción dos distintos tipos de contido.

Os ditos contidos son tanto máis adecuados e funcionais canto mellor contribúan a acadar os obxectivos propostos.

Esta secuenciación de contidos educativos realizouse tendo en conta os seguintes criterios:

– A súa adecuación ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

– A súa adecuación aos coñecementos e ideas previas dos alumnos e as alumnas.

– O equilibrio necesario entre os contidos educativos e as capacidades do alumno ou da alumna.

-- A interrelación significativa dos contidos escolares.

– A continuidade e progresión dos contidos de aprendizaxe.

– A lóxica interna da propia disciplina ou materia.

– ¿Para que ensinar? Obxectivos.

– ¿Que ensinar? Contidos.

– ¿Como ensinar? Metodoloxía.

- ¿Como aprenderán os alumnos? Actividades e tarefas.
- ¿Con que ensinar? Medios e recursos didácticos.
- ¿Como analizar os procesos de ensinanza? Avaliación.

Por outro lado, un termo tan amplo como “contidos” abrangue non só os aspectos puramente conceptuais, senón tamén os procedementais e actitudinais. As actividades ou experiencias de aprendizaxe son o conxunto de tarefas ou actuacións de toda índole que os alumnos e as alumnas deben realizar para acadar os obxectivos previstos e adquirir os contidos seleccionados. É importante dispoñer dun amplo e variado repertorio de actividades para atender —sen dificultades engadidas— ao estilo e ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna. Con isto, porén, non se pretende homoxeneizar os tempos de actividade e as tarefas propiamente ditas. Un mesmo tempo educativo pode e debe permitir a realización de actuacións diversas nun mesmo grupo de alumnos e alumnas.

Para a selección de actividades ou experiencias de aprendizaxe, propóñense os seguintes criterios operativos:

- Validez, isto é, relación entre experiencias e conduta desexada.
- Comprensividade, xa que os diferentes tipos de aprendizaxe esixen distintos tipos de experiencias.
- Variedade, para descubrir diferentes intereses, modalidades de aprendizaxe, ritmo de traballo, etc.
- Adaptación ao nivel xeral de desenvolvemento individual e do grupo.
- Estruturación en redes ou constelacións arredor dun plan xeral.
- Continuidade dentro da mesma competencia: entre a experiencia escolar e a extraescolar, dentro do mesmo tempo escolar.
- Relevancia para a vida cotiá do alumnado, xa que, xeralmente, os alumnos e as alumnas aprenden para responder ás súas necesidades.
- Participación: a planificación conxunta evita a aprendizaxe parcial.

De acordo co proxecto da Editorial Anaya, propoñémonos diferenciar varios tipos de actividades segundo a súa finalidade:

1. *Actividades previas e de motivación.* Tratan de pescudar as ideas, os intereses, as necesidades, etc. dos alumnos e das alumnas sobre os contidos que se van traballar. Con elas, suscítase a curiosidade intelectual e a participación de todos nas tarefas colectivas.
2. *Actividades de desenvolvemento.* Son aquelas previstas polas unidades de programación con carácter xeral para todo o alumnado.
3. *Actividades de reforzo.* Para aqueles alumnos e alumnas con ritmos de aprendizaxe máis lentos (alumnado con necesidades educativas especiais), é imprescindible a programación de actividades de reforzo que, de acordo coas súas características, faciliten o desenvolvemento das súas capacidades.
4. *Actividades de ampliación.* Son aquelas que fan posible que os alumnos e as alumnas sigan avanzando unha vez que realizaron satisfactoriamente as tarefas propostas nunha unidade de programación. Deberían deseñarse para alumnos e alumnas con ritmo de aprendizaxe “rápido”.
5. *Actividades de avaliación.* O profesorado debe deseñar estas actividades, sen que poidan ser percibidas polos alumnos e as alumnas como diferenciadas, para axustar permanentemente os procesos educativos.

2.3. A METODOLOXÍA NA ESO

A organización do proceso de ensinanza e aprendizaxe esíxelle ao profesorado da etapa adoptar estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a súa intervención

educativa. Con iso, non se pretende homoxeneizar a acción dos docentes, senón coñecer, e, se é posible, compartir os enfoques metodolóxicos que se van utilizar na aula.

Ademais das decisións últimas que o equipo docente debe tomar sobre os criterios para a organización do ambiente físico (espazos, materiais e tempos), os criterios de selección e utilización dos recursos didácticos, os criterios para determinar os agrupamentos dos alumnos, etc., parece aconsellable comentar cales son os principios de intervención didáctica que deben orientar as actuacións do profesorado desta etapa, de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe e da ensinanza. Esta concepción non se pode identificar con ningunha teoría en concreto, senón, máis ben, cun conxunto de enfoques que conflúen nuns principios didácticos: non se trata de prescricións educativas en sentido estrito, senón de liñas xerais, ideas-marco que orientan a intervención educativa dos docentes.

Tivemos en conta estes principios de intervención educativa, derivados da teoría da *aprendizaxe significativa* e que se poden resumir nos seguintes aspectos:

- a. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- b. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- c. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
- d. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
- e. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente xiran ao redor dunha regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas e funcionais. Por iso, cando se propón como ensinar na Educación Secundaria, débese adoptar unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente significativas.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unhas condicións. Estas foron integradas nos materiais curriculares, que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto desde un punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) como no que se refire á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e das alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno debe ser lóxica, comprensible e útil.
- c) Débense potenciar as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.
- d) Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, deben estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
- e) As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- f) É importante que os contidos escolares se agrupen ao redor de núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e desde ópticas con marcado carácter interdisciplinario.

2.4. A AVALIACIÓN

A avaliación é unha actividade imprescindible nos labores docentes. Toda acción educativa debe ir acompañada dun proceso que valore e introduza propostas de mellora e que guíe e informe aos participantes (profesorado, alumnado...) sobre o

desenvolvemento dos procesos educativos e das súas posibles modificacións, para conseguir con éxito os obxectivos que se propoñen.

Desde unha perspectiva actualizada da avaliación didáctica, a avaliación aparece como un instrumento ao servizo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, integrada no labor diario da aula e do centro educativo. Ademais, debe ser o punto de referencia na adopción de decisións que afecten á intervención educativa, á mellora do proceso e ao establecemento de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

A avaliación preséntase como unha actividade basicamente estimativa e investigadora. Por iso, facilita o cambio educativo e o desenvolvemento profesional dos docentes, pois afecta non só aos procesos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, senón tamén aos procesos de ensinanza e aos proxectos curriculares.

A aprendizaxe dos alumnos e das alumnas será un dos obxectivos da avaliación educativa, pero non o único. Iso non quere dicir que a avaliación se deba abandonar ou non se poida facer con rigor, senón que non se pode tratar dun xeito illado, pois forma parte do proceso educativo.

A avaliación proposta no presente Proxecto Curricular identifícase coas seguintes características:

1. *Deber ser continua.* A avaliación é un elemento inseparable do proceso educativo. Está inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no momento en que se producen, investigar as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensinanza e aprendizaxe.
2. *Debe ser integradora.* O carácter integrador da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria esixe ter en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos da etapa, a través das expresadas nos obxectivos das distintas áreas e materias. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos nesta etapa educativa será, pois, continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as áreas e materias do currículo.
3. *Debe ser formativa, cualitativa e contextualizada.* A avaliación estará vinculada ao seu medio e a un proceso concreto de ensinanza e aprendizaxe.

2.5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN.

Para avaliar e cualificar tanto aos alumnos da ESO como aos de Bacharelato, terase en conta fundamentalmente:

- A actitude que mostren cara á materia.
- A asistencia e o traballo na clase.
- A realización das tarefas encomendadas.
- A expresión oral e escrita.
- A redacción de traballos individuais e colectivos.
- A exposición de temas na aula.
- O resultado das probas escritas.
- A lectura obrigatoria dos libros.

O sistema de avaliación, tanto na ESO como no Bacharelato, será o de AVALIACIÓN CONTINUA no tocante á área de lingua; na área de literatura haberá as recuperacións correspondentes.

A nota da materia na ESO obterase sumando:

- a. a nota do exame ou a nota media dos exames, co valor dun 70 % na nota definitiva;

b. a nota da proba relativa á obra ou ás obras de lectura, co valor dun un 10 % na nota definitiva;

c. a nota dos traballos de clase (resumos, chamadas, intervencións...) co valor dun 20% na cualificación definitiva.

Conscientes de que nos primeiros cursos da ESO de modo especial, pero en todos os cursos en xeral, o noso alumnado chega con moi diversa preparación e nivel de capacidade intelectual, á hora de avaliar terase en conta o punto de partida e o nivel acadado por cada alumno ou alumna, fundamentalmente neste último apartado.

O Seminario acordou darlles carácter eliminatorio ás lecturas obrigatorias que se programen para cada curso, de tal xeito que o non superar o exame das lecturas acordadas para cada avaliación poderá ser motivo suficiente para que o profesor considere non acadados os obxectivos mínimos.

Ademais, para animar ao alumnado á participación no Proxecto Lector do Centro, decidiuse subir ata un límite máximo dun punto a participación activa no devandito proxecto. Esa participación activa pode comprobarse mediante elaboración de fichas de lectura, resumos, respostas a cuestionarios e a presenza efectiva nas reunións periódicas do grupo de lectura.

As faltas de asistencia ás probas que non se xustifiquen debidamente (certificado médico, xustificación presencial de pais, nais ou titores) poderán ser motivo da non repetición das citadas probas.

2.6. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA ESO.

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Xeralmente consistirán en modelos de exame utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia ou incluso de xogos como “Cifras e letras”, que dan unha medida bastante fiable da cultura e a capacidade intelectual do alumnado.

En caso de que sexa posible, por diversos motivos –informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase...-, ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

Unha vez detectados os problemas de determinados alumnos con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado e procederase en consecuencia ofrecéndolles clases de apoio, adaptacións curriculares, etc.

2.7. PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO DOS ALUMNOS QUE ASISTEN AOS PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA NA ESO.

Será basicamente o mesmo que para os alumnos pendentes que non asistan a tales programas, aínda que o profesorado que lles imparta clases poderá puntualos atendendo ás súas observacións e ás probas que lles realice, de xeito que pode seguir con eles a evolución normal dun curso cos seus exames parciais, sempre tendo en consideración a idea da avaliación continua.

2.8. PLAN DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A. CONTIDOS EXIXIBLES

Serán os indicados no apartado dos contidos mínimos de cada curso, pero terase en conta a materia impartida durante o curso anterior conforme quedou rexistrado na memoria de fin de curso.

B. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Entregaráselles ós alumnos pendentes unha serie de fotocopias de actividades con exercicios, modelos de exame, referencia ós aspectos teóricos máis importantes, a fin de que poidan preparar o mellor posible a materia que deben recuperar. Ofreceráselles a posibilidade de realizar traballos que axuden a subir a nota obtida nos exames. Os profesores do curso en que se atopen, ou o xefe de departamento no seu caso, estarán dispoñibles para axudar a realizar e para corrixir as actividades e os traballos. Se fose posible, un profesor impartiría algunha clase de recuperación nun horario adecuado –cousa difícil, tendo en conta que a maioría do noso alumnado depende do transporte escolar para acudir ao instituto e todas as horas lectivas están ocupadas-. Os profesores do curso en que se atopen, ademais, poden propoñerlles actividades de recuperación –non se esqueza que o alumnado pendente de cursos da ESO pode aprobar a materia pendente aprobando o curso superior.

C. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Os alumnos da ESO que teñan pendente de cursos anteriores a materia de Lingua Galega e Literatura realizarán unha proba global a finais de Xaneiro e outra no mes de Maio de non superaren a primeira delas. Se os alumnos pendentes aprobasen o curso no que están matriculados, quedaría aprobada a materia pendente do curso anterior.

D. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA AVALIACIÓN CONTINUA

Dado que poden aprobar a materia pendente ó superar o curso en que se atopen, e os profesores estarán especialmente atentos ó alumnado con materia pendente, a súa avaliación pode seguir os mesmos criterios que a dos alumnos do curso normal.

2.9. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR (NA ESO)

A non ser que os alumnos ou alumnas con materias pendentes teñan unhas dificultades especiais –en cuxo caso disporán, se é posible, dun profesor de apoio ou serán obxecto dunha adaptación curricular significativa-, non se ofrecerá nada especial xa que o profesorado do departamento estará pendente de valorar, animar e orientar a todo o alumnado que teña un curso de Lingua galega e literatura pendente e terá en conta o nivel do que parte e o esforzo realizado mediante a lectura, a realización de fichas, etc.

2.10. TEMPORALIZACIÓN

Procurarase sempre adaptar a materia abarcada en cada avaliación ó tempo dispoñible e a dificultade da materia explicada. Intentarase evitar a desproporción e, en caso de ser imposible impartir todos os contidos previstos, non se penalizará ó alumnado obrigándoo a preparar pola súa conta as unidades non explicadas. O profesorado fará todo o posible para que non quede nada fundamental por ensinar e, de ser necesario, resumirá ou incluso eliminará canto considere secundario. As probas de avaliación adaptaranse á materia impartida e procurarán ser fieis ós criterios da avaliación continua. Ao final do curso, o profesorado indicará, para que conste na memoria, qué parte do programa non foi visto ou foi tratado superficialmente, a fin de telo en conta nos exames extraordinarios e nas probas de pendentos do curso seguinte.

2.11. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A Educación en Valores e os Temas Transversais (no sucesivo, TT) non estiveron ausentes do currículo escolar. Aínda así, non figuraban de forma explícita nos contidos escolares, e entendíanse como aspectos que informaban do denominado "currículo oculto". A partir da LOXSE, recoñécese a importancia da ensinanza e a aprendizaxe dos valores e os TT na educación, e demándaselles aos centros, de forma prescritiva, a súa integración curricular.

O noso proxecto curricular, inspirado nos proxectos curriculares de Edicións Xerais de Galicia e a Editorial Anaya, ten presente que os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación cultural do seu alumnado, senón que inclúen, ademais, a formación cívico-ética dos alumnos e das alumnas en todos aqueles valores aos que aspira a sociedade. De aí que o desenvolvemento do Proxecto Curricular nas distintas áreas que configuran a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria teña en conta non só aspectos conceptuais e/ou habilidades ou procedementos que o alumnado debe adquirir, senón tamén as actitudes, os valores e as normas que será aconsellable traballar desde o punto de vista educativo.

A Educación en Valores perfílase como a resposta máis axeitada e inmediata que o noso sistema educativo ofrece a unha educación democrática e plural. Conscientes diso, contemplamos os TT como eixes estruturadores dunha Educación en Valores.

Conscientes da súa contribución á formación integral dos alumnos e das alumnas, temos en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos de coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque multidisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos coma nos contidos de todas as áreas e materias que conforman o currículo da ESO.

En suma, o noso proxecto curricular asume e trata os Temas Transversais e a Educación en Valores non como un anexo ou complemento, senón como algo inherente e intrínseco ao propio Proxecto e que podemos resumir nos seguintes ámbitos:

- Educación Moral e Cívica
- Educación para a Paz
- Educación para a Saúde e a Calidade de Vida
- Educación para a Igualdade entre os Sexos
- Educación Ambiental
- Educación Sexual
- Educación do Consumidor

- Educación para o Lecer
- Educación Viaria

TEMAS TRANSVERSAIS NA E.S.O.

Educación ambiental.

- Aprender a amar e respecta-la natureza.
- Ser conscientes de que hai que a defender, e coñece-los medios que se poden empregar a tal fin.
- Desenvolver un espírito crítico fronte a estes temas.

Educación moral e cívica

- Reflexionar sobre distintos aspectos humanos.
- Aprender a reflexionar sobre as implicacións morais e humanas das accións propias e dos demais.
- Reflexionar sobre a importancia da linguaxe.
- Aprender a respectar e valorar outras linguas e culturas.

Educación do consumidor

- Reflexionar acerca da sociedade de consumo.
- Aprender a ser consumidores.
- Observar criticamente o carácter excesivamente consumista e materialista dunha sociedade na que se sobrevaloran a riqueza, os obxectos de luxo, os obxectos que revelan un alto nivel de vida.
- Saber enfrontarse a unha sociedade na que imperan os devanditos valores.
- Concienciar ó alumnado da necesidade dunha actitude crítica ante a publicidade que aparece contantemente nos medios de comunicación.
- Facer consciente ó alumnado do bo uso que se pode facer deses medios.
- Reflexionar sobre a importancia que ten o saber seleccionar aquilo que se le e ve.
- Aprender a respecta-los gustos dos demais.
- Reflexionar sobre a importancia de saber emprega-lo diñeiro.
- Reflexionar sobre a importancia de compartí-los bens propios cos demais, e, en especial, con aqueles que máis o necesitan.

Educación para o espírito europeo

- Reflexionar sobre a importancia do coñecemento dos distintos países que forman a Comunidade Europea.
- Reflexionar sobre a importancia de coñece-la súa historia e maila propia.
- Reflexionar sobre a importancia das boas relacións entre os distintos países membros.

Cooperación internacional

- Reflexionar sobre a importancia da cooperación internacional, isto é, a axuda entre os distintos países.

Educación moral e cívica. / Educación para a igualdade.

- Coñecerse máis a si mesmos.
- Coñecer máis e mellor os seus compañeiros.
- Reflexionar sobre o dereito de tódalas persoas á educación.
- Coñece-los sistemas educativos propio e doutros países.
- Aprender a respecta-lo outro independentemente da súa idade, sexo, raza, relixión...

- Aprender a escoita-las opinións, historias, etc. doutros.

Educación para a paz. / Educación moral e cívica

- Ser conscientes da importancia dun comportamento cívico en tódolos ámbitos da vida.
- Reflexionar sobre as repercusións que poden ter certos actos non cívicos.
- Aprender a respecta-los gustos e opinións dos outros.
- Aprender a dialogar.

Educación ambiental. / Educación para a saúde. Educación sexual

- Reflexionar sobre a importancia que ten levar unha dieta equilibrada.
- Reflexionar sobre os problemas que pode ocasionar non ter uns bos hábitos alimenticios.
- Coñecer máis e mellor a xente que está con eles día a día.
- Reflexionar sobre a importancia do sexo na saúde.
- Coñecer e respectar as distintas opcións sexuais dentro dun marco de normas morais compartidas.

Educación viaria

- Reflexionar sobre a vinculación entre posesión e disfrute de automóbil e status.
- Analiza-la relación entre os distintos modelos de automóbil e a cultura vial dos seus conductores.

2.12. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial, que caracteriza a especie humana, é unha realidade evidente que condiciona todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa os docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión “*atención á diversidade*” non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, alumnos con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os alumnos e alumnas escolarizados en cada grupo-clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e das alumnas débese garantir desde o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumno concreto).

Así, o Proxecto Curricular de etapa configúrase como o primeiro nivel de adaptación do currículo. O carácter opcional dalgunhas áreas no último ano, o progresivo carácter optativo ao longo da etapa, os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo, as adaptacións curriculares, a diversificación curricular e os programas de garantía social son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se presentan no proceso educativo.

A Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo responde á diversidade co concepto de *adaptación curricular*. Non se propón un currículo especial para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos alcancen, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Para atender á diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

Medidas de atención á diversidade

ORDINARIAS:

- A) A ADAPTACIÓN DO CURRÍCULO DA ESO.
- B) O REFORZO EDUCATIVO.
- C) A OPTATIVIDADE.
- D) A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A INTEGRACIÓN ESCOLAR.

ESPECÍFICAS:

- A) AS ADAPTACIÓN CURRICULARES.
- B) AS DIVERSIFICACIÓN CURRICULARES.
- C) OS PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL OU EQUIVALENTES.

No primeiro ciclo da ESO poñerase especial énfase nas adaptacións curriculares e nas clases de reforzo mentres que no segundo ciclo terán protagonismo os grupos de Diversificación Curricular, cuxa programación expoñemos no lugar correspondente. Na medida do posible, intentarase preparar un material educativo especial para aqueles alumnos que, por diversas circunstancias, non poidan acadar o nivel mínimo esixible nos correspondentes cursos. Edicións Xerais de Galicia e a Editorial Anaya –das cales escollemos como libros de texto os de primeiro e segundo e terceiro e cuarto, respectivamente- teñen preparados cadernos de exercicios fotocopiabes que poden ser de gran utilidade.

2.13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A nosa contribución ó plan de convivencia do centro está relacionada, por unha parte, co tratamento dos temas transversais, polo quen os remitimos ao xa expresado no apartado 2.11 desta programación. Polo tanto, toda a acción educativa do noso departamento terá como obxectivo a formación humana do noso alumnado e fomentará valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e o respecto aos demais. Na medida da nosas posibilidades, axudaremos a resolver os problemas derivados das malas condutas e fomentaremos a harmonía e o respecto mutuo dentro e fóra da aula.

Por outra parte, e noutro plano ben diferente, xunto co equipo de normalización lingüística, dispoñémonos á corrección do texto do devandito plan.

2.14. FOMENTO DA LECTURA

Dende moitos anos atrás o noso departamento vénlle concedendo gran importancia á lectura, especialmente nos cursos da ESO. Participamos activamente no club de lectura organizado no noso centro nos dous cursos anteriores e estamos dispostos a continuar participando no presente. Como xa se indicou, a lectura de determinadas obras pode ser fundamental tanto para aprobar a nosa materia como para subir a nota.

2.15. FOMENTO DAS TIC

Cada vez máis procuramos introducir as novas técnicas e os novos instrumentos para a adquisición e intercambio de información nas aulas. Cando sexa posible, acudírase a Internet a fin de que o noso alumnado saiba onde adquirir información fóra da aula ou complementa a información ofrecida nas clases. Intentaremos mesturar a maneira tradicional de impartir as clases coa apertura ós medios de que os alumnos e alumnas dispoñen habitualmente para adquirir coñecementos. Por exemplo, para complementar as clases acudiremos a páxinas da Internet, películas, discos, xornais, revistas... Agardamos deste xeito darlle novidade ás clases, aproximar ó alumnado á materia que deben aprender dunha maneira que normalmente lles agrada e demostrar que os coñecementos impartidos teñen relación co mundo que nos rodea.

3. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

3.1. INTRODUCCIÓN

A área de Lingua galega e literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e está orientada cara aos seguinte aspectos:

- Aprendizaxe instrumental do idioma.
- Capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas (ámbito escolar, social, cultural e profesional) mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
- Comprensión da realidade lingüística de Galicia, adoptando unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

A ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e de representación, así como a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica.

Os bloques de comunicación oral e escrita céntranse sobre todo no traballo lingüístico das relacións interpersoais e sociais e nas habilidades comunicativas precisas en todas as áreas curriculares, así como no emprego activo dos medios de comunicación e das tecnoloxías da sociedade da información.

Canto ao bloque de funcionamento da lingua, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso, e as propiedades textuais son un dos piares básicos. A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia este carácter progresivo na aprendizaxe (que ten sido descrito coa metáfora da espiral), na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

No bloque de lingua e sociedade incídese na lingua como transmisora de significados culturais. O alumnado debe comprender e valorar a realidade plurilingüe en que nos movemos, superando os prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas e encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

A literatura debe ser abordada dende diferentes perspectivas, de xeito que contribúa á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos. A incorporación ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E, nesa aprendizaxe multifuncional da lingua, ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos, e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Na práctica da aula é preciso integrar procedementos, conceptos e actitudes, ademais de traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir de forma comprensiva).

A aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, os compañeiros/as e os profesores/as doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado. Esta aprendizaxe non formal presentará resultados moi diferentes en función das características sociolingüísticas do estudantado. Faise necesario, polo tanto, partir da análise da realidade de cada centro, de maneira que estas variables se teñan en conta para atender á diversidade e se deseñen aprendizaxes válidas para todos e cada un dos alumnos e alumnas. En calquera caso, recoméndase poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación que o centro poña a disposición da comunidade educativa, e mais fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

En relación coa aprendizaxe non formal da lingua, cabe sinalar tamén que cumprirá traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interaccións entre iguais de maneira organizada. O traballo por proxectos que impliquen varias disciplinas é, neste sentido, de grande utilidade. Fundamentalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro: faise preciso buscar a complementariedade das programacións e evitar repeticións innecesarias dos aspectos máis teóricos, o uso de terminoloxías diverxentes para referirse aos mesmos fenómenos, causa de enorme confusión, etc. Sobre todo, hai que buscar a maneira de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o estudantado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

Todas as materias do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos da materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

3.2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA ETAPA

- 1 -Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- 2 -Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- 3 -Expresarse por escrito de xeito correcto, co² nte, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- 4 -Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- 5 -Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

6 -Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

7 -Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

8 -Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.

9 -Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

10 -Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

11 -Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

12 -Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

3.3. COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA

Competencia en comunicación lingüística

-Adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

Competencia social e cidadá

-Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

-Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.

-Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

Competencia no tratamento da información dixital

-Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...

-Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

Competencia cultural e artística

-Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.

-Coñecemento e valoración da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala como unha riqueza cultural.

Competencia para aprender a aprender

-Perfeccionamento da lectura comprensiva.

-Organización das ideas mediante resumos e esquemas.

- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

Autonomía e iniciativa persoal

- Intervención en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da linguaxe como ferramenta para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

4. PRIMEIRO CURSO DA ESO

4.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 1º DE ESO

1 -Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos de distintos ámbitos, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

2 -Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos de distintos ámbitos, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

3 -Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

4 -Elaborar narracións e descripcións seguindo un modelo, así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

5 -Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.

6 -Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.

7 -Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.

8 -Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

9 -Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñecer e usar os dereitos lingüísticos.

10 -Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.

11 -Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.

12 -Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar.

4.2. CONTIDOS DE 1º DE ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación, especialmente de novas de actualidade próximas aos intereses do alumnado.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes dos informativos dos medios de comunicación. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación.
- Narración oral coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC a partir dun guión preparado previamente, incluíndo descrições sinxelas, ideas e valoracións relativas aos feitos expostos.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións, exposición de conclusións...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado ás mesmas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva aplicadas, por exemplo, á expresión e recepción de sentimentos positivos.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos dende o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias relacionadas coa vida cotiá, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e aos elementos paratextuais.

- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativos e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización dirixida da biblioteca do centro e das TIC para obter tanto información como modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das informacións dos xornais.
- Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións e normas, mensaxes de chat ou de correo electrónico.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación impresos ou dixitais, especialmente noticias.
- Composición de textos propios do ámbito académico, especialmente conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuadas, resumos, esquemas e exposicións sinxelas.
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través das modalidades oracionais.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos mecanismos de cohesión textual como a deixé persoal, a actualización e a referencia interna de tipo gramatical e mais dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Indución das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica mediante a lectura de textos.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

-Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

-Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

-Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio...), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.

-Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística no ámbito do ensino e exercicio de reclamación de dereitos lingüísticos como alumno/a por medio de diferentes intervencións orais, en simulacións ou exposicións, e escritas.

-Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.

-Observación das principais diferenzas, contextuais e formais, entre usos de distintos niveis e rexistros, tanto na oralidade como na escrita.

Bloque 5. Educación literaria

-Selección guiada e lectura orientada de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.

-Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o uso dos recursos estilísticos principais do nivel semántico e os que conforman o ritmo poético.

-Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de diferentes textos narrativos breves, recoñecendo a funcionalidade dos elementos formais básicos.

-Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, apreciando os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

-Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros.

-Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.

-Análise doutras linguaxes estéticas: o cómic.

-Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

4.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 1º DE ESO

- 1 -Extrae a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- 2 -Extrae a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- 3 -Realiza exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- 4 -Elabora narracións e descripcións seguindo un modelo así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planifica e revisa os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- 5 -Consulta, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.
- 6 -Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
- 7 -Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.
- 8 -Observa os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- 9 -Recoñece a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñece e usa os dereitos lingüísticos.
- 10 -Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.
- 11 -Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- 12 -Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar.

4.4. PROGRAMACIÓN DE AULA POR UNIDADES (de acordo co libro de Edicións Xerais de Galicia)

UNIDADE 1

1. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto narrativo e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Empregar no seu adecuado contexto a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os distintos elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.
- Diferenciar a linguaxe verbal da non verbal, así como a lingua escrita da lingua oral.
- Recoñecer os nomes das enfermidades máis comúns e das principais especialidades médicas.
- Recoñecer a diferenza entre texto, parágrafo, oración, frase e palabra.
- Comprender a diversidade lingüística existente no mundo.
- Identificar as letras e dígrafos que forman o alfabeto galego.
- Coñecer as características que debe presentar un texto coherente e cohesionado.

1. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Elaboración de traballos en equipo sobre temas de actualidade: recollida de información, análise dos datos e exposición oral planificada.
- Elaboración de textos escritos (carta) tendo en conta a adecuación, a coherencia, a cohesión, e a presentación.
- Ampliación do léxico mediante o traballo con frases feitas.
- Análise, interpretación e recoñecemento dos elementos que interveñen en diferentes actos de comunicación.
- Identificación dos códigos (verbais / non verbais) de diferentes situacións comunicativas.
- Ampliación do léxico propio do campo temático tratado (a saúde e as doenzas).
- Utilización do sufixo *-ite* nos nomes de enfermidades a partir do correspondente étimo latino.
- Recoñecemento de textos, párrafos, oracións (simples, compostas), frases e palabras a partir dun texto dado.
- Elaboración de oracións compostas a partir de oracións simples.
- Análise das diferentes linguas existentes no mundo e do seu proceso de espallamento ou de substitución.
- Identificación das letras e dígrafos do galego a partir dun texto dado.
- Recoñecemento da coherencia e da cohesión como propiedades imprescindibles que deben posuír todos os textos para que teñan unidade e sentido.

1. c) Contidos

- O proceso comunicativo. Elementos que interveñen no proceso comunicativo.
- A linguaxe. Linguaxe verbal e linguaxe non verbal.
- A lingua. Lingua oral e lingua escrita.
- A saúde e as doenzas.
- O texto, o parágrafo, a oración (simple e composta), a frase, a palabra.
- As linguas do mundo: diversidade lingüística e familias lingüísticas.
- O alfabeto: as letras e os dígrafos.
- Coherencia e cohesión textual.

1. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.

- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica os distintos elementos que interveñen en calquera acto de comunicación.
- Coñece a diferenza entre a linguaxe verbal e a non verbal, así como entre a lingua escrita e a lingua oral.
- Recoñece os nomes das enfermidades máis comúns e das principais especialidades médicas.
- Recoñece a diferenza entre texto, parágrafo, oración, frase e palabra.
- Comprende a diversidade lingüística existente no mundo.
- Identifica as letras e dígrafos que forman o alfabeto galego.
- Explica cales son as características que debe presentar un texto coherente e cohesionado.

UNIDADE 2

2. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva.
- Identificar as ideas principais e as partes dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Elaborar textos creativos tendo en conta unha estrutura dada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Recoñecer os usos figurados de determinadas palabras.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Recoñecer as características fundamentais dunha narración de tradición oral.
- Identificar a estrutura dun texto narrativo.
- Recoñecer os nomes das partes exteriores da casa.
- Recoñecer o suxeito e o predicado.
- Recoñecer as sílabas tónicas das palabras.
- Explicar cando se deben acentuar e cando non as palabras.
- Recoñecer un texto coherente.

2. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Elaboración de resumos tendo en conta as partes en que se divide un texto.
- Lectura de contos populares e elaboración de textos creativos.
- Investigación e recompilación de información sobre lendas propias de cada comarca.
- Identificación das distintas partes dun texto narrativo, atendendo ao seu desenvolvemento lineal.
- Lectura crítica de textos narrativos sobre temas de actualidade.
- Creación de textos narrativos tendo en conta un tema determinado.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (a casa por fóra).
- Identificación de sufixos aumentativos, despectivos e diminutivos.
- Identificación e recoñecemento do suxeito e do predicado das oracións, así como das unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Uso con corrección das regras de acentuación.
- Elaboración de textos coherentes.

2. c) Contidos

- A narración de tradición oral.
- Características dos textos narrativos: personaxes, espazo, tempo, acontecementos, voz narradora e estrutura.
- As partes do exterior da casa.
- O suxeito: unidades que desempeñan a función de suxeito.
- O predicado: unidades que desempeñan a función de predicado.
- Regras de acentuación ortográfica.
- Palabras monosílabas.
- Palabras agudas, graves e esdrúxulas.

- Ditongo e hiato.
- Características dun texto coherente.

2. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais e as partes dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Elabora textos literarios tendo a conta unha estrutura dada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Recoñece os usos figurados de determinadas palabras.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Recoñece as características fundamentais dunha narración de tradición oral.
- Identifica as diferentes partes da estrutura dun texto narrativo.
- Recoñece os nomes das distintas partes exteriores da casa.
- Recoñece nun texto determinado o suxeito e o predicado.
- Recoñece as sílabas tónicas das palabras.
- Explica cando se deben acentuar e cando non as palabras agudas, graves e escritúculas.
- Recoñece un texto coherente.

UNIDADE 3

3. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva.
- Identificar as ideas principais e as partes dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Empregar o léxico con precisión.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar a lingua literaria.
- Diferenciar os xéneros literarios (narrativa, poesía, teatro).
- Distinguir os nomes das partes do corpo humano.
- Recoñecer o complemento directo, o indirecto e o circunstancial nun texto dado, así como as unidades que desempeñan estas funcións.
- Identificar e valorar as distintas linguas da Península Ibérica, así como as semellanzas e diferenzas que existen entre elas.
- Coñecer cando e por que se debe empregar correctamente o til diacrítico.
- Recoñecer as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.

3. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Identificación dos elementos dun texto narrativo, así como das distintas partes da súa estrutura.
- Elaboración de esquemas e resumos tendo en conta a estrutura característica dunha narración.
- Elaboración de textos narrativos onde se empreguen imaxes de creación propia para describir elementos do contorno do alumno/a.
- Identificación e análise das características da lingua literaria.
- Recoñecemento dos diferentes xéneros literarios (textos narrativos, dramáticos e líricos) a partir das características que presentan.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (as partes do corpo).
- Creación de adxectivos a partir de substantivos engadindo o sufixo *-al / -ar*.
- Identificación e recoñecemento dos complementos dunha oración (directo, indirecto, circunstancial), así como das unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Interese polas diferentes linguas da Península Ibérica, valorando as súas semellanzas e diferenzas.

- Respecto polas manifestacións lingüísticas da Península distintas do galego.
- Identificación e uso correcto das palabras que levan til diacrítico nos textos de elaboración propia.
- Identificación dos principais mecanismos de cohesión textual.

3. c) Contidos

- Diferenzas entre lingua literaria e lingua non literaria
- As características da lingua literaria.
- Os xéneros literarios, características e diferenzas: textos narrativos, textos dramáticos e textos líricos.
- As partes do corpo humano.
- Os dedos da man.
- A derivación adxectiva a partir de substantivos: o sufixo *-al / -ar*.
- O complemento directo: unidades que desempeñan a función de complemento directo.
- Verbos transitivos e verbos intransitivos.
- O complemento indirecto: unidades que desempeñan a función de complemento indirecto.
- O complemento circunstancial: unidades que desempeñan a función de complemento circunstancial.
- As linguas da Península: semellanzas e diferenzas entre o galego, o portugués, o catalán, o castelán e o éuscaro.
- O til diacrítico.
- Procedementos de cohesión textual.

3. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais e as partes dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Emprega o léxico con precisión.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica as peculiaridades que presenta a lingua literaria.
- Diferencia os tres xéneros literarios (narrativa, poesía, teatro).
- Distingue os nomes de cada unha das partes do corpo humano.
- Recoñece o complemento directo, o indirecto e o circunstancial nun texto dado, así como as unidades que desempeñan esas funcións.
- Identifica as distintas linguas da Península Ibérica, así como as semellanzas e diferenzas que existen entre elas.
- Coñece cando e por que se debe empregar correctamente o til diacrítico.
- Recoñece as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.

UNIDADE 4

4. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (cómic).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Traballar en equipo e buscar información de temas de actualidade, coa finalidade de realizar unha exposición oral planificada.
- Empregar o léxico con precisión.
- Ampliar información sobre autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet que se propoñen.
- Identificar a utilización nos cómics das elipses narrativas, os tipos de plano, as onomatopeas, os signos cinéticos, etc.
- Elaborar un cómic.
- Recoñecer os nomes das partes da cabeza, do ollo e da boca.
- Recoñecer as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprender o xénero do substantivo e as regras de formación do feminino.

- Comprender o número do substantivo e as regras de formación do plural.
- Recoñecer a frase nominal e a frase substantiva, así como os elementos de que están compostas.
- Recoñecer as sílabas que forman as palabras, e os distintos tipos de palabras dependendo do número de sílabas.
- Diferenciar o ditongo, o tritongo e o hiato.
- Recoñecer e empregar con corrección a anáfora e a deixé como mecanismos de cohesión textual.

4. b) Competencias básicas

- Comprensión e análise de distintos aspectos dun texto.
- Comprensión do sentido global dun cómic, con identificación dos grandes temas que estean presentes nel.
- Recoñecemento e análise dos elementos que conforman a linguaxe do cómic.
- Construción de sinxelos cómics, utilizándoos como medio para a narración de experiencias ou creacións persoais.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (a cabeza e os sentidos).
- Creación de adxectivos a partir de substantivos engadindo o sufixo *-udo / -uda*.
- Identificación e clasificación de substantivos dependendo do significado, do xénero e do número.
- Recoñecemento, diferenciación e análise sintáctica de frases nominais e frases substantivas.
- Clasificación das palabras dependendo do número de sílabas que as forman.
- Recoñecemento dos ditongos, tritongos e hiatos.
- Localización e recoñecemento da anáfora e a deixé, como mecanismos de cohesión textual.

4. c) Contidos

- Os cómics.
- As viñetas, as tiras e as elipses narrativas.
- Encadre e diferentes tipos de plano.
- Diferentes tipos de globo e o seu significado; texto de apoio.
- As onomatopeas e os signos cinéticos.
- Principais pasos para a elaboración dun cómic.
- As partes da cabeza.
- As partes do ollo.
- As partes da boca.
- O sufixo *-udo / -uda*.
- O substantivo.
- Clasificación semántica do substantivo.
- O xénero: substantivos variables e invariables. A formación do feminino.
- O número: a formación do plural.
- Substantivos colectivos.
- A frase nominal e a frase substantiva, elementos que as compoñen.
- A sílaba: sílabas átonas e sílabas tónicas.
- Palabras monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas.
- Ditongo, tritongo e hiato.
- Cohesión textual: anáfora (ou repetición) e deixé.

4. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética.
- Realiza a lectura comprensiva dun cómic.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Realiza traballos en equipo de busca de información de temas de actualidade, con exposición oral na clase.
- Emprega o léxico con precisión.
- Amplía información sobre autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica e explica a utilización das elipses narrativas, os diferentes tipos de plano, as onomatopeas, os signos cinéticos, etc. de diversos cómics.
- Realiza un cómic a partir dunhas instrucións determinadas.
- Recoñece os nomes das partes da cabeza, do ollo e da boca.
- Recoñece as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprende o xénero do substantivo e as distintas regras de formación do feminino.

- Comprende o número do substantivo e as distintas regras de formación do plural.
- Recoñece a frase nominal e a frase substantiva, e os elementos que as compoñen.
- Recoñece as sílabas que forman as palabras, e os distintos tipos de palabras dependendo do número de sílabas que teñan.
- Diferencia o ditongo, o tritongo e o hiato.
- Recoñece e emprega con corrección a anáfora e a deixé como mecanismos de cohesión textual.

UNIDADE 5

5. a) Obxectivos didácticos

- Realizar unha lectura comprensiva e crítica de textos xornalísticos.
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Diferenciar os principais xéneros xornalísticos: noticia, crónica, reportaxe, entrevista...
- Recoñecer as distintas seccións dun xornal, segundo o tema que tratan.
- Diferenciar as distintas partes da primeira páxina dun xornal.
- Recoñecer as distintas partes en que se estrutura unha noticia.
- Recoñecer o tipo de información (obxectiva ou subxectiva) que nos ofrecen os titulares da noticias.
- Recoñecer os nomes de alimentos e utensilios empregados para comer.
- Identificar os tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os graos en que se poden presentar (positivo, comparativo, superlativo).
- Recoñecer a frase adxectiva e os elementos de que está composta.
- Diferenciar os rexistros da lingua e as situacións comunicativas en que debe ser empregado cada un.
- Identificar os casos en que se debe empregar a diérese.
- Recoñecer e usar con corrección a substitución como mecanismo de cohesión textual.

5. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise de distintos aspectos dun texto (textos xornalísticos).
- Identificación das distintas seccións dun xornal e do esquema que deben seguir habitualmente as noticias.
- Análise formal dos titulares periodísticos, distinguindo entre os informativos e os valorativos.
- Observación crítica de distintos formatos de xornais (electrónicos e convencionais), diferenciando a opinión da información e detectando posibles incorreccións formais e estilísticas.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (os alimentos).
- Recoñecemento e diferenciación dos distintos tipos de adxectivos (explicativos ou epítetos e especificativos).
- Identificación e formación dos distintos graos que presenta o adxectivo (positivo, comparativo e superlativo).
- Identificación e análise sintáctica de frases adxectivas.
- Recoñecemento dos rexistros da lingua (culto, coloquial e vulgar) e dos contextos en que se debe empregar cada un.
- Uso correcto da diérese.
- Recoñecemento e correcto emprego da substitución como mecanismo de cohesión textual.

5. c) Contidos

- Os xornais.
- Diferenzas entre os principais xéneros xornalísticos: noticia, entrevista, crónica e reportaxe.
- As diferentes seccións dun xornal.
- As partes da primeira páxina dun xornal: sumario, cabeceira, noticia principal, fotografía, publicidade.
- As partes dunha noticia: titulares (antetítulo, subtítulo e título) e texto da noticia (entrada e corpo).
- Diferenza entre titulares informativos e titulares valorativos.
- Nomes de alimentos e dos instrumentos empregados para comer.
- Os préstamos léxicos.
- O adxectivo.
- Adxectivos explicativos (ou epítetos) e adxectivos especificativos.
- Os distintos graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo.

- A frase adxectiva, elementos de que está composta.
- Características que presentan os diferentes rexistros da lingua: rexistro culto, rexistro coloquial e rexistro vulgar.
- A xerga.
- A diérese.
- Cohesión textual: a substitución.

5. d) Criterios de avaliación

- Realiza unha lectura comprensiva e crítica de textos xornalísticos.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Diferencia os principais xéneros xornalísticos: noticia, crónica, reportaxe, entrevista...
- Recoñece as distintas seccións dun xornal, segundo cal sexa o tema que traten.
- Diferencia as distintas partes da primeira páxina dun xornal.
- Recoñece as distintas partes en que se estrutura unha noticia.
- Recoñece o tipo de información (obxectiva ou subxectiva) que nos ofrecen os titulares da noticias.
- Recoñece os nomes de distintos alimentos e utensilios empregados para comer.
- Identifica os diferentes tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os distintos graos en que se poden presentar (positivo, comparativo, superlativo).
- Recoñece a frase adxectiva e os elementos de que está composta.
- Diferencia os distintos rexistros da lingua e as situacións comunicativas en que debe ser empregado cada un.
- Identifica os casos en que se debe empregar a diérese.
- Recoñece e utiliza con corrección os distintos tipos de substitución como mecanismo de cohesión textual.

UNIDADE 6

6. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto informativo).
- Coa axuda do profesorado, recoñecer e empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para recabar información e crear os propios textos.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar e diferenciar as cartas persoais, as cartas á dirección, o correo electrónico e as mensaxes SMS.
- Recoñecer os nomes dos distintos produtos da horta.
- Comprender a diferenza entre os determinantes e os pronomes.
- Identificar as formas dos artigos e a función que desempeñan, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identificar as formas dos demostrativos e a función que desempeñan, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Recoñecer e usar con corrección os grafemas *c*, *z* e *qu*.
- Recoñecer e utilizar con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

6. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise de distintos aspectos dun texto (texto informativo).
- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Identificación das distintas partes dun blog.
- Creación dun blog, coa axuda do profesorado.
- Redacción de textos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Diferenciación e elaboración de distintos tipos de cartas (persoais, á dirección, correo electrónico, SMS...), segundo as características que presenten.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (os produtos da horta).

- Identificación de determinantes (artigos e demostrativos), así como das contraccións que realizan con algunhas preposicións.
- Uso correcto de *c*, *z* e *qu*.
- Emprego con corrección dos conectores textuais como mecanismos de cohesión textual.

6. c) Contidos

- As cartas.
- Características e diferentes partes das cartas persoais.
- Características das cartas á dirección dun xornal.
- Características e diferentes partes do correo electrónico.
- Características das mensaxes SMS.
- Os produtos da horta.
- Sufixos con valor colectivo.
- Os determinantes. Diferenza entre determinantes e pronomes.
- Os artigos: artigos determinados e artigos indeterminados.
- Contracción do artigo con preposición.
- Os demostrativos.
- Contracción dos demostrativos con preposición.
- Uso de *c*, *z* e *qu*.
- Os conectores textuais.

6. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto informativo.
- Coa axuda do profesorado, recoñece e emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para recabar información e crear os propios textos.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica e diferencia as cartas persoais, as cartas á dirección, o correo electrónico e as mensaxes SMS.
- Recoñece os nomes dos distintos produtos da horta.
- Comprende a diferenza entre os determinantes e os pronomes.
- Identifica as formas dos artigos e a función que desempeñan, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Identifica as formas dos demostrativos e a función que desempeñan, así como as contraccións que se producen con determinadas preposicións.
- Recoñece e usa con corrección os grafemas *c*, *z* e *qu*.
- Recoñece e utiliza con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

UNIDADE 7

7. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar textos literarios e descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar a voz narradora de distintos textos narrativos.
- Recoñecer os nomes e o significado de diversos tipos de deportes e de elementos que forman parte do atletismo.
- Identificar as formas e as funcións que desempeñan os posesivos, os numerais e os indefinidos.

- Sinalar distintas situacións da vida cotiá onde se manifesten actitudes de cambio de lingua dependendo do contexto en que se produza o proceso comunicativo.
- Utilizar con corrección o grafema *h*.
- Empregar con corrección a técnica do subliñado que permite resaltar as ideas máis importantes dun texto.

7. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise de distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Elaboración de textos creativos propios tendo en conta as características dos textos narrativos.
- Elaboración de textos descritivos adecuados ás características propias deste tipo de textos.
- Identificación da voz narradora dun texto narrativo, así como do punto de vista dende o que se conta a historia.
- Elaboración de textos narrativos tendo en conta uns personaxes, un espazo, un tempo e uns acontecementos determinados.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o atletismo).
- Aplicación dos prefixos aprendidos para crear novas palabras derivadas que se incorporarán ao vocabulario.
- Identificación de determinantes (posesivos, numerais e indefinidos), así como as contraccións que algúns deles realizan con certas preposicións.
- Análise da utilización social do galego e do castelán, identificando as normas implícitas que a regulan e desvelando os prexuízos subxacentes.
- Utilización correcta do grafema *h*.
- Aplicación do subliñado como técnica da escrita que permite resaltar as ideas máis importantes dun texto.

7. c) Contidos

- A voz narradora.
- O punto de vista narrativo.
- Narración en terceira persoa e narración en primeira persoa.
- Os deportes: atletismo.
- Os prefixos.
- Os posesivos. Diferenza entre posuidor e posuído.
- Os numerais: cardinais, ordinais, multiplicativos, partitivos e colectivos.
- Os indefinidos.
- As actitudes lingüísticas.
- Uso de *h*.
- Técnicas da escrita: o subliñado.

7. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora textos literarios e descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica a voz narradora de distintos textos narrativos.
- Recoñece os nomes e o significado de diversos tipos de deportes e de elementos que forman parte do atletismo.
- Identifica as formas e as funcións que desempeñan os posesivos, os numerais e os indefinidos.
- Sinala distintas situacións da vida cotiá onde se manifesten actitudes de cambio de lingua dependendo do contexto en que se produza o proceso comunicativo.
- Utiliza con corrección o grafema *h*.
- Emprega correctamente a técnica do subliñado para resaltar as ideas máis importantes dun texto.

UNIDADE 8

8. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar textos literarios e descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar os textos descritivos e as distintas clases de descrições.
- Recoñecer os nomes e o significado dos mobles e utensilios de cociña.
- Identificar as formas e as funcións que desempeña o pronome persoal tónico.
- Utilizar con corrección o grafema *r* e o dígrafo *rr*.
- Empregar con corrección a técnica do esquema como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto.

8. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Elaboración de resumos tendo en conta as partes en que se divide un texto.
- Construción de textos descritivos de carácter persoal, atendendo ás características desta tipoloxía narrativa tratadas na unidade.
- Identificación dos textos descritivos e dos distintos tipos de descrição, así como dos trazos que as definen.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (mobles e utensilios de cociña).
- Formación de palabras mediante o sufixo *-eiro*, *-eira*.
- Recoñecemento dos pronomes persoais tónicos e das distintas funcións que poden desempeñar na oración.
- Uso dos pronomes persoais tónicos na produción de textos propios.
- Uso correcto do grafema *r* e do dígrafo *rr*.
- Aplicación do esquema como técnica da escrita que permite visualizar as ideas principais e secundarias dun texto.

8. c) Contidos

- Características dos textos descritivos.
- Descrição obxectiva e descrição subxectiva.
- Principais pasos para realizar unha descrição.
- Os nomes dos mobles e utensilios da cociña.
- O sufixo *-eiro* / *-eira*.
- O pronome persoal tónico. Formas e funcións que desempeña.
- Uso de *r* e *rr*.
- Técnicas da escrita: o esquema.
- A idea principal.

8. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora textos literarios e descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Amplía información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.

- Identifica os textos descritivos e as distintas clases de descrições.
- Recoñece os nomes e o significado dos mobles e utensilios de cociña.
- Identifica as formas e as funcións que desempeña o pronome persoal tónico.
- Utiliza con corrección o grafema *r* e o dígrafo *rr*.
- Emprega con corrección a técnica do esquema como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto.

UNIDADE 9

9. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar textos descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Empregar o léxico con precisión.
- Ampliar información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificar textos dialogados, así como os dous modos fundamentais de representar o diálogo: estilo directo e estilo indirecto.
- Recoñecer os nomes e o significado das estancias e dos mobles dunha casa.
- Identificar as formas do pronome persoal átono e as funcións que desempeña.
- Recoñecer e empregar con corrección o pronome de solidariedade.
- Recoñecer os nomes de lugar de Galicia e reflexionar sobre o negativo proceso de castellanización a que foron sometidos moitos deles.
- Identificar os distintos dialectos do galego e recoñecer os fenómenos máis importantes que os caracterizan.
- Utilizar con corrección os grafemas *x* e *s*.
- Empregar con corrección a técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

9. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Elaboración de resumos tendo en conta as partes en que se divide un texto.
- Construción de textos descritivos, atendendo ás características desta tipoloxía.
- Análise crítica da situación social da muller na actualidade.
- Elaboración dun traballo de investigación sobre as difíciles circunstancias que tivo que superar a muller ao longo da historia.
- Identificación dos textos dialóxicos e do estilo directo e mais o indirecto.
- Creación de textos dialogados, empregando as convencións empregadas para a súa plasmación na escrita.
- Ampliación do léxico do campo semántico tratado na unidade (a casa por dentro).
- Recoñecemento do pronome persoal átono, así como das distintas funcións que pode realizar na oración.
- Identificación e uso correcto do pronome de solidariedade.
- Colocación correcta na oración do pronome persoal átono respecto do verbo.
- Análise dos topónimos e dos problemas sociolingüísticos derivados do uso que deles realizan as administracións públicas e as persoas.
- Utilización de mapas para identificar as principais variantes xeográficas da lingua.
- Uso correcto dos grafemas *x* e *s*.
- Aplicación do resumo como técnica da escrita que permite recoller nun texto as ideas principais doutro dado.

9. c) Contidos

- Principais características dos textos dialogados.
- Diferenzas entre o estilo directo e o estilo indirecto.
- A entrevista.
- As partes da casa por dentro. Os mobles e as estancias da casa.
- O sufixo *-eiro* / *-eira*.

- O pronome persoal átono. Formas e funcións que desempeña.
- O pronome de solidariedade.
- A correcta colocación do pronome átono.
- Os nomes de lugar.
- Os xentilicios.
- Os dialectos do galego. Principais características dos bloques occidental, central e oriental.
- A gheada e o seseo.
- Uso de *x* e *s*.
- Técnicas da escrita: o resumo.

9. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora textos descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Emprega o léxico con precisión.
- Amplía información sobre autores e autoras ou temas de interese consultando as páxinas de Internet que se propoñen.
- Identifica textos dialogados, así como os dous modos fundamentais de representar o diálogo: estilo directo e estilo indirecto.
- Recoñece os nomes e o significado das estancias e dos mobles dunha casa.
- Identifica as formas do pronome persoal átono e as funcións que desempeña.
- Recoñece e emprega con corrección o pronome de solidariedade.
- Recoñece os nomes de lugar de Galicia e reflexiona sobre o negativo proceso de castellanización a que foron sometidos moitos deles.
- Identifica os distintos dialectos do galego e recoñece os fenómenos máis importantes que os caracterizan.
- Utiliza con corrección os grafemas *x* e *s*.
- Emprega con corrección a técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

UNIDADE 10

10. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto poético).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar textos poéticos a partir dun tema dado.
- Identificar os textos poéticos e as principais características que presentan: ritmo, rima e recursos da linguaxe poética.
- Recoñecer os nomes e o significado de distintas pezas de roupa, do calzado e dos complementos de vestir.
- Identificar as formas do verbo e a diferenza entre verbos regulares e irregulares.
- Clasificar os verbos tendo en conta os morfemas que os compoñen: raíz e desinencias.
- Identificar o tempo e o modo nas distintas formas verbais e empregar con corrección estas variables.
- Utilizar correctamente os grafemas *b* e *v*.
- Empregar con corrección a técnica do mapa conceptual como forma de representar graficamente as ideas ordenadas segundo a importancia.

10. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto poético).
- Lectura en voz alta de textos poéticos, prestando especial atención ao ritmo.
- Recoñecemento das estrofas dun texto poético e definición do seu tema.
- Reflexión, en grupo, sobre o papel que xogan as persoas maiores na sociedade actual e redacción dun texto coas conclusións ás que se chega.

- Localización de diversos procedementos utilizados nos textos poéticos: repetición, encabalgamento, comparación, imaxes e metáforas.
- Identificación de textos poéticos e análise métrica.
- Recoñecemento dos procedementos retóricos máis usuais (imaxe, comparación, etc.) empregados na linguaxe poética.
- Elaboración de textos poéticos de produción propia combinando a expresividade e a creatividade coa inclusión dos recursos poéticos aprendidos.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (a roupa, o calzado e os complementos).
- Formación de adxectivos por sufixación a partir de substantivos, adxectivos e verbos.
- Recoñecemento do verbo e das súas conxugacións, así como a diferenciación entre verbos regulares e irregulares.
- Identificación do tempo e do modo a que pertencen as formas verbais.
- Uso correcto dos grafemas *b* e *v*.
- Aplicación do mapa conceptual como técnica da escrita.

10. c) Contidos

- Características dos textos poéticos canto ao contido e á forma.
- O ritmo e a rima.
- Rima consoante, rima asonante e verso libre.
- Principais recursos da linguaxe poética: aliteración, anáfora e paralelismo.
- Caligrama e acróstico.
- Os nomes das pezas de roupa, do calzado e dos complementos de vestir.
- A derivación adxectiva.
- O verbo: diferenza entre verbos regulares e verbos irregulares.
- As tres conxugacións verbais.
- Os morfemas do verbo: raíz e desinencias.
- O tempo verbal e o modo verbal.
- Uso de *b* e *v*.
- Técnicas da escrita: o mapa conceptual.

10. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto poético.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora textos poéticos a partir dun tema dado.
- Identifica os textos poéticos e as principais características que presentan: ritmo e rima.
- Recoñece os recursos da linguaxe poética.
- Recoñece os nomes e o significado de distintas pezas de roupa, do calzado e dos complementos de vestir.
- Identifica as formas do verbo e a diferenza entre verbos regulares e irregulares.
- Clasifica os verbos tendo en conta os morfemas que os compoñen: raíz e desinencias.
- Identifica o tempo e o modo nas distintas formas verbais e emprega con corrección estas variables.
- Utiliza correctamente os grafemas *b* e *v*.
- Emprega con corrección a técnica do mapa conceptual como forma de representar graficamente as ideas ordenadas segundo a importancia.

UNIDADE 11

11. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar textos descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Identificar os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.

- Recoñecer os nomes e os significados dos elementos que teñen relación co fútbol e co baloncesto.
- Identificar os verbos que presentan alternancias vocálicas e os verbos irregulares.
- Recoñecer e empregar con corrección as formas infinitas (infinitivo, xerundio e participio) e as perífrases verbais.
- Relacionar as perífrases verbais cos significados que posúe cada unha delas.
- Asimilar o concepto de normalización lingüística e relacionalo coa situación en que se atopa o idioma galego.
- Utilizar correctamente o punto, a coma e o punto e coma.
- Empregar con corrección a técnica da revisión dos textos como forma de transmitir a información dun xeito claro e entendible e de detectar posibles erros ortográficos.

11. b) Competencias básicas

- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Lectura e comprensión de textos (texto narrativo).
- Redacción de textos narrativos tendo en conta as características propias da tipoloxía.
- Elaboración de textos descritivos de creación propia.
- Recoñecemento de castelanismos e substitución pola palabra correcta en galego.
- Substitución de palabras polo sinónimo adecuado segundo o contexto.
- Interpretación dos xiros lingüísticos empregados como eufemismos, tanto na produción escrita como na oral.
- Recoñecemento das características dos textos instrutivos.
- Elaboración de textos instrutivos tendo en conta as características desta tipoloxía.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (deportes de equipo).
- Identificación e análise da orixe dos estranxeirismos nas propias producións e nas alleas.
- Recoñecemento dos verbos que presentan alternancias no presente de indicativo, así como a análise destas.
- Recoñecemento das formas infinitas e das perífrases verbais, así como os diferentes valores que presentan.
- Asimilación do concepto de normalización lingüística relacionándoo coa situación na que se atopa o idioma galego.
- Lectura de textos con especial atención ao uso correcto da puntuación ortográfica (o punto, a coma e o punto e coma).
- Utilización da revisión de textos como técnica da escrita.

11. c) Contidos

- Os textos instrutivos, principais características.
- Función informativa e función apelativa.
- Vocabulario máis empregado nos deportes de equipo: o fútbol e o baloncesto.
- Os estranxeirismos.
- Verbos con alternancias vocálicas.
- Os verbos irregulares.
- Formas infinitas (infinitivo, xerundio, e participio) e perífrases verbais.
- A normalización lingüística.
- Casos en que debe usarse o punto, a coma e o punto e coma.
- Técnicas da escrita: a revisión de textos. O corrector ortográfico dos procesadores de textos.

11. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora textos descritivos tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Identifica os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.
- Recoñece os nomes e os significados dos elementos que teñen relación co fútbol e co baloncesto.
- Identifica os verbos que presentan alternancias vocálicas e os verbos irregulares.
- Recoñece e emprega con corrección as formas infinitas (infinitivo, xerundio e participio) e as perífrases verbais.
- Relaciona as perífrases verbais cos significados que posúen cada unha delas.

- Asimila o concepto de normalización lingüística e relación coa situación na que se atopa o idioma galego.
- Utiliza correctamente o punto, a coma e o punto e coma.
- Emprega con corrección a técnica da revisión dos textos, como forma de transmitir a información dun xeito claro e entendible e de detectar posibles erros ortográficos.

UNIDADE 12

12. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Ler textos de forma comprensiva (texto teatral).
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elaborar unha escena teatral e representala, tendo en conta as características da representación dos textos teatrais.
- Identificar os textos teatrais e os elementos que forman parte da representación destes textos: escena, personaxes e movemento.
- Recoñecer os nomes e significados dos instrumentos musicais.
- Identificar os adverbios e as frases adverbiais, así como as funcións que desempeñan.
- Identificar as preposicións e as frases preposicionais, así como as funcións que desempeñan.
- Utilizar con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Empregar con corrección a técnica da presentación dos textos, tendo en conta a caligrafía, a limpeza e a disposición do texto.

12. b) Competencias básicas

- Lectura e comprensión de textos (texto teatral).
- Recoñecemento das diferenzas entre os textos teatrais e os narrativos.
- Elaboración dun texto teatral, partindo dunhas situacións establecidas previamente.
- Escenificación de pequenos textos teatrais, co fin de fomentar a expresión das facetas oral, corporal e anímica, e fomentar a creatividade.
- Identificación de textos teatrais e dos distintos elementos que conforman a representación teatral.
- Observación e recoñecemento da música galega producida ao longo da historia.
- Reinterpretación musical da bagaxe cultural herdada da tradición instrumental galega, fomentando a creatividade e a orixinalidade.
- Formación de palabras mediante o sufixo *-ista* e análise dos diferentes significados que este pode achegar á palabra base.
- Recoñecemento de adverbios, locucións adverbiais e frases adverbiais, así como das funcións sintácticas que poden desempeñar na oración.
- Recoñecemento de preposicións, locucións preposicionais e de frases preposicionais, así como dos elementos de que están compostas.
- Corrección de textos con erros de puntuación relativos ao emprego dos dous puntos e dos puntos suspensivos.
- Recoñecemento da presentación dos textos como técnica da escrita que ten en conta a caligrafía, a limpeza e a disposición co fin de mellorar o proceso comunicativo.

12. c) Contidos

- Principais características dos textos teatrais.
- A escena, os personaxes e o movemento.
- A música: nomes de instrumentos musicais.
- O sufixo *-ista*.
- Adverbios e locucións adverbiais. A frase adverbial.
- Preposicións e frases preposicionais.
- Casos en que debe usarse os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Técnicas da escrita: a presentación dos textos (caligrafía, limpeza do texto e disposición do texto).

12. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.

- Realiza unha lectura comprensiva dun texto teatral.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos, esquemas, etc. tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Elabora unha escena teatral e represéntaa, tendo en conta as características da representación dos textos teatrais.
- Identifica os textos teatrais e os elementos que forman parte da representación destes textos: escena, personaxes e movemento.
- Recoñece os nomes e significados dos instrumentos musicais.
- Identifica os adverbios e as frases adverbiais, así como as funcións que desempeñan.
- Identifica as preposicións e as frases preposicionais, así como as funcións que desempeñan.
- Utiliza con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Emprega con corrección a técnica da presentación dos textos, tendo en conta a caligrafía, a limpeza e a disposición do texto.

5. SEGUNDO CURSO

5.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 2º DE ESO

- a. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- b. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- c. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- e. Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- g. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- h. Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- l. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- m. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- n. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

5.2. CONTIDOS DE 2º DE ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.

- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deixé espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 2º DE ESO

- a. Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguindo as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- b. Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- c. Realiza exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribe –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planifica e revisa os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- e. Consulta de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- g. Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.
- h. Observa os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízaa con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Recoñece e comprende a diversidade lingüística do mundo actual.
- l. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- m. Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- n. Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

5.4. ESTRUTURA DE LINGUA E LITERATURA 2º DE ESO

O libro de traballo para alumnos e alumnas deste 2º nivel da ESO presenta unha estrutura cunha forte interrelación entre todos os contidos esixidos polo Currículo. Confeccionouse un conxunto de unidades didácticas nas cales, a través dun variado abano de actividades, se van traballando en forma de espiral os distintos contidos, tratando de equilibrar a globalidade e o tratamento específico.

O libro componse dun total de doce unidades, cunha proposta de secuencia de 4 unidades por trimestre. Cada unha destas doce unidades de que consta o libro conta con sete apartados. A cada un destes apartados correspóndelle sempre unha dobre páxina (agás algún caso especial, que conta con dúas dobres páxinas, dado que a extensión ou a consistencia do tema así o requiría). Os apartados de que se compón o libro son os seguintes:

1. TEXTO DE LECTURA (Textos de diferentes tipoloxías)
2. TRABALLO CO TEXTO (Comentario do texto)
3. FORMAS DE COMUNICACIÓN (Técnicas de expresión oral e escrita a partir de textos)
4. OS NOMES DAS COUSAS (Traballo co léxico)
5. A LINGUA POR DENTRO (Morfosintaxe)
6. LINGUA E SOCIEDADE (Reflexións de sociolingüística)
7. ESCRIBIMOS BEN (Ortografía, propiedades textuais e técnicas da escrita)

1. Texto de lectura

Cada unha das unidades do libro ábrese cun texto de lectura, sempre acompañado dunha ilustración.

Os textos son, na súa totalidade, de autores e autoras galegos, agás unha lenda de tradición oral («A doniña cervá»). Asemade, para darlle cabida a outras linguaxes, incluímos, na derradeira unidade do libro, un cómic de Miguelanxo Prado («Quotidianía delirante»).

Na selección destes textos de lectura, feita a partir dunha ampla escolma previa, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Que estivesen relacionados cos contidos traballados en cada unidade.
- Que fosen moi atractivos, con calidade literaria, e invitasen a achegarse ao libro de que proceden.
- Que servisen como punto de partida para a realización de múltiples actividades.
- Que permitisen amosar as distintas tipoloxías textuais: narracións, poemas, teatro...

A maioría destes textos correspóndense con libros englobados dentro do que se coñece como literatura xuvenil, aínda que tamén os hai correspondentes á literatura que hoxe identificamos como para adultos.

Dende unha perspectiva coeducativa coidamos que houbera un equilibrio entre lecturas con protagonistas femininos e protagonistas masculinos.

No referido ás ilustracións que acompañan as lecturas, quixemos aproveitar a oportunidade que se nos brinda para ofrecerlles aos rapaces e rapazas de Galicia unha variada mostra do alto nivel que está a acadar a ilustración na nosa terra. Para iso, seleccionamos ao ilustrador Javi Montes (<http://javimontess.googlepages.com/>), quen se encargou das portadas que acompañan a cada texto de lectura, de xeito que se

conseguise tamén unha unidade estética para todos os textos. O libro, noutros apartados, conta tamén cos traballos gráficos de Santy Gutiérrez (<http://www.santygutierrez.com>) e Marcos González.

2. Traballo co texto

A dobre páxina que presentamos con este título está ocupada por un conxunto de actividades arredor do texto da lectura. É dicir, vén sendo unha proposta de comentario do texto. Pártese da lectura inicial para propoñer distintos contidos procedementais divididos nas seguintes partes:

- Comprendemos: comprensión textual oral e escrita.
- Expresámonos: expresión oral e produción de textos escritos.
- Reflexionamos: distintos exercicios sobre ortografía, léxico, morfosintaxe, fraseoloxía...

A tipoloxía desas actividades é moi variada e aí pódense atopar ademais actividades relacionadas cos centros de interese que haxa na lectura ou actividades sobre algún aspecto formal desta.

Co obxectivo de que o alumnado se achegue ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para ampliar coñecementos, nos casos en que é pertinente faise referencia a unha ou varias páxinas web sobre o autor ou autora ou sobre algún aspecto traballado na dobre páxina.

3. Formas de comunicación

Agrúpanse neste apartado todos os contidos e as propostas referidas ao estudo e á práctica da tipoloxía textual. Mentres que na dobre páxina anterior as actividades viñan dadas en función das posibilidades da lectura, neste apartado os contidos de cada unidade están programados de antemán, de maneira que seguen unha secuencia definida.

Este apartado, como é natural, trabállase tomando como punto de partida un amplo e variado abano de textos, que serven de exemplo para os contidos cognitivos que se queren transmitir.

Como é un apartado moi orientado á aprendizaxe de procedementos, atopamos nel moitas actividades que invitan aos rapaces e rapazas a realizar os seus propios textos, de acordo coas pautas que se lles dan.

4. Os nomes das cousas

O estudo e ampliación do léxico ocupa un lugar importante en cada unha das unidades deste libro. Seleccionouse un campo léxico para cada unidade, e foi abordado con enfoques moi diversos, a través de moitas ilustracións (realizadas por Santy Gutiérrez e Marcos González) e cunha variada gama de actividades, que buscan a ampliación do léxico activo dos alumnos e alumnas.

A dobre páxina complétase cun conxunto de contidos, cognitivos e de procedemento, referido ao léxico e aos procedementos para a súa formación e ampliación. Á hora de seleccionar o léxico, prestóuselle especial atención á introdución de léxico non sexista. Así, hai unidades onde o vocabulario está especialmente enfocado a rachar cos roles sexistas e discriminatorios.

5. A lingua por dentro

A reflexión metalingüística ocupa un lugar importante na etapa da ESO, sempre que se aborde dende unha perspectiva instrumental. De aí que se reserve unha dobre páxina de cada unidade.

Nesta dobre páxina, dun xeito secuenciado, abórdanse os contidos seleccionados para cada nivel, sempre dende un enfoque eminentemente práctico. A ampla e variada oferta de actividades, así como os numerosos textos que serven de exemplo, poden ser útiles para que o alumnado aprenda satisfactoriamente uns contidos que tradicionalmente se consideraron áridos.

Os contidos conceptuais máis importantes aparecen claramente destacados, mediante filetes ou mediante cadros de cores que permiten que o alumnado poida discriminar con facilidade cal é a información principal e cal a secundaria.

Esta dobre páxina, dalgún xeito, complétase co apéndice gramatical que acompaña a este libro. Unha separata que contén, resumidos, os principais cadros dos paradigmas gramaticais, así como as normas que regulan o uso da lingua. Cremos que esta separata pode ser de moita utilidade porque, deste xeito, o alumnado sempre terá a man uns contidos que, sen ter que aprendelos de memoria, é preciso consultar en numerosas ocasións.

Ao final desta dobre páxina inclúese un breve resumo («En poucas palabras») dos contidos traballados no apartado correspondente.

6. lingua e sociedade

Esta dobre páxina de cada unidade resérvase para o tratamento e estudo de contidos de carácter esencialmente sociolingüístico. Estes contidos están presentes ao longo de todas as páxinas do libro, en actividades, en textos, pero aquí teñen un tratamento singular.

Esta dobre páxina constitúe un espazo para a reflexión e para a análise dos distintos factores que condicionan o uso e o desenvolvemento da lingua galega, reparando naquelas actitudes que resultan máis perniciosas para o crecemento da nosa lingua.

7. Escribimos ben

Esta dobre páxina céntrase na norma ortográfica e no tratamento das propiedades textuais.

Xa sabemos que a corrección ortográfica non vén garantida por coñecer ou non determinadas normas, pero tamén é certo que o estudo e reflexión sobre estas contribúe a que se dea unha escrita sen erros ortográficos. Para esta primeira área resérvase a primeira páxina deste apartado.

A segunda páxina dedícase a contidos de gramática textual (propiedades do texto, mecanismos de cohesión textual e técnicas da escrita).

Este apartado complementábase co apéndice que se atopa ao final do libro, e onde os alumnos e alumnas poderán atopar solución para as dúbidas máis frecuentes relacionadas cos problemas ortográficos. No anexo inclúense dende listaxes de palabras que se escriben con determinados grafemas, ata unha explicación das palabras que levan til diacrítico.

5.5. PROGRAMACIÓN DE AULA POR UNIDADES **(de acordo co libro de Edicións Xerais de Galicia)**

UNIDADE 1

1. a) Obxectivos didácticos

- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Recoñecer a prolepse e a analepse como posibilidades na ordenación temporal dunha narración.
- Recoñecer as diferenzas entre a linguaxe verbal e a non verbal.
- Identificar os distintos elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- Comprender as diferenzas entre as dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os oficios e as profesións).
- Recoñecer os elementos que forman as palabras.
- Diferenciar os morfemas flexivos dos derivativos (prefixos e sufixos).
- Coñecer as diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX.
- Identificar os elementos nucleares que conforman a lingua galega e identificación de aqueles que se foron achegando co paso do tempo.
- Empregar con corrección as regras de acentuación ortográfica.
- Compoñer textos narrativos tendo en conta a adecuación textual.

1. b) Competencias básicas

- Ampliación do vocabulario e uso da orde alfabética das palabras por medio da busca de determinadas palabras no dicionario.
- Reflexión crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Identificación de prolepses e analepses en textos narrativos.
- Recoñecemento dos trazos que identifican a linguaxe verbal e a non verbal.
- Interpretación e recoñecemento dos elementos que interveñen en diferentes actos de comunicación.
- Identificación das dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado.
- Ampliación do léxico propio do campo temático tratado (os oficios e as profesións).
- Identificación dos distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.
- Coñecemento das diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX.
- Recoñecemento dos elementos nucleares que conforman a lingua galega e identificación daqueles que se foron achegando ao noso idioma co paso do tempo.
- Coñecemento das regras de acentuación ortográfica e uso correcto destas normas diferenciando entre palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Composición dun texto tendo en conta a adecuación textual. expresión da riqueza cultural da humanidade.

1. c) Contidos

- Recursos literarios: a prolepse e a analepse.
- O prefixo micro-.
- Sistemas de comunicación verbal e non verbal.
- Os elementos presentes na comunicación: emisor/emisora, receptor/receptora, mensaxe, canle, código, contexto.
- O signo lingüístico.
- Campo semántico: os oficios e profesións.
- Os sufixos de oficio, profesión, emprego...
- As palabras e os elementos que as forman: lexemas e morfemas.
- Historia da lingua galega.
- A formación da lingua: o substrato e o superestrato, palabras novas e vellas.
- Regras de acentuación ortográfica: palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- A adecuación textual: intención, tema, destinatario e soporte ou canle.

1. d) Criterios de avaliación

- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Le textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Recoñece a prolepse e a analepse como posibilidades na ordenación temporal dunha narración.
- Recoñece as diferenzas entre a linguaxe verbal e a non verbal.
- Identifica os distintos elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- Comprende as diferenzas entre as dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado.
- Recoñece os nomes dos oficios e as profesións tratados na unidade.
- Identifica os distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.
- Coñece as diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX.
- Identifica os elementos nucleares que conforman a lingua galega e identifica aqueles que se foron achegando co paso do tempo.
- Emprega con corrección as regras de acentuación ortográfica.
- Compón textos narrativos tendo en conta a adecuación textual.

UNIDADE 2

2. a) Obxectivos didácticos

- Traballar a comprensión e a análise textual.
- Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Empregar as diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen.
- Producir textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e facéndoo con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza.
- Respectar as normas propias da comunicación oral: respecto das quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o transporte e as viaxes).
- Identificar palabras compostas diferenciando as partes que as forman.
- Recoñecer as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprender o xénero do substantivo e as regras de formación do feminino.
- Comprender o número do substantivo e as regras de formación do plural.
- Coñecer e respectar a existencia das diferentes variedades dialectais e sociais da lingua.
- Coñecer cando e por que se debe empregar o til diacrítico.
- Recoñecer as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.

2. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Identificación das ideas principais dun texto e comprensión do que le.
- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Uso das diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen.
- Elaboración de textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e facéndoo con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza.
- Respecto polas quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (o transporte e as viaxes).
- Identificación de palabras compostas e diferenciación das partes que as forman.
- Identificación e clasificación de substantivos dependendo do significado, do xénero e do número.
- Coñecemento e respecto pola existencia de diferentes variedades dialectais e sociais da lingua.
- Identificación e uso correcto das palabras que levan til diacrítico nos textos de elaboración propia.
- Identificación dos principais mecanismos de cohesión textual.

2. c) Contidos

- Os textos orais. Situacións de comunicación oral planificada: singulares (exposición, conferencia) e colectivas (debate).
- Campo semántico: o transporte e as viaxes.
- As palabras compostas.
- O substantivo.
- Clasificación semántica do substantivo.
- O xénero: substantivos variables e invariables. A formación do feminino.
- O número: a formación do plural.
- A extensión territorial do galego e as súas variedades dialectais. A lingua estándar.
- O til diacrítico.
- Procedementos de cohesión textual.

2. d) Criterios de avaliación

- Traballa a comprensión e analiza correctamente textos narrativos.
- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética.
- Emprega as diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen.
- Produce textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e faino con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza.
- Respecta as normas propias da comunicación oral: respecta as quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra.
- Recoñece o vocabulario relacionado co campo semántico do transporte e as viaxes.
- Identifica palabras compostas e distingue as partes que as forman.
- Recoñece as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica.
- Comprende o xénero do substantivo e as regras de formación do feminino.
- Comprende o número do substantivo e as regras de formación do plural.
- Coñece e respecta a existencia das diferentes variedades dialectais e sociais da lingua.
- Emprega correctamente o til diacrítico nas súas producións.
- Recoñece as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.

UNIDADE 3

3. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos de forma comprensiva.
- Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos.
- Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Identificar os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para se valer dos recursos lingüísticos dispoñibles: enciclopedias e dicionarios electrónicos.
- Recoñecer o vocabulario relacionado coa festa do magosto.
- Traballar a formación de palabras mediante os prefixos con-, co-.
- Identificar os tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo).
- Recoñecer os principais puntos de información sobre a lingua galega na rede.
- Reflexionar sobre o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación no idioma galego.
- Utilizar correctamente o punto, a coma e o punto e coma.
- Recoñecer e empregar con corrección a deíxe como mecanismo de cohesión textual.

3. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Elaboración de textos instrutivos de produción propia.
- Recoñecemento das características dos textos instrutivos.
- Utilización das TIC para traballar contidos lingüísticos, así como para complementar a información tratada na unidade.

- Ampliación do vocabulario e precisión no uso do léxico referido ao magosto.
- Formación de palabras empregando os prefixos *con-* e *co-*.
- Recoñecemento e identificación dos tipos de adxectivos: explicativos e especificativos.
- Identificación e formación dos distintos graos que presenta o adxectivo (positivo, comparativo e superlativo).
- Coñecemento do emprego que se fai da lingua galega en Internet e identificación dos principais puntos de información sobre o galego na rede.
- Lectura de textos con especial atención ao uso correcto da puntuación ortográfica (o punto, a coma e o punto e coma).
- Localización e recoñecemento da *deíxe* como mecanismo de cohesión textual.

3. c) Contidos

- O uso de *-ble* e *-bel*.
- Os textos instrutivos: principais características.
- Os dicionarios e as enciclopedias.
- Vocabulario relacionado co magosto.
- Os prefixos *con-* e *co-*.
- O adxectivo.
- O adxectivos explicativos (ou epítetos) e adxectivos especificativos.
- Os distintos graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo.
- O galego na rede: achegas da rede de redes.
- O uso do punto, a coma e o punto e coma.
- Procedementos de cohesión textual: a *deíxe*.

3. d) Criterios de avaliación

- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos.
- Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras.
- Identifica os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos.
- Emprega as TIC para traballar contidos lingüísticos, así como para complementar a información tratada na unidade.
- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras.
- Forma correctamente palabras empregando os prefixos *con-* e *co-*.
- Identifica os diferentes tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os distintos graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo).
- Coñece o emprego que se fai da lingua galega en Internet e identifica os principais puntos de información sobre o galego na rede.
- Utiliza correctamente o punto, a coma e o punto e coma.
- Recoñece e emprega con corrección a *deíxe* como mecanismo de cohesión textual.

UNIDADE 4

4. a) Obxectivos didácticos

- Traballar a comprensión e análise textual.
- Utilizar con corrección os sufixos *-ento* / *-enta*.
- Recoñecer a influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor.
- Realizar resumos e esquemas de textos, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema.
- Identificar as distintas partes que compoñen unha noticia.
- Traballar en equipo e extraer información das crónicas xornalísticas coa finalidade de realizar unha crónica escrita de produción propia.
- Adquirir unha maior amplitude do léxico propio do campo semántico tratado (a feira).
- Manexar o dicionario para buscar palabras homónimas.
- Identificar as formas do verbo e a diferenza entre verbos regulares e irregulares.
- Identificar as partes básicas do verbo: tema e morfemas.
- Identificar o tempo e o modo nas distintas formas verbais e empregar con corrección estas variables.
- Coñecer a normativa que regula na actualidade a utilización da lingua galega.
- Recoñecer os topónimos e antropónimos de Galicia e reflexionar sobre o negativo proceso de castellanización a que foron sometidos moitos deles.

- Utilizar con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Recoñecer e usar con corrección a substitución como mecanismo de cohesión textual.

4. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise de contos populares.
- Utilización dos sufixos -ento / -enta.
- Recoñecemento da influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor.
- Sensibilización sobre a importancia da conservación do patrimonio de tradición oral.
- Realización de resumos e esquemas de textos, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema.
- Identificación das distintas partes que compoñen unha noticia.
- Observación crítica das diferentes opinións vertidas nas crónicas xornalísticas.
- Participación activa na extracción de información dentro dun grupo de traballo e manifestación asertiva das propias ideas.
- Adquisición dunha maior amplitude do léxico propio do campo semántico tratado (a feira).
- Identificación das formas do verbo así como das súas partes básicas e diferenciación entre verbos regulares e irregulares.
- Identificación do tempo e o modo a que pertencen as formas verbais.
- Recoñecemento das principais normativas que rexen o uso da lingua galega.
- Análise dos topónimos e antropónimos e identificación dos problemas sociolingüísticos derivados do uso que deles realizan as administracións públicas e as persoas.
- Corrección de textos con erros de puntuación relativos ao emprego dos dous puntos e dos puntos suspensivos.
- Recoñecemento e emprego da substitución como mecanismo de cohesión textual.

4. c) Contidos

- O sufixo -ento / -enta.
- O conto literario e a influencia do conto popular.
- Diferenzas entre a noticia e a crónica como xéneros xornalísticos.
- Campo semántico: imos á feira.
- As palabras homónimas.
- O verbo: diferenza entre verbos regulares e irregulares.
- Alternancia vocálica e conxugacións.
- O tempo verbal e o modo verbal.
- O marco legal da lingua galega.
- Toponimia e antroponimia.
- Usos dos dous puntos e dos puntos suspensivos.
- Procedementos de cohesión textual: substitución.

4. d) Criterios de avaliación

- Le textos narrativos de forma comprensiva.
- Utiliza con corrección os sufixos -ento / -enta.
- Recoñece a influencia que a literatura popular de transmisión oral exerceu sobre a literatura escrita de autor.
- Realiza resumos e esquemas de texto, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema.
- Identifica as distintas partes que compoñen unha noticia.
- Realiza unha lectura comprensiva e crítica dos textos xornalísticos, diferenciando as noticias das crónicas.
- Participa de forma activa na extracción de información dentro dun grupo de traballo e manifesta de modo asertivo as súas propias ideas.
- Amplía o vocabulario relacionado coa feira.
- Emprega o dicionario para a identificación de palabras homónimas.
- Identifica as formas do verbo e distingue entre verbos regulares e irregulares.
- Identifica as partes básicas do verbo: tema e morfemas.
- Identifica o tempo e o modo a que pertencen as formas verbais.
- Recoñece as principais normativas que rexen o uso da lingua galega.
- Identifica os problemas sociolingüísticos derivados do uso que dos topónimos e antropónimos fan as administracións públicas e as persoas.
- Utiliza con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Emprega a substitución como mecanismo de cohesión textual.

UNIDADE 5

5. a) Obxectivos didácticos

- Manexar o dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas.
- Comprender e analizar os distintos aspectos dun texto.
- Utilizar correctamente o sufixo -axe nas propias producións escritas.
- Diferenciar e elaborar distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.).
- Utilizar correctamente a terminoloxía relacionada co campo semántico dos parentescos.
- Comprender o concepto de polisemia e diferenciar os distintos significados dunha palabra polisémica.
- Recoñecer os distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor.
- Recoñecer os préstamos e interferencias que se producen na lingua galega.
- Usar correctamente a paréntese e as comiñas nas propias producións.
- Compoñer un texto comunicativo facendo uso de elipses para darlle cohesión.

5. b) Competencias básicas

- Manexo do dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas.
- Comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Utilización do sufixo -axe.
- Diferenciación e elaboración de distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.).
- Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico tratado: o parentesco.
- Comprensión do concepto de polisemia e diferenciación dos distintos significados dunha palabra polisémica.
- Recoñecemento dos distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor.
- Recoñecemento dos préstamos e interferencias que se producen na lingua galega.
- Uso correcto da paréntese e as comiñas nas propias producións.
- Uso correcto dos procedementos lingüísticos de cohesión textual.

5. c) Contidos

- Recursos literarios: o relato fantástico.
- O sufixo -axe.
- Escritos comunicativos: as cartas persoais, os correos electrónicos, os diarios, os blogs, os sms, as tarxetas postais...
- Campo semántico: o parentesco.
- A polisemia.
- A oración e os tipos de oracións segundo a actitude do emisor: enunciativas, interrogativas, exclamativas, dubitativas, desiderativas, exhortativas.
- As interferencias lingüísticas. Tipos de interferencias.
- Signos de puntuación: a paréntese e as comiñas.
- A elipse como procedemento de cohesión textual.

5. d) Criterios de avaliación

- Manexa o dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas.
- Comprende e analiza os distintos aspectos dun texto.
- Utiliza correctamente o sufixo -axe nas propias producións escritas.
- Elabora distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.) e recoñece as diferenzas entre eles.
- Utiliza correctamente a terminoloxía relacionada co campo semántico dos parentescos.
- Comprende o concepto de polisemia e distingue os distintos significados dunha palabra polisémica.
- Recoñece os distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor.
- Recoñece os préstamos e interferencias que se producen na lingua galega.
- Usa correctamente a paréntese e as comiñas nas propias producións.
- Utiliza correctamente a elipse como procedemento para cohesionar as súas producións escritas.

UNIDADE 6

6. a) Obxectivos didácticos

- Traballar a comprensión e análise textual.

- Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Apreciar as lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva.
- Coñecer e utilizar as normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos.
- Organizar as ideas previas e elaborar esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a paisaxe do mar).
- Traballar a formación de substantivos a partir de adxectivos engadindo o sufixo -dade.
- Distinguir entre frases simples e compostas e recoñecer os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo.
- Identificar as distintas funcións que pode desempeñar un modificador no interior dunha frase.
- Identificar e valorar a existencia de distintas linguas en Europa.
- Respetar aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente.
- Comprender a importancia de preservar o patrimonio lingüístico como unha forma de expresión cultural máis.
- Coñecer a normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas.
- Usar correctamente conectores textuais para dar cohesión a un texto.

6. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Valoración das lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva.
- Composición de textos de creación propia tratando un tema determinado.
- Coñecemento e utilización das normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos.
- Organización das ideas previas e elaboración de esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito.
- Ampliación do léxico propio do campo semántico do mar e a súa paisaxe.
- Formación correcta de adxectivos engadindo o sufixo -dade.
- Identificación da frase como unidade gramatical, así como das funcións sintácticas que pode desenvolver na estrutura da oración.
- Valoración da pluralidade lingüística como un valor a preservar.
- Respeto por aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente.
- Coñecemento da normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas.
- Utilización dos conectores textuais como elementos para dotar de cohesión un texto.

6. c) Contidos

- Recursos literarios: as lendas.
- A construción dun texto.
- Campo semántico: a paisaxe do mar.
- O sufixo -dade.
- As frases: simples e complexas. Tipos de frases: substantiva, adxectiva, adverbial, nominal e preposicional.
- O modificador.
- A pluralidade lingüística e as linguas minorizadas.
- Maiúsculas e minúsculas: casos de uso.
- Os conectores textuais: aditivos, temporais e espaciais.

6. d) Criterios de avaliación

- Realiza unha lectura comprensiva e crítica dos textos de lectura.
- Manexa o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Aprecia as lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva.
- Coñece e utiliza as normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos.
- Organiza as ideas previas e elabora esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito.
- Amplía o léxico relacionado co mar e a súa paisaxe.
- Emprega con propiedade o sufixo -dade na formación de substantivos.
- Distingue entre frases simples e compostas e recoñece os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo.
- Identifica as distintas funcións que pode desempeñar un modificador no interior dunha frase.

- Identifica e valora a existencia de distintas linguas en Europa.
- Respecta a aquelas persoas que utilizan unha lingua diferente.
- Comprende a importancia de preservar o patrimonio lingüístico como unha forma de expresión cultural máis.
- Coñece a normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas.
- Integra os conectores textuais nas súas producións.

UNIDADE 7

7. a) Obxectivos didácticos

- Redactar axeitadamente textos literarios onde se expresen as ideas propias de xeito lóxico, coherente e ordenado.
- Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Elaborar textos amosando interese por aplicar as normas de presentación correspondentes aos documentos editados cun procesador de textos.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (no instituto).
- Identificar os antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade.
- Distinguir entre oracións simples e compostas e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas por subordinación.
- Distinguir entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e recoñecer os distintos tipos de cada unha.
- Valorar o galego como lingua propia de Galicia.
- Facer uso do galego comprendendo as circunstancias que condicionan o seu uso social.
- Empregar con corrección os grupos consonánticos *bl / br* e distinguir as condicións de uso de *b* e *v*.
- Recoñecer e utilizar con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

7. b) Competencias básicas

- Redacción e estruturación axeitada dos materiais antes de iniciar as propias producións.
- Emprego de distintos medios (dicionarios e Internet) para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Utilización das TIC como medio para contrastar a información sobre un tema dado.
- Gusto por revisar as producións elaboradas nun procesador de textos.
- Ampliación do vocabulario e uso adecuado do léxico propio do campo semántico tratado (o instituto).
- Identificación dos antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade.
- Diferenciación de frases simples e compostas e recoñecemento dos distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo.
- Recoñecemento dos diferentes tipos de oracións compostas por subordinación.
- Diferenciación entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e recoñecemento dos distintos tipos existentes.
- Valoración do galego como lingua propia de Galicia.
- Comprensión das circunstancias que condicionan o uso social do galego.
- Emprego con corrección dos grupos consonánticos *bl / br* e distinción das condicións de uso de *b* e *v*.
- Recoñecemento e utilización dos conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

7. c) Contidos

- Normas de edición co procesador de textos.
- Campo semántico: o instituto.
- Os antónimos. Os prefixos *i-*, *im-*, *des-*, *anti-*.
- A oración simple e a oración composta. Tipos de oracións compostas: substantivas, adxectivas e adverbais.
- As oracións compostas bipolares. Tipos de oracións bipolares: condicionais, causais, consecutivas e concesivas.
- Oracións compostas por coordinación. Tipos de oracións compostas por coordinación: copulativas, disxuntivas, distributivas e adversativas.
- A situación sociolingüística de Galicia. As actitudes lingüísticas.
- Os grupos consonánticos *bl / br*.
- O uso de *b* e *v*.
- Os conectores opositivos, causais e organizadores.

7. d) Criterios de avaliación

- Redacta e estrutura axeitadamente os materiais antes de producir textos literarios e expresa neles as súas ideas de xeito lóxico, coherente e ordenado.
- Emprega distintos medios (dicionarios e Internet) para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Coida a presentación dos seus textos aplicando as normas de corrección recomendadas para os procesadores de texto.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico propio do campo semántico tratado (o instituto).
- Identifica os antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade.
- Distingue entre frases simples e compostas e reconece os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo.
- Reconece os diferentes tipos de oracións compostas por subordinación.
- Distingue entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e reconece os distintos tipos de cada unha.
- Valora o galego como lingua propia de Galicia.
- Comprende as circunstancias que condicionan o uso social do galego.
- Emprega con corrección os grupos consonánticos *bl / br* e distingue as condicións de uso de *b* e *v*.
- Reconece e utiliza con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

UNIDADE 8

8. a) Obxectivos didácticos

- Ler de forma comprensiva textos de ficción.
- Recoñecer as diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios.
- Manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo con dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Aprender a dar informacións de maneira razoada a través de textos argumentativos.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping).
- Traballar a formación de substantivos e adxectivos engadindo os sufixos *-ismo*, *-ista*.
- Recoñecer o suxeito dunha oración e identificar as unidades que poden desempeñar a función de suxeito.
- Identificar correctamente os predicados pronominais e recíprocos, así como os distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado.
- Reflexionar sobre o emprego do galego nos medios de comunicación.
- Concienciar da necesidade de medios de comunicación en lingua galega e valorar o papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual.
- Consultar e analizar páxinas en Internet para informarse e ver contidos multimedia en galego.
- Empregar con corrección e precisión ortográfica os grupos consonánticos *pl / pr* e *-pc-*, *-pt-*.
- Empregar con corrección a técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

8. b) Competencias básicas

- Lectura comprensiva de textos de ficción.
- Recoñecemento das diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios.
- Elaboración de textos argumentativos razoados.
- Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping).
- Formación de substantivos e adxectivos engadindo os sufixos *-ismo*, *-ista*.
- Recoñecemento do suxeito dunha oración e identificación das unidades que poden desempeñar esa función.
- Identificación correcta dos predicados pronominais e recíprocos, así como dos distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado.
- Reflexión sobre o emprego do galego nos medios de comunicación.
- Concienciación da necesidade da existencia de medios de comunicación en lingua galega e valoración do papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual.
- Consulta e análise de páxinas en Internet como medio para se informaren e como soporte para a visualización de contidos multimedia en galego.
- Corrección e precisión ortográfica no uso dos grupos consonánticos *pl / pr* e *-pc-*, *-pt-*.
- Aplicación da técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

8. c) Contidos

- A ficción literaria.
- Os textos argumentativos.
- Campo semántico: o cámping.
- Os sufixos *-ismo*, *-ista*.
- O suxeito e o predicado.
- O galego nos medios de comunicación.
- Os grupos consonánticos *pl / pr* e *-pc-* / *-pt-*.
- O resumo.

8. d) Criterios de avaliación

- Le comprensivamente textos de ficción.
- Recoñece as diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios.
- Elabora textos argumentativos razoados.
- Conta cunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping).
- Utiliza os sufixos *-ismo*, *-ista* para a creación de substantivos e adxectivos.
- Recoñece o suxeito dunha oración e identifica as unidades que poden desempeñar esta función.
- Identifica correctamente os predicados pronominais e recíprocos, así como os distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado.
- Reflexiona sobre o emprego do galego nos medios de comunicación.
- Comprende a necesidade da existencia de medios de comunicación en lingua galega e valora o papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual.
- Consulta e analiza páxinas en Internet como medio para se informaren e como soporte para a visualización de contidos multimedia en galego.
- Usa de xeito preciso os grupos consonánticos *pl / pr* e *-pc-*, *-pt-* nos textos que produce.
- Elabora resumos como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

UNIDADE 9

9. a) Obxectivos didácticos

- Traballar a comprensión e a análise textual.
- Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Identificar os diferentes tipos de xéneros xornalísticos de opinión (o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc.).
- Participar de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os medios de comunicación).
- Empregar con corrección e precisión ortográfica os prefixos *in-*, *im-* e *i-*.
- Identificar o complemento directo nunha oración e as distintas unidades que poden funcionar como tal.
- Coñecer e respectar a existencia do portugués como lingua irmá do galego.
- Usar de xeito preciso os grupos consonánticos *fl / fr* e empregar con corrección o *h*.
- Empregar con corrección a técnica do esquema como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto.

9. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto xornalístico de opinión.
- Manexo do dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Valoración crítica das opinións reflectidas nos textos xornalísticos de opinión, tales como o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc.
- Identificación das principais características que diferencian os distintos tipos de textos de opinión.
- Participación de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.
- Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os medios de comunicación).
- Utilización axeitada e precisa dos prefixos *in-*, *im-* e *i-*.

- Identificación do complemento directo nunha oración e das distintas unidades que poden funcionar como tal.
- Respecto pola existencia do portugués e valoración desta como lingua irmá do galego.
- Uso axeitado dos grupos consonánticos *fl / fr* e emprego correcto do *h*.
- Elaboración de esquemas como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto.

9. c) Contidos

- Tipoloxías textuais: a reportaxe.
- Os textos xornalísticos de opinión.
- As cartas á dirección.
- Campo semántico: os medios de comunicación.
- Os prefixos: *a-*, *des-*, *te-*, *tele-*, *con-*, *super-*, *sobre-*, *i-*, *im-*, *in-*.
- O complemento directo e as unidades que poden funcionar como tal: frase nominal, frase substantiva, frase preposicional, oración e pronomes persoais átonos.
- A lingua portuguesa.
- Os grupos consonánticos *fl / fr* e o uso do *h*.
- O esquema.

9. d) Criterios de avaliación

- Le con corrección e interpreta os textos de opinión dende unha perspectiva crítica.
- Manexa o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Identifica os diferentes tipos de xéneros xornalísticos de opinión (o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc.).
- Participa de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.
- Amplía o léxico relativo aos medios de comunicación.
- Emprega con corrección e precisión ortográfica os prefixos *in-*, *im-* e *i-*.
- Identifica o complemento directo nunha oración e as distintas unidades que poden funcionar como tal.
- Coñece e respecta a existencia do portugués como lingua irmá do galego.
- Usa de xeito preciso os grupos consonánticos *fl / fr* e emprega con corrección o *h*.
- Organiza os materiais de estudo e de traballo a través de esquemas como forma de organizar de xeito visual a información principal e secundaria.

UNIDADE 10

10. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos teatrais de forma comprensiva.
- Identificar os trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprender os distintos recursos empregados na súa representación escrita.
- Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto.
- Coñecer e utilizar as normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos.
- Organizar as ideas e realizar guións que permitan a elaboración de producións escritas coherentes.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico que se trata (as compras).
- Identificar o complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Empregar correctamente o dativo de solidariedade e comprender a súa función lingüística.
- Coñecer a evolución da música galega e a súa situación actual.
- Usa de xeito preciso os grupos consonánticos *cl / cr* e *cc / ct*.
- Presentar correctamente textos escritos, tendo en conta aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto.

10. b) Competencias básicas

- Lectura e comprensión de textos teatrais.
- Identificación dos trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprensión dos distintos recursos empregados na súa representación escrita.
- Reflexión grupal sobre os temas de actualidade tratados na unidade e exposición coherente e organizada dos propios argumentos.

- Escenificación de pequenos textos teatrais, co fin de fomentar a expresión das facetas oral, corporal e anímica, e a creatividade.
- Utilización das normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos.
- Organización das ideas e realización de guións que permitan a elaboración de producións escritas coherentes.
- Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico que se trata (as compras).
- Identificación do complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Utilización correcta do dativo de solidariedade tanto na lingua oral como na escrita.
- Observación e recoñecemento da música galega producida ao longo da historia.
- Utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación para acceder a mostras musicais tanto de fragmentos antigos como de pezas vangardistas.
- Utilización axeitada dos grupos consonánticos *cl / cr* e *cc / ct*.
- Preocupación pola presentación de textos escritos, coidando aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto.

10. c) Contidos

- O texto teatral.
- O folleto expositivo.
- Campo semántico: as compras.
- Os campos semánticos.
- O complemento indirecto. Tipos de unidades que poden desempeñar a función de complemento indirecto: frase preposicional con *a* e pronomes.
- O dativo de solidariedade.
- Evolución da música galega: das cantigas de amigo ao rock bravú.
- Os grupos consonánticos *cl / cr* e *cc / ct*.
- Criterios para a presentación de textos escritos.

10. d) Criterios de avaliación

- Le e comprende textos teatrais.
- Identifica os trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprende os distintos recursos empregados na súa representación escrita.
- Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura.
- Exprésase corporal e anímicamente cando pon en escena fragmentos de pezas teatrais.
- Segue as normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos.
- Organiza as ideas e realiza guións antes de elaborar as súas producións.
- Emprega con corrección o vocabulario relacionado coas compras.
- Identifica o complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Utiliza correctamente o dativo de solidariedade tanto na lingua oral como na escrita.
- Escoita e recoñece distintas pezas emblemáticas da historia musical galega.
- Válese das tecnoloxías da información e a comunicación para acceder a mostras musicais tanto de fragmentos antigos como de pezas musicais vangardistas.
- Utiliza axeitadamente os grupos consonánticos *cl / cr* e *cc / ct*.
- Preocúpase pola presentación de textos escritos, coidando aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto.

UNIDADE 11

11. a) Obxectivos didácticos

- Analizar textos poéticos e comprender a función que desempeñan os diferentes recursos formais.
- Comprender o sentido global dun texto poético, identificando os grandes temas presentes nel.
- Identificar os significados denotativos e connotativos en distintos contextos.
- Utilizar con propiedade os recursos formais propios da poesía, tanto na análise de creacións alleas como propias.
- Valorar a poesía como unha canle máis para a expresión artística e para a transmisión de sentimentos.
- Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a perrucaría e a imaxe).

- Identificar o complemento circunstancial nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función.
- Analizar o fenómeno da globalización dende diversas perspectivas.
- Reflexionar, adoptando unha postura crítica, sobre as vantaxes e os inconvenientes da globalización.
- Localizar a través da rede iniciativas encamiñadas a canalizar a solidariedade colectiva e individual.
- Utilizar axeitadamente *trans-* e *tras-*, así como *bs* seguido de consoante.
- Elaborar oracións seguindo unha orde lóxica e coherente.

11. b) Competencias básicas

- Comprensión do sentido global dun texto poético, coa identificación dos grandes temas presentes nel.
- Lectura expresiva (entoación, pausas, énfase, etc.) de textos poéticos.
- Recoñecemento dos procesos retóricos máis usuais: imaxes, comparacións, personificacións, escolla léxica, etc.
- Identificación dos significados denotativos e connotativos en distintos contextos.
- Creación de sinxelos textos poéticos respectando as súas pautas formais.
- Valoración da poesía como unha canle máis para a expresión artística e sentimental.
- Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a perrucaría e a imaxe).
- Localización do complemento circunstancial nunha oración e identificación dos distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función.
- Análise crítica do fenómeno da globalización dende diversas perspectivas.
- Utilización axeitada de *trans-* e *tras-*, así como de *bs* seguido de consoante.
- Elaboración de oracións seguindo unha orde lóxica e coherente.

11. c) Contidos

- A apóstrofe, a anáfora e a enumeración.
- A voz lírica ou o eu poético.
- Recursos literarios: a denotación e a connotación.
- Os textos poéticos: o ritmo e a rima.
- Recursos formais dos textos poéticos: o paralelismo, a aliteración, a antítese e a anáfora.
- Campo semántico: a perrucaría e a imaxe.
- O complemento circunstancial. Tipos de unidades que poden desempeñar a función de complemento circunstancial: frases preposicionais, adverbios ou locucións adverbiais, frases nominais e oracións.
- A globalización.
- Grupos consonánticos: *bs* + consoante.
- O uso de *trans-* / *tras-*.
- As propiedades do texto: as oracións e a súa orde lóxica.

11. d) Criterios de avaliación

- Analiza textos poéticos e comprende a función que desempeñan os diferentes recursos formais.
- Comprende o sentido global dun texto poético, identificando os grandes temas presentes nel.
- Identifica os significados denotativos e connotativos en distintos contextos.
- Utiliza con propiedade os recursos formais propios da poesía, tanto na análise de creacións alleas como propias.
- Valora a poesía como unha canle máis para a expresión artística e para a transmisión de sentimentos.
- Usa con propiedade o léxico relacionado coa perrucaría e a imaxe.
- Identifica o complemento circunstancial nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función.
- Reflexiona adoptando unha postura crítica sobre o fenómeno da globalización dende diversas perspectivas.
- Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación para localizar iniciativas encamiñadas a canalizar a solidariedade colectiva e individual.
- Utiliza axeitadamente *trans-* e *tras-*, así como *bs* seguido de consoante.
- Estrutura oracións seguindo unha orde lóxica e coherente.

UNIDADE 12

12. a) Obxectivos didácticos

- Comprender e analizar un cómic como produción literaria dende o punto de vista textual.

- Recoñecer e analizar as características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada.
- Identificar e coñecer os elementos que forman un cómic e elaborar o cómic a partir dunhas pautas establecidas.
- Crear unha comicteca no centro.
- Consultar os medios de publicación electrónica para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos.
- Normalizar o uso de determinada terminoloxía referida á paisaxe urbana.
- Formar substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais.
- Identificar o suplemento nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Distinguir os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións.
- Reflexionar sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el desvelando os prexuízos subxacentes ao uso do galego en determinados contextos.
- Valorar a importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.

12. b) Competencias básicas

- Comprensión e análise dun cómic como produción literaria dende o punto de vista textual.
- Recoñecemento e análise das características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada.
- Identificación e coñecemento dos elementos que forman un cómic e elaboración de bandas deseñadas de produción propia a partir dunhas pautas establecidas.
- Creación dunha comicteca no centro.
- Utilización dos recursos dispoñibles na rede para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos.
- Normalización do uso de determinada terminoloxía referida á paisaxe urbana.
- Formación de substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais.
- Identificación do suplemento nunha oración e dos distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Localizar os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións.
- Reflexión sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el, desvelando os prexuízos subxacentes ao seu uso en determinados contextos.
- Valoración da importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.

12. c) Contidos

- A linguaxe verboicónica. Os cómics.
- Os tipos de plano.
- Principais elementos que constitúen a linguaxe do cómic: as imaxes en movemento e as metáforas visuais.
- Campo semántico: a paisaxe urbana.
- A derivación verbal: o sufixo *-mento*.
- O suplemento e a frase preposicional.
- O atributo e complemento predicativo. Unidades que desempeñan esa función.
- A normalización lingüística e o uso social do galego.

12. d) Criterios de avaliación

- Comprende e analiza cómics como producións literarias dende o punto de vista textual.
- Recoñece e analiza as características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada.
- Identifica e coñece os elementos que forman un cómic e elabora bandas deseñadas de produción propia seguindo unhas pautas establecidas.
- Contribúe á creación dunha comicteca no centro.
- Utiliza os recursos dispoñibles na rede para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos.
- Usa de xeito normalizado a terminoloxía referida á paisaxe urbana.
- Forma substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais.
- Identifica o suplemento nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal.
- Localiza os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións.

- Reflexiona sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el, desvelando os prexuízos subxacentes ao seu uso en determinados contextos.
- Valora a importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.

6. TERCEIRO CURSO

Neste curso, os alumnos introdúcense nunha nova etapa que presenta unha serie de peculiaridades.

6.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA ETAPA

- a. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- b. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- c. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- d. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- e. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- f. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- g. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- h. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- i. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- l. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- m. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- n. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

6.2. COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA

Competencia en comunicación lingüística

- Adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

Competencia social e cidadá

- Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.

- Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

Competencia no tratamento da información dixital

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

Competencia cultural e artística

- Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala como unha riqueza cultural.

Competencia para aprender a aprender

- Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

Autonomía e iniciativa persoal

- Intervención en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da linguaxe como ferramenta para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

6.3. CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Comprensión de textos

- * Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- * Análise encamiñada á comprensión e á valoración crítica da comunicación televisiva e da radiofónica coas súas especificidades.
- * Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, intervencións en simposios ou exposicións orais de temáticas variadas.
- * Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.

* Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes das entrevistas, noticias, reportaxes e crónicas. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.

* Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos.

* Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións neles expresadas e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.

* Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...).

* Participación en entrevistas e simposios simulados, así como en situacións de comunicación propias da vida cotiá do alumnado, adoptando o rexistro adecuado a elas.

* Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.

* Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, á hora de formular e reaccionar a críticas).

* Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

* Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, regulamentos...

* Comprensión de textos dos medios de comunicación, recoñecendo as diferenzas entre información e opinión en entrevistas, crónicas, reportaxes...

* Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).

* Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.

* Utilización practicamente autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.

* Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes de reportaxes, crónicas ou entrevistas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.

* Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos.

* Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, solicitudes, etc.

* Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.

* Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos, propios do ámbito académico, elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Elaboración de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.

* Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.

* Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

* Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través dos modos e perífrases verbais.

* Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores e de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a hiperonimia e a nominalización; análise e aplicación da función cohesiva das familias léxicas.

* Recoñecemento, sobre usos contextualizados, dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais.

* Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan (incluíndo as que teñen forma oracional), de cara á mellora das estruturas na construción e revisión de textos, con emprego dunha terminoloxía sintáctica axeitada.

* Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.

* Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos expositivos, alleos e propios.

* Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

* Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e aplicación práctica nas interaccións orais espontáneas.

* Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

* Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre formación de palabras, familias léxicas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- * Coñecemento xeral e concreción no marco peninsular das causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- * Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, con manexo de textos da época e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- * Comprensión da situación sociolingüística galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...), desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios audiovisuais e das TIC, que permitan enfrontar prexuízos lingüísticos.
- * Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- * Recoñecemento das características contextuais e formais dos distintos niveis e rexistros, aplicación segundo as circunstancias da situación comunicativa e valoración da necesidade de adecuarse a elas.

Bloque 5. Educación literaria.

- * Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo, especialmente da nosa realidade histórico-cultural anterior ao século XX.
- * Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos recitados ou cantados da literatura galega desde a Idade Media ao século XIX e da popular, comentando as motivacións e o tratamento das temáticas máis recorrentes en distintos períodos e a funcionalidade das sucesivas formas e recursos estéticos.
- * Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de prosa galega anterior ao século XX, así como de contos e lendas populares, recoñecendo as diversas concepcións da narrativa e os procedementos asociados.
- * Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego anterior ao século XX, observando as súas características.
- * Desenvolvemento de tarefas colectivas pouco complexas ou elaboración de traballos sinxelos, ambos sobre as lecturas e o seu contexto (etapas, cultura e ambiente literarios, axentes, etc.), entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- * Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- * Análise doutras linguaxes estéticas: o cinema.
- * Aproveitamento progresivamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

De acordo co libro de texto que seguimos, editado pola Editorial Anaya, farase fincapé nos seguintes aspectos:

Lectura e comentario

- A linguaxe literaria.
- Os xéneros literarios.
- Os textos poéticos. As figuras literarias.
- O xénero narrativo.
- O relato policial e o relato de ciencia-ficción.
- O texto teatral.
- O ensaio.
- O xornalismo: elementos do xornal, funcións da prensa.
- Os xéneros periodísticos.
- A prensa dixital.

Campos semánticos

- Campos semánticos relacionados coa natureza e co medio físico: vestiario, animais, tempo atmosférico e cronolóxico, árbores e froitos, formas da paisaxe, ferramentas e utensilios, gastronomía e hostalaría, xogos de onte e hoxe, a prensa.

Estudo da lingua

- Historia da lingua, desde as súas orixes ata o século XX. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- As palabras: estrutura e clases. Familias léxicas regulares e irregulares.
- O substantivo: clases de substantivos. Xénero e número.
- O adxectivo cualificativo. Graos do adxectivo.
- Determinantes e adxectivos determinativos.
- Os pronomes. Os pronomes persoais: formas tónicas e formas átonas.
- O verbo: os morfemas verbais. Os tempos verbais. Verbos regulares e irregulares.
- Formas non persoais dos verbos. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais.
- O adverbio e as locucións adverbiais.
- As preposicións e as conxuncións. As interxeccións.
- A onomástica: topónimos e antropónimos.
- As interferencias lingüísticas.

Ortografía

- Regras de acentuación.
- O til diacrítico.
- Signos de puntuación.
- Uso de *b* e *v*.
- Uso de *h*.
- Uso de *x* e *s*.
- Uso de *l* e *ll*.
- Uso de *n* e *ñ*.
- Grupos consonánticos: *-cc-* e *-ct-*.
- Grupos consonánticos cultos.
- Palabras con dificultade: *ca-/cua-/co-* e *ga-/gua-/go-*.
- As vogais.

Literatura

- A literatura popular en verso e en prosa.
- A literatura galego-portuguesa medieval.
- A lírica profana: as cantigas de amigo, as cantigas de amor e as cantigas de escarnio e maldicir.
- Xéneros menores da lírica profana.
- A lírica relixiosa: as *Cantigas de Santa María*.
- A prosa medieval.
- Decadencia e recuperación da literatura: os Séculos Escuros e os Precusores do Rexurdimento.
- Rosalía de Castro: *Cantares gallegos* e *Follas novas*.
- Eduardo Pondal.
- Curros Enríquez.
- Prosa e teatro do século XIX.

Desenvolvemento de competencias

- Esquemas, cadros e resumos.
- Reflexión e argumentación a partir dunhas ideas dadas.
- Uso das novas tecnoloxías na busca de información.
- Definición de conceptos e exemplificación.
- Elaboración de traballos de investigación
- Exposición oral de información.
- Análise comparada de información.
- Memorización e recitación de poemas.
- Creación de textos propios a partir dun modelo.
- Emisión razoada de xuízos propios.

6.4. COMPETENCIAS A DESENVOLVER NESTE TERCEIRO CURSO

O noso programa tenta desenvolver no alumnado deste curso as seguintes competencias:

Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e comentario de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva fragmentos non literarios propostos.
- Definir conceptos traballados coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
- Poñer exemplos do aprendido.
- Redactar unha descrición física dun personaxe atendendo ao vocabulario aprendido.
- Crear textos propios aplicando o vocabulario aprendido.
- Redactar e expoñer textos atendendo á redacción e á corrección ortográfica.
- Memorizar e recitar poemas atendendo especialmente ao ritmo e á entoación.
- Escribir textos propios atendendo especialmente á redacción, á corrección ortográfica e ao seu valor estético.
- Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.

Competencia matemática

- Controlar os procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención da información.
- Valorar os resultados obtidos a partir da utilización de ferramentas matemáticas.
- Comprender e utilizar elementos matemáticos (táboas, gráficos, símbolos, números, etc.) tanto no ámbito académico como na vida cotiá.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Utilizar de maneira responsable e consciente os recursos naturais para contribuír a conservar o medio natural.
- Coñecer e valorar a riqueza natural da nosa terra.
- Ser consciente da importancia do “desenvolvemento sostible”, de maneira que o crecemento económico e o benestar social non atenten contra o equilibrio da natureza.

Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información e ampliar coñecementos.
- Buscar información en soportes tradicionais (enciclopedia) para ampliar coñecementos.
- Consultar a prensa diaria utilizando as novas tecnoloxías da comunicación e analizar as vantaxes e os inconvenientes que a prensa dixital supón con respecto á tradicional en papel.
- Expoñer traballos de investigación coa axuda dos medios audiovisuais.

Competencia social e cidadá

- Coñecer e comprender os valores que sustentan unha sociedade democrática (respecto, liberdade, igualdade, etc.) e facelos extensibles á vida académica e cotiá.
- Valorar o diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e cooperación en situacións colectivas.
- Reflexionar acerca das causas que explicarían a escaseza de mulleres escritoras no século XIX e poñelo en relación coa situación actual.

Competencia cultural e artística

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar, coñecer e defender.
- Valorar os traballos creativos propios e alleos.
- Valorar os factores políticos, económicos e sociolingüísticos que condicionaron a evolución da lingua e da literatura galegas.
- Analizar cancións de amor actuais a partir dos coñecementos adquiridos sobre os tópicos das cantigas de amor.
- Relacionar as cantigas medievais con algunhas celebracións propias da nosa comunidade, como o Entroido e os Maios.
- Recoñecer a trascendencia da obra de *Cantares gallegos*, cuxa publicación o 17 de maio de 1863 fixou a data do Día das Letras Galegas que cada ano se celebra na nosa Comunidade.

- Recoñecer a trascendencia que tivo a actividade cultural e a obra de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez para a cultura e as letras galegas.

Competencia para aprender a aprender

- Elaborar resumos, sínteses e cadros.
- Elaborar diferentes esquemas (numéricos, de chaves) a partir da información proporcionada no libro de texto.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Recoñecer a idea central dun texto e estruturar as ideas secundarias.
- Facer unha ficha a partir da información obtida na súa investigación.

Autonomía e iniciativa persoal

- Poñer exemplos do aprendido.
- Aplicar o aprendido en contextos próximos da vida cotiá.
- Analizar e expoñer información achegando argumentos sólidos que a xustifiquen.
- Elaborar traballos de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Reflexionar e emitir xuízos propios achegando as razóns que os xustifican.
- Relacionar e establecer comparacións.

6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, así como seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.

Este criterio debe permitírnos comprobar se o alumnado pode extraer a idea fundamental e mais a información relevante de crónicas, reportaxes ou entrevistas dos medios de comunicación audiovisual. Así mesmo, debe servir para constatar se dá comprendido, e recollido en resumos e esquemas que reflictan a xerarquización das ideas, textos expositivos propios do ámbito académico

2. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos. Con este criterio perséguese comprobar se as alumnas e os alumnos identifican o tema xeral, os subtemas e o propósito comunicativo, non sempre explícito, de diferentes tipos de texto fundamentais na vida social e cultural (crónicas, entrevistas, actas, etc.) e saben distinguir e interpretar os contidos informativos e valorativos, contrastándoos con outros procedentes doutras fontes.

3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente informacións de actualidade, así como traballos e informes académicos, seguindo un guión previamente elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC.

4. Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planificar e revisar os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

Con este criterio búscase comprobar se a redacción das producións do alumnado se axusta ás propiedades textuais todas e se dominan as técnicas fundamentais da escrita compositiva: planificar analizando a situación comunicativa, xerando e organizando as ideas e revisar realizando sucesivas versións.

5. Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para usar con efectividade os recursos e posibilidades da biblioteca do centro, así como os medios audiovisuais e as TIC (dicionarios, buscadores, bibliotecas e enciclopedias virtuais...). Con el comprobaremos se o alumnado pode contrastar e extraer información relevante de diversas fontes e incorporalas aos seus traballos de aula recoñecendo a autoría das ideas recollidas e expresando coas propias palabras algunhas delas.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avaliáase, sobre todo, a aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (as familias léxicas, as referencias internas de tipo léxico, os nexos e conectores), da adecuación, da coherencia e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e, ademais, se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula e para referirse aos coñecementos gramaticais.

Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio preténdese avaliar a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual. Tamén se estimará a capacidade de análise, tras un achegamento activo, do noso contexto sociolingüístico e

de reflexión crítica diante dos prexuízos e mais a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos.

Avaliase a través deste criterio o recoñecemento das circunstancias que actúan na conformación e evolución social das linguas, especialmente das do noso contorno.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

Este criterio está dirixido a coñecer a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario, enmarcándoos nun determinado momento en relación coa evolución das formas e motivos da escrita anterior ao século XX.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Este criterio comprobará se se comprende o fenómeno literario como una actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado. Avaliarase a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir dos textos lidos na aula e, ademais, a realización, en soporte papel ou dixital, dun traballo persoal de síntese e tratamento da información obtida sobre períodos, movementos, autores ou obras ou a participación nun labor colectivo de resolución de problemas no campo literario.

6. 6. PROGRAMACIÓN DE AULA POR UNIDADES

(De acordo co libro da Editorial Anaya)

UNIDADE 1

Obxectivos

1. Entender a intención estética da linguaxe literaria e como condiciona os elementos fónicos, morfolóxicos, léxicos e sintácticos empregados.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do vestiario.
3. Identificar o galego como lingua propia, coñecer os seus constituíntes e a súa evolución histórica desde o seu nacemento como galego-portugués ata o século XIX.
4. Aplicar correctamente as regras de acentuación.
5. Coñecer as principais características da literatura popular.

Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica e analiza algúns recursos que determinan un texto como literario.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do vestiario.
- 3.1. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- 3.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.
- 3.3. Coñece as etapas da historia da lingua galega.

- 4.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.
- 5.1. Coñece as principais características da literatura popular e identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda.
- 5.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos non literarios propostos.
 - Definir conceptos traballados coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
 - Redactar unha descrición física dun personaxe atendendo ao vocabulario aprendido.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Reflexionar acerca da importancia das normas de acentuación e ser capaz de argumentar con solidez o exposto.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar, coñecer e defender.
 - Valorar os traballos creativos propios e alleos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar resumos, sínteses e cadros.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. A intención estética da linguaxe literaria**
 - Lectura do fragmento dunha novela coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Identificación das ideas esenciais de cada parágrafo e da idea central do fragmento.
 - Análise dalgúns recursos que determinan o texto como literario.
- Valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal.
- Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e socio-cultural.
- **Campo semántico do vestiario**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico do vestiario.
 - Resolución de xeroglíficos.
- Interese por ampliar o caudal léxico.
- **O galego, lingua románica**
 - Identificación da procedencia de palabras dadas.
 - Asociación de voces patrimoniais cos étimos correspondentes.
 - Asociación de palabras cultas e patrimoniais.
 - Identificación de voces cultas, semicultas e patrimoniais.
- Valoración da lingua galega desde unha perspectiva histórica.
- **Orixe e evolución histórica do galego como lingua propia de Galicia**
 - Busca de información sobre a toma do monte Medulio e lectura dun poema sobre este tema.
 - Comentario de textos de diferentes etapas da historia da lingua galega.

- Interese por coñecer a orixe e evolución histórica do galego.
- **Regras de acentuación**
 - División de palabras en sílabas.
 - Identificación de ditongos, tritongos e hiatos.
 - Aplicación práctica das regras de acentuación.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.
- **A literatura popular**
 - Comentario dun conto e dunha lenda.
 - Análise e clasificación de cantigas populares.
- Valoración da literatura popular como expresión colectiva da identidade cultural dun pobo.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 2

Obxectivos

1. Entender o concepto de «xénero literario» e recoñecer as características máis destacables dos tres grandes xéneros.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos animais.
4. Descompoñer as palabras nos seus compoñentes e recoñecer o significado dos prefixos e sufixos máis comúns.
5. Clasificar as palabras segundo os seus constituíntes e entender o concepto de «familia léxica».
6. Aplicar correctamente o til diacrítico.
7. Coñecer as principais características da literatura galego-portuguesa medieval.

Criterios de avaliación

- 1.1. Distingue os tres grandes xéneros e recoñece as súas características máis destacables.
- 2.1. Recoñece algúns enlaces léxicos, como as repeticións, a sinonimia, a hiperonimia e a función cohesiva das familias léxicas.
- 3.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos animais.
- 4.1. Analiza os elementos que forman unha palabra.
- 4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e explica o significado dalgúns prefixos.
- 4.3. Recoñece palabras formadas por sufixación e descomponas nos seus elementos, explicando o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.
- 5.1. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.
- 6.1. Aplica correctamente o til diacrítico.
- 7.1. Coñece a orixe e o *corpus* da literatura galego--portuguesa medieval.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
 - Definir conceptos básicos atendendo ás regras lexicográficas de definición.
 - Crear textos propios aplicando o vocabulario aprendido.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Aplicar o aprendido en contextos próximos da vida cotiá.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.

- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar un esquema numérico.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. Os xéneros literarios**
 - Lectura de dous textos literarios coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario dos textos propostos.
 - Exercicios de vocabulario a partir dos textos.
 - Resumo do argumento do texto.
 - Análise dos elementos narrativos, líricos e teatrais do texto.
- Valoración de diversas manifestacións literarias como fonte de pracer e divertimento.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros.
- **Os enlaces léxicos**
 - Análise dos enlaces léxicos que dan cohesión a un texto.
- Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.
- **Campo semántico dos animais**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico dos animais.
 - Resolución de cruzadas e xeroglíficos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **A estrutura das palabras**
 - Análise dos compoñentes de palabras.
 - Formación de palabras mediante a anteposición de prefixos.
 - Clasificación de palabras derivadas segundo teñan sufixos alterativos ou derivativos.
 - Formación de antónimos mediante a anteposición de prefixos.
 - Identificación dos prefixos de palabras derivadas, explicando o seu valor.
 - Identificación do valor dos sufixos de palabras dadas.
 - Diferenciación dos distintos valores do sufixo *-iño*.
 - Formación de xentilicios aplicando o sufixo derivativo adecuado.
- Curiosidade e interese polos mecanismos que rexen a formación das palabras da nosa lingua.
- **Clases de palabras. A familia léxica**
 - Identificación da palabra base da que proceden palabras derivadas.
 - Discriminación de palabras derivadas e parasintéticas.
 - Identificación dos compoñentes de palabras compostas e de compostos cultos.
 - Clasificación de palabras en simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
 - Formación de familias léxicas regulares e irregulares.
- Actitude reflexiva no uso da lingua.
- **A literatura galego-portuguesa medieval**
 - Clasificación de cantigas segundo a temática e a voz textual.
 - Análise e comentario de diferentes cantigas.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 3

Obxectivos

1. Identificar as características do xénero poético.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo atmosférico.

4. Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.
5. Recoñecer o xénero dos substantivos e aplicar as regras de formación de feminino e plural.
6. Coñecer e aplicar correctamente os signos de puntuación.
7. Coñecer as principais características das cantigas de amigo.

Critérios de avaliación

- 1.1. Identifica as características do xénero poético.
- 2.1. Recoñece algúns elementos de cohesión textual e analiza os enlaces léxicos.
- 3.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo atmosférico.
- 4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.
- 5.1. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados, recoñecendo a diferenza de significado que o xénero pode comportar.
- 5.2. Forma o plural de substantivos simples e compostos, e identifica a diferenza de significado que o número pode comportar.
- 6.1. Usa correctamente o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos e os puntos suspensivos.
- 7.1. Identifica e comenta cantigas de amigo.

Competencias

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
- Explicar coas propias palabras o significado de diversos termos.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Poñer exemplos do aprendido.
- Elaborar traballos de maneira individual e expoñelos con corrección diante da clase.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.
- Buscar información en soportes tradicionais (enciclopedia) para ampliar coñecementos.

- Competencia para aprender a aprender

- Facer diferentes esquemas numéricos a partir da información proporcionada no libro de texto.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- Lectura e comentario. O xénero poético

- Lectura dun poema coa entoación axeitada.
- Realización dun comentario do poema proposto.
- Exercicios de vocabulario a partir do texto.
- Enunciación do tema e resumo do argumento.
- Análise das características do texto poético.

- Valoración dos textos poéticos como medio para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.

- Os elementos de cohesión

- Análise dalgúns elementos de cohesión: adverbios, paralelismo, refrán.
- Análise dalgúns enlaces léxicos: repetición, sinonimia, antonimia, hiperonimia.

- Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.

- Campo semántico do tempo atmosférico

- Aplicación práctica das palabras do campo semántico do tempo atmosférico.

- Resolución dun encadeado.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **Os substantivos**
 - Identificación e clasificación de substantivos en textos dados.
 - Correspondencia entre substantivos colectivos e individuais.
 - Correspondencia entre substantivos concretos e abstractos.
 - Análise da función de frases substantivas e nominais en oracións dadas.
- **O xénero e o número do substantivo**
 - Clasificación de substantivos en masculinos e femininos.
 - Clasificación de substantivos con flexión de xénero e invariables.
 - Identificación de substantivos epicenos.
 - Aplicación das principais correspondencias entre masculino e feminino.
 - Análise das diferenzas de significado que as marcas de xénero e número poden comportar.
 - Transformación a feminino e/ou plural de palabras ou enunciados dados.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.
- **Signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos**
 - Aplicación dos signos de puntuación en oracións e textos dados.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección ortográfica.
- **A lírica profana (I): A cantiga de amigo**
 - Comentario de cantigas de amigo.
 - Aplicación dos recursos de paralelismo, leixaprén e refrán para completar unha cantiga.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 4

Obxectivos

1. Identificar as figuras literarias máis comúns nos textos poéticos.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico das árbores, plantas e flores.
3. Identificar semántica, morfolóxica e sintacticamente o adxectivo e coñecer os graos que pode admitir.
4. Coñecer e aplicar correctamente os signos de puntuación.
5. Coñecer as principais características das cantigas de amor.

Criterios de avaliación

- 1.1. Nun texto dado, identifica os recursos semánticos, morfosintácticos e fónicos empregados.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico das plantas.
- 3.1. Identifica semántica, morfolóxica e sintacticamente o adxectivo e aplica correctamente as regras de xénero e número na concordancia co substantivo.
- 3.2. Identifica e aplica os graos que pode admitir o adxectivo.
- 4.1. Usa correctamente a raia, as parénteses e as comiñas.
- 5.1. Identifica e comenta cantigas de amor.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
 - Redactar e expoñer textos atendendo á redacción e á corrección ortográfica.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.

- Analizar e expoñer información achegando argumentos sólidos que a xustifiquen.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información, tanto en soportes tradicionais como dixitais, para ampliar coñecementos.
- **Competencia cultural e artística**
 - Analizar cancións de amor actuais a partir dos coñecementos adquiridos sobre os tópicos das cantigas de amor.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer un esquema de claves e un esquema numérico a partir da información proporcionada no libro de texto.
 - Facer un cadro que recolla o emprego das diferentes partículas comparativas.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. As figuras literarias**
 - Lectura dun soneto coa entoación axeitada.
 - Realización dun comentario do poema proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Identificación da voz textual e análise métrica.
 - Análise dos recursos semánticos, morfosintácticos e fónicos do poema.
- Valoración dos textos poéticos como medio para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.
- **Campo semántico das árbores, plantas e flores**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico das plantas.
 - Clasificación de nomes de árbores segundo o seu xénero.
 - Xeroglíficos e xogos lingüísticos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **O adxectivo cualificativo. Os graos do adxectivo**
 - Recoñecemento e clasificación de adxectivos explicativos e especificativos.
 - Análise da función sintáctica de frases adxectivas en oracións dadas.
 - Transformación de adxectivos masculinos en femininos.
 - Análise do cambio de significado que pode comportar a colocación do adxectivo antes ou despois do substantivo.
 - Transformación dos graos de adxectivos dados.
 - Elección das partículas comparativas adecuadas para completar oracións.
 - Relación de formas sintéticas de comparativo e superlativo con adxectivos dados.
 - Formación de superlativos cultos.
 - Comparación de personaxes aplicando as estruturas comparativas gramaticais.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección gramatical da lingua.
- **Os signos de puntuación: raia, parénteses e comiñas**
 - Aplicación da raia, as parénteses e as comiñas en oracións e textos dados.
- Interese por aplicar correctamente os signos de puntuación.
- **A lírica profana (II): A cantiga de amor**
 - Análise e comentario de diferentes cantigas de amor, atendendo aos recursos formais característicos do xénero.
 - Discriminación de cantigas de refrán e de mestría.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.
- Valoración dos textos literarios como obras de arte que seguen viventes a través do tempo.

UNIDADE 5

Obxectivos

1. Coñecer e diferenciar os xéneros narrativos.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do mar e os barcos.
3. Identificar e diferenciar os adxectivos determinativos.
4. Aplicar correctamente as grafiñas *b* e *v* en palabras dadas.
5. Coñecer as principais características das cantigas de escarnio e maldicir.

Criterios de avaliación

- 1.1. Diferencia e analiza as características da novela e do conto dentro dos xéneros narrativos.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do mar e os barcos.
- 3.1. Identifica os artigos determinados e indeterminados, e emprega correctamente as súas contraccións.
- 3.2. Coñece as regras que rexen o uso das segundas formas do artigo determinado.
- 3.3. Coñece e usa correctamente os demostrativos.
- 3.4. Coñece e usa correctamente os posesivos.
- 3.5. Coñece e usa correctamente os numerais.
- 3.6. Coñece e usa correctamente os indefinidos.
- 3.7. Coñece e usa correctamente os interrogativos e exclamativos.
- 4.1. Aplica correctamente *b* ou *v* en palabras dadas.
- 5.1. Identifica e comenta cantigas de escarnio e maldicir.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Redactar textos diversos atendendo especialmente á corrección ortográfica e á redacción.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Elaborar traballos de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
 - Argumentar e emitir xuízos propios.
- **Competencia social e cidadá**
 - Relaciona as cantigas medievais con algunhas celebracións propias da nosa comunidade, como o Entroido e os Maios.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Recoñecer a idea central dun texto.
 - Facer cadros e diferentes tipos de esquemas.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. O xénero narrativo**
 - Lectura dun conto literario coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Enunciación do tema e elección dun título para o texto.
 - Análise das características que determinan o texto como un conto.
 - Redacción dun conto.
- Valoración de diversas manifestacións literarias como fonte de pracer e divertimento.
- **Campo semántico do mar e os barcos**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico do mar e os barcos.

- Correspondencias semánticas.
- Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado a cada momento.
- **Os determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos**
 - Transformación de enunciados introducindo os artigos precisos e realizando as contraccións oportunas.
 - Identificación da clase de palabras que funcionan como determinantes.
 - Identificación e clasificación dos artigos nun texto dado.
 - Substitución dos determinantes dun texto por artigos determinados, utilizando a primeira e a segunda formas.
 - Aplicación dos demostrativos facendo as contraccións oportunas.
 - Identificación dos significados especiais dos demostrativos e posesivos en enunciados dados.
 - Aplicación dos indefinidos adecuados para completar oracións.
 - Trascrición en letra de números dados.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección gramatical da lingua.
- **Uso de b e v**
 - Aplicación de *b* e *v* para completar palabras.
 - Resolución dunha fuga de letras e de xogos lingüísticos.
 - Discriminación e aplicación de palabras homófonas con *b* e con *v*.
 - Discriminación fonética (o aberto/o pechado) de pares de palabras.
 - Correspondencias entre imaxes e palabras.
- Interese por coñecer o uso correcto das diferentes grafías.
- **A lírica profana (III): a cantiga de escarnio e maldicir**
 - Análise e comentario de diferentes cantigas de escarnio e maldicir.
 - Clasificación temática de diferentes cantigas.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 6

Obxectivos

1. Coñecer e diferenciar os subxéneros narrativos.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo cronolóxico.
4. Identificar os pronomes e a súa función e coñecer as distintas formas e usos dos pronomes persoais.
5. Aplicar correctamente a grafía *h* nas distintas posicións.
6. Coñecer as principais características dos xéneros menores da lírica profana.
7. Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa.
8. Introducirse lixeiramente na prosa medieval.

Criterios de avaliación

- 1.1. Diferencia e analiza as características do relato policial dentro dos xéneros narrativos.
- 2.1. Recoñece algúns conectores consecutivos.
- 3.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico do tempo cronolóxico.
- 4.1. Distingue as formas dos pronomes persoais tónicos e átonos segundo a función que desempeñen, e úsaas correctamente.
- 4.2. Coñece e usa con corrección as formas reflexivas, o pronome de solidariedade e o dativo de interese.
- 4.3. Emprega axeitadamente as formas átonas cando concorren pronomes de CD e de CI.
- 4.4. Coloca correctamente os pronomes persoais átonos antes ou despois do verbo, segundo os casos.
- 5.1. Usa axeitadamente o *h*.
- 6.1. Identifica e comenta prantos, tenzóns e pastorelas.
- 7.1. Identifica e comenta *Cantigas de Santa María*.

8.1. Coñece algunhas obras da literatura galega medieval en prosa.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da comprensión e expresión de diferentes textos literarios.
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Redactar textos diversos atendendo especialmente á corrección ortográfica e á redacción.
 - Memorizar e recitar poemas atendendo especialmente ao ritmo e á entoación.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Elaborar traballos de maneira autónoma, a partir da información recollida e expoñelos perante a clase con fluidez.
 - Reflexionar e comentar diferentes temas de maneira razoada.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información, tanto en soportes tradicionais como dixitais, para ampliar coñecementos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer un esquema de claves.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. O relato policial**
 - Lectura dun relato policial coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Redacción dun relato seguindo as características propias do xénero policial.
- Valoración da literatura como fonte de pracer e divertimento.
- **Os conectores textuais**
 - Análise dos conectores consecutivos que dan cohesión a un texto.
- Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.
- **Campo semántico do tempo cronolóxico**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico do tempo cronolóxico.
 - Explicación de termos relacionándoos coa súa etimoloxía.
 - Resolución de encrucillados, adiviñas e xogos lingüísticos.
 - Buscas no dicionario.
 - Correspondencias semánticas.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **Os pronomes persoais**
 - Localización e clasificación dos pronomes dun texto.
 - Aplicación dos pronomes tónicos e das súas contraccións en enunciados dados.
 - Transformación de enunciados usando os pronomes de cortesía.
 - Discriminación de pronomes tónicos e átonos.
 - Substitución de complementos directos e indirectos por pronomes átonos e as súas contraccións.
 - Aplicación de *te* e *che* en oracións dadas.
 - Localización en enunciados dados do pronome de solidariedade e do dativo de interese.
 - Colocación do pronome persoal en oracións dadas.
- Actitude reflexiva no uso correcto da lingua.
- **Uso do h**
 - Aplicación de *h* en palabras dadas.
 - Resolución de xogos lingüísticos.

- Formación de palabras mediante a adición de prefixos gregos con *h*.
- Aplicación de palabras homófonas e parónimos.
- **Os xéneros menores da lírica profana**
 - Comentario de prantos, tenzóns e pastorelas.
- **A lírica relixiosa e a prosa medieval**
 - Comentario dalgunhas composicións das *Cantigas de Santa María*.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 7

Obxectivos

1. Coñecer e diferenciar os subxéneros narrativos.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos medios de transporte.
3. Identificar o verbo desde o punto de vista semántico, morfolóxico e sintáctico.
4. Conxuga correctamente os verbos regulares e os irregulares.
5. Utilizar correctamente as grafías *s* e *x*.
6. Comprender a situación da literatura galega nos Séculos Escuros e coñecer algunhas mostras literarias conservadas, así como as principais figuras dese período.
7. Comprender a situación da literatura galega no século XIX e coñecer algúns precursores do Rexurdimento.

Criterios de avaliación

- 1.1. Diferencia e analiza as características do relato de ciencia-ficción dentro dos subxéneros narrativos.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos medios de transporte.
- 3.1. Identifica o verbo e descompón unha forma verbal en lexema e desinencias.
- 3.2. Define unha forma verbal segundo os morfemas de número e persoa, tempo, modo e aspecto.
- 4.1. Conxuga correctamente os verbos regulares.
- 4.2. Coñece as peculiaridades dos verbos rematados en *-cer/-cir* e *-uír* e dos verbos con alternancias vocálicas.
- 4.3. Coñece como afectan as principais irregularidades aos verbos irregulares e diferencia neles o tema de presente e o tema de pretérito.
- 5.1. Utiliza correctamente as grafías *s* e *x*.
- 6.1. Comprende a situación da literatura galega nos Séculos Escuros e coñece algunhas mostras literarias conservadas, así como as principais figuras dese período.
- 7.1. Comprende a situación da literatura galega no século XIX e coñece algúns precursores do Rexurdimento.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Escribir textos propios atendendo especialmente ás normas ortográficas e á correcta redacción.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Expón un texto sobre o tema da ciencia-ficción, razoando o seu punto de vista e achegando os argumentos que o xustifican.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información e ampliar coñecementos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar un cadro sobre os modos e os tempos verbais.
 - Elaborar un esquema numérico que recolla as principais etapas da literatura galega no século XIX.

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. O relato de ciencia-ficción**
 - Lectura do fragmento dunha novela de ciencia-ficción coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Resumo do argumento do texto.
 - Análise dos personaxes.
 - Redacción dun relato de ciencia-ficción.
- Valoración de diversas manifestacións literarias como fonte de pracer e divertimento.
- **Campo semántico dos medios de transporte**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico dos medios de transporte.
 - Resolución de anagramas e dun encadeado.
 - Clasificación de palabras por campos semánticos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **O verbo (I): a súa estrutura, os morfemas verbais, os tempos verbais, verbos regulares e verbos irregulares**
 - Identificación da persoa, número, tempo, modo e aspecto en formas verbais dadas.
 - Transformación a voz pasiva de oracións activas dadas.
 - Aplicación das formas verbais adecuadas para completar textos e oracións.
 - Resolución de encrucillados, cruzadas e adiviñas.
 - Análise morfolóxica de formas verbais regulares e irregulares.
 - Transformación de oracións cambiando o tempo das formas verbais.
 - Corrección de castelanismos.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección gramatical da lingua.
- **Uso de s e x**
 - Aplicación de s e x en palabras dadas.
 - Discriminación de palabras parónimas con s e con x.
 - Discriminación de palabras que comezan por *es-/ex-* e *estra-/extra-*.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección ortográfica da lingua.
- **Decadencia e recuperación da literatura: Os Séculos Escuros, a Ilustración, os Precusores do Rexurdimento**
 - Comentario dalgunhas mostras literarias conservadas da época dos Séculos Escuros.
 - Comentario dalgunhas mostras literarias conservadas do século XIX.
 - Comparación de panxoliñas.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 8

Obxectivos

1. Analizar os elementos textuais das obras dramáticas e coñecer os subxéneros teatrais.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico das formas da paisaxe.
3. Coñecer os valores específicos das formas nominais dos verbos.
4. Identificar e clasificar as perífrases verbais e explicar o significado que achegan.
5. Utilizar correctamente as grañas *l* e *ll* en posición intervocálica.
6. Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galegas.

Crterios de avaliación

- 1.1. Analiza os elementos textuais das obras dramáticas e identifica un fragmento teatral dado como traxedia, comedia, farsa ou sainete.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico das formas da paisaxe.
- 3.1. Recoñece as formas nominais e aplica correctamente o infinitivo conxugado.
- 4.1. Identifica as perífrases verbais e analiza o seu significado.
- 5.1. Utiliza correctamente as grafías *l* ou *ll* en posición intervocálica.
- 6.1. Reflexiona sobre a vida de Rosalía de Castro e coñece a importancia da súa obra *Cantares gallegos*.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Escribe textos propios atendendo especialmente á redacción, á corrección ortográfica e ao seu valor estético.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Reflexionar e emitir xuízos propios sobre un tema, expoñendo os argumentos que os xustifican.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información.
- **Competencia social e cidadá**
 - Reflexionar acerca das causas que explicarían a escaseza de mulleres escritoras no século XIX e poñelo en relación coa situación actual.
- **Competencia cultural e artística**
 - Recoñecer a transcendencia da obra de *Cantares gallegos*, cuxa publicación o 17 de maio de 1863 fixou a data do Día das Letras Galegas que cada ano se celebra na nosa Comunidade.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer un esquema de claves.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. O xénero dramático**
 - Lectura dun fragmento teatral coa pronunciación axeitada.
 - Realización dun comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Análise dos elementos teatrais.
- Valoración dos textos teatrais como fonte de pracer e divertimento.
- **Campo semántico das formas da paisaxe**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico das formas da paisaxe.
 - Clasificación de palabras.
 - Buscas no dicionario.
 - Correspondencias de sinónimos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **O verbo (II): As formas nominais, o infinitivo conxugado e as perífrases verbais**
 - Identificación e clasificación de formas nominais.
 - Aplicación do infinitivo conxugado en diferentes oracións.
 - Identificación, clasificación e explicación de perífrases verbais.
 - Substitución de verbos polas perífrases verbais adecuadas, atendendo á significación indicada.

- Actitude reflexiva e esixente na corrección gramatical da lingua.
- **Uso de / e // intervocálicos**
 - Aplicación de / ou // en palabras dadas.
 - Resolución dun encrucillado.
 - Discriminación de parónimos.
- Interese por utilizar correctamente a lingua galega e por evitar os castelanismos.
- **Rosalía de Castro (I): *Cantares gallegos***
 - Análise e comentario dalgúns poemas de *Cantares gallegos*.
 - Clasificación temática dos poemas.
 - Análise da intención de denuncia dalgúns poemas de Rosalía.
 - Análise comparativa do poema «Adiós ríos, adiós fontes» de *Cantares gallegos* e o poema «Cántiga» de Curros Enríquez.
- Valoración do feito literario como medio para dignificar unha lingua e defender o seu valor como medio de expresión literaria.
- Valoración da literatura como medio para loitar contra as inxustizas e problemas que sofre un pobo.

UNIDADE 9

Obxectivos

1. Recoñecer as principais características dun ensaio e identificalo como xénero literario.
2. Recoñecer os conectores textuais máis comúns e os mecanismos de cohesión textual.
3. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico das ferramentas e utensilios.
4. Identificar os adverbios desde o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico e ser capaz de clasificalos.
5. Utilizar correctamente as grafías *n* e *ñ* en posición intervocálica.
6. Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galegas.

Criterios de avaliación

- 1.1. Recoñece as principais características dun ensaio e identifícao como xénero literario.
- 2.1. Identifica algúns conectores de adición e recoñece a súa función na cohesión do texto.
- 3.1. Coñece o vocabulario básico que conforma o campo semántico das ferramentas e utensilios.
- 4.1. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función sintáctica.
- 4.2. Clasifica os adverbios e as locucións adverbiais desde o punto de vista formal e segundo o seu significado.
- 5.1. Utiliza correctamente as grafías *n* e *ñ* en posición intervocálica.
- 6.1. Coñece a contribución de *Follas novas* ao desenvolvemento da literatura galega.

COMPETENCIAS

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Explicar coas propias palabras o significado de diversos termos atendendo ás normas lexicográficas de definición.
 - Crear textos propios atendendo especialmente á redacción, á exposición clara das ideas e á ortografía.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Analizar información de maneira razoada.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información e ampliar coñecementos.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Facer un esquema a partir da información proporcionada no libro de texto.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. O ensaio**

- Lectura comprensiva do fragmento dun ensaio coa pronunciación axeitada.
- Realización dun comentario do texto proposto.
- Análise das principais características do ensaio no texto proposto.

- Interese pola lectura como fonte de información, aprendizaxe e coñecemento.

- **Os conectores textuais**

- Análise dos conectores de adición presentes no texto proposto.

- Curiosidade e interese por coñecer os mecanismos que dan cohesión a un texto.

- **Campo semántico das ferramentas e os utensilios**

- Aplicación práctica das palabras do campo semántico das ferramentas.
- Resolución de anagramas, xeroglíficos e adiviñas.
- Correspondencias semánticas.
- Discriminación de palabras parónimas.
- Explicación de refráns e frases feitas.

- Autoesixencia na elección dun léxico preciso e adecuado.

- **O adverbio e as locucións adverbiais: definición e función, clasificación formal e temática**

- Localización de adverbios e locucións adverbiais nun texto.
- Clasificación de adverbios e locucións adverbiais.
- Substitución de adverbios e locucións por outros similares.
- Correspondencia entre sinónimos e antónimos.
- Resolución de encadeados, xeroglíficos e anagramas.
- Construción de oracións con adverbios e locucións dados.

- Actitude reflexiva e esixente na corrección gramatical da lingua.

- **Uso de *n* e *ñ* en posición intervocálica**

- Aplicación de *n* e *ñ* en posición intervocálica.
- Aplicación de parónimos.
- Resolución dun pasatempo.

- Interese por utilizar correctamente a lingua galega e por evitar castelanismos.

- **Rosalía de Castro (II): *Follas novas***

- Análise e comentario dalgúns poemas de *Follas novas*.
- Clasificación temática dos poemas propostos.
- Reflexión sobre a intención social dalgúns poemas.
- Redacción dunha carta.

- Valoración do feito literario como expresión máis íntima das cuestións que aflixen ao ser humano.

- Recepción da tradición literaria como referencia para creacións artísticas posteriores.

UNIDADE 10

Obxectivos

1. Recoñecer os principais elementos do xornal e diferenciar os distintos xéneros periodísticos.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico da gastronomía e hostalaría.
3. Identificar e clasificar preposicións e conxuncións, e recoñecer as interxeccións.
4. Utilizar correctamente algúns grupos consonánticos.

5. Coñecer as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura e á vida cultural galegas.

Criterios de avaliación

- 1.1. Recoñece e analiza os principais elementos do xornal e diferencia os distintos xéneros periodísticos.
- 2.1. Coñece o vocabulario básico que conforma o campo semántico da gastronomía e hostalaría.
- 3.1. Recoñece e clasifica preposicións e conxuncións e identifica a súa función sintáctica.
- 3.2. Identifica e clasifica interxeccións.
- 4.1. Utiliza correctamente os grupos cultos *-ct-* e *-cc-* e sabe en que casos se suprime ou se vocaliza a primeira consoante do grupo.
- 5.1. Coñece as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura galega.

COMPETENCIAS

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da lectura de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.
- Redactar textos propios atendendo especialmente á ortografía, á claridade expositiva e a tipoloxía textual específica.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Poñer exemplos do aprendido.
- Elaborar traballos de maneira individual e expoñelos con corrección diante da clase.
- Reflexionar e emitir xuízos propios achegando as razóns que os xustifican.

- Competencia cultural e artística

- Recoñecer a transcendencia que tivo a actividade cultural e a obra de Eduardo Pondal para a cultura e as letras galegas.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información e ampliar coñecementos.

- Competencia para aprender a aprender

- Facer diferentes esquemas numéricos e de claves a partir da información proporcionada no libro de texto.
- Facer un cadro coa información gramatical proporcionada no libro de texto.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- Lectura e comentario. Os medios de comunicación: Elementos do xornal, funcións da prensa, xéneros periodísticos

- Lectura comprensiva dunha crónica periodística.
 - Comentario do texto proposto.
 - Exercicios de vocabulario a partir do texto.
 - Análise dos principais elementos do xornal e creación de modelos propios.
 - Creación de fichas cos datos de distintos xornais.
- Conciencia da importancia decisiva dos medios de comunicación social no mundo actual.
 - Actitude crítica ante as mensaxe da prensa, diferenciando entre opinión e información.

- Campo semántico da gastronomía e hostalaría

- Aplicación práctica das palabras do campo semántico da gastronomía e hostalaría.
- Correspondencias semánticas.
- Refrás e frases feitas.
- Redacción da carta dun restaurante.
- Buscas e recompilación de información en internet.

- Pasatempos.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **Elementos de relación: A preposición e a conxunción**
 - Identificación de preposicións e locucións prepositivas.
 - Identificación e clasificación de conxuncións e locucións conxuntivas.
 - Correspondencias entre sinónimos.
 - Aplicación de preposicións e conxuncións para completar textos.
 - Análise sintáctica de oracións, tendo en conta a función das frases preposicionais.
- Orde e precisión na reflexión sobre a lingua.
- **As interxeccións**
 - Análise e clasificación de interxeccións.
- **Algúns grupos consonánticos: -cc- e -ct-**
 - Aplicación de -cc-, -ct-/c-, -t- en diferentes palabras.
 - Resolución dun encrucillado.
- Interese por aplicar correctamente as normas ortográficas.
- **Eduardo Pondal**
 - Análise e comentario dalgúns poemas de Eduardo Pondal.
- Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural dunha época e como medio para dignificar a lingua.
- Valoración da literatura como vehículo para defender os sinais de identidade dun pobo.

UNIDADE 11

Obxectivos

1. Recoñecer os distintos xéneros periodísticos e o tipo de textos que os integran.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos xogos.
3. Recoñecer, clasificar e explicar topónimos e antropónimos.
4. Utilizar correctamente algúns grupos consonánticos cultos.
5. Coñecer as principais contribucións de Curros Enríquez á literatura galega, identificándoo como o iniciador da literatura de protesta social.

Criterios de avaliación

- 1.1. Recoñece e analiza textos periodísticos do xénero informativo, do xénero de opinión e do xénero mixto.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico dos xogos.
- 3.1. Recoñece os topónimos e clasifícaos segundo a súa orixe e segundo o seu significado.
- 3.2. Recoñece os antropónimos e clasifícaos segundo a súa orixe e segundo o seu significado.
- 4.1. Utiliza correctamente os grupos consonánticos *pl*, *cl*, *fl*, *gl*, *tl* e *pr*, *cr*, *fr*, *gr*, *tr*.
- 4.2. Utiliza correctamente os grupos consonánticos *-gm-*, *gn-*, *-gn-* e *pn-*, *ps-*, *pt-*.
- 5.1. Coñece as principais contribucións de Curros Enríquez á literatura galega.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da lectura de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva e crítica diferentes textos periodísticos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Analizar e clasificar topónimos e antropónimos segundo o aprendido na unidade.

- Elaborar traballos de maneira individual e expoñelos con corrección diante da clase.
- Reflexionar e emitir xuízos propios achegando as razóns que os xustifican.
- **Competencia cultural e artística**
 - Recoñecer a trascendencia que tivo a actividade cultural e a obra de Curros Enríquez para a cultura e as letras galegas.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información e ampliar coñecementos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer esquemas e cadros a partir da información proporcionada no libro de texto.
 - Resumir información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. Os xéneros informativos, os xéneros de opinión e os xéneros mixtos**
 - Lectura comprensiva e crítica de diferentes textos periodísticos.
 - Análise dos textos periodísticos propostos.
 - Clasificación de textos periodísticos segundo o xénero.
 - Redacción de titulares.
 - Redacción de noticias a partir de titulares dados e seguindo a estrutura estudada.
 - Análise e comentario da prensa do día
- Conciencia da importancia decisiva dos medios de comunicación social no mundo actual.
- Actitude crítica ante as mensaxes da prensa, diferenciando entre opinión e información.
- **Campo semántico dos xogos**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico dos xogos.
 - Resolución dun encadeado, de xeroglíficos e outros xogos lingüísticos.
 - Explicación de expresións e frases feitas.
 - Busca de información en internet.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.
- **A onomástica: toponimia e antroponimia**
 - Análise e comentario crítico de diferentes textos sobre toponimia e antroponimia.
 - Explicación e clasificación de topónimos segundo o seu significado.
 - Formación de topónimos a partir de nomes de árbores e froitos.
 - Correspondencias entre topónimos e xentilicios.
 - Resolución de xeroglíficos.
 - Buscas en internet e en soportes tradicionais.
 - Explicación e clasificación de antropónimos segundo o seu significado e segundo a súa orixe.
- Curiosidade por coñecer a orixe e o significado dos nosos topónimos e antropónimos.
- **Algúns grupos cultos**
 - Aplicación de *l* ou *r* nos grupos cultos estudados.
 - Discriminación e aplicación de parónimos.
 - Aplicación de palabras cos grupos cultos *pn-*, *ps-* e *pt-*.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.
- **Curros Enríquez**
 - Comentario dalgúns poemas de Curros Enríquez.
 - Clasificación dos poemas propostos segundo a súa temática.
- Valoración da literatura como instrumento de protesta social.
- Defensa do ser humano por riba de calquera concepción ou clasificación socio-económica.

UNIDADE 12

Obxectivos

1. Recoñecer as características da prensa dixital e coñecer algunhas publicacións.
2. Coñecer o vocabulario básico que conforma o campo semántico da prensa.
3. Recoñecer e clasificar as interferencias lingüísticas e evitar os castelanismos.
4. Utilizar correctamente certas palabras que, con frecuencia, ofrecen dificultades ortográficas.
5. Coñecer a situación da prosa e do teatro no século XIX e os seus principais cultivadores.

Criterios de avaliación

- 1.1. Recoñece as características propias da prensa dixital e coñece algunhas publicacións.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario básico que conforma o campo semántico da prensa.
- 3.1. Recoñece e clasifica as distintas interferencias lingüísticas e evita os castelanismos.
- 4.1. Utiliza correctamente as vogais en palabras que ofrecen dúbidas pola interferencia do castelán.
- 4.2. Aplica correctamente os grupos *ca-/cua-/co-* e *ga-/gua-/go-*.
- 5.1. Coñece a situación da prosa e do teatro no século XIX, así como os seus principais cultivadores e contribucións á nosa literatura.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos non literarios.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Poñer exemplos do aprendido.
 - Reflexionar e razoar acerca dun tema, achegando os argumentos que xustifican a propia opinión.
 - Relacionar e establecer comparacións.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información e ampliar coñecementos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Facer unha ficha a partir da información obtida na súa investigación.
 - Elaborar un esquema a partir da información proporcionada no libro de texto.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través da Autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Lectura e comentario. A prensa dixital**
 - Análise das características da prensa dixital.
 - Comparación da prensa de edición en papel e en soporte dixital.
- Conciencia da importancia decisiva dos medios de comunicación social no mundo actual.
- Curiosidade por coñecer e utilizar as novas tecnoloxías.
- **Campo semántico da prensa**
 - Aplicación práctica das palabras do campo semántico da prensa.
 - Correspondencias semánticas.
 - Análise e aplicación de palabras polisémicas.
 - Explicación de expresións e frases feitas.
 - Resolución de pasatempos.
 - Busca de información en internet.
 - Redacción dun artigo de opinión.
- Interese polo enriquecemento do propio vocabulario.

- **Interferencias lingüísticas. Os castelanismos**
 - Clasificación de castelanismos segundo sexan fonéticos, ortográficos, morfosintácticos, léxicos ou semánticos.
 - Corrección de castelanismos.
- Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua e interese por evitar os castelanismos.
- **Algunhas palabras con dificultade: Palabras con *ca-/cua-/co-* e palabras con *ga-/gua-/go-*, uso das vogais**
 - Aplicación de *ca-/cua-/co-* en palabras dadas.
 - Aplicación de *ga-/gua-/go-* en palabras dadas.
 - Aplicación das vogais adecuadas en palabras dadas.
 - Resolución dun encadeado.
- Actitude reflexiva e esixente na corrección ortográfica.
- **Prosa e teatro no século XIX: A novela, o conto literario e o teatro**
 - Análise e comentario dun texto narrativo e de Marcial Valladares.
 - Análise e comentario dun texto teatral de Francisco María de la Iglesia.
- Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural dunha época.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros.

7. CUARTO CURSO.

7.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 4º DE ESO

- a. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- b. Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- c. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribir textos propios da vida cotiá, das relación sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinión razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- e. Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- g. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- h. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.
- l. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- m. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

7.2. CONTIDOS DE 4º DE ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Comprensión de textos orais.

- * Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos...).
- * Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- * Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas...
- * Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- * Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción textos orais.

- * Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
- * Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.
- * Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- * Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
- * Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.
- * Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

- * Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relación sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- * Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director, etc.
- * Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.
- * Comprensión de textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.
- * Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- * Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- * Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos.

- * Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.
- * Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.
- * Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.
- * Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- * Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- * Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.
- * Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e

mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.

* Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.

* Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.

* Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.

* Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

* Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica.

* Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

* Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

* Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

* Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

* Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan enfrontar e superar prexuízos lingüísticos.

* Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.

* Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

* Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel dos personaxes femininos nestas obras.

* Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.

* Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.

* Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.

* Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.

* Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

* Aproveitamento practicamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Todos estes aspectos levaranse a cabo coa axuda do manual da Editorial Anaya.

7.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.

Este criterio hanos dar a posibilidade de comprobar se o alumnado é quen de comprender textos expositivos, recollendo as ideas fundamentais en resumos e esquemas e diferenciando neles información, opinión e persuasión.

2. Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.

Este criterio hanos dar a posibilidade de comprobar se o alumnado é quen de comprender textos expositivos, publicitarios e argumentativos, recollendo as ideas fundamentais en resumos e esquemas; diferenciando información, opinión e persuasión; e valorando a eficacia do texto en relación á intención comunicativa, así como o papel dos procedementos lingüísticos empregados para acadala.

3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente temas de actualidade e traballos académicos seguindo un guión previamente elaborado e axudándose eficazmente dos medios audiovisuais e das TIC, así como de pausas, inflexións da voz, xestos, movementos, etc. que permitan manter a atención do auditorio.

4. Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

Con este criterio preténdese valorar se a redacción das producións do alumando (reclamacións, cartas ao director, artigos de opinión, traballos académicos...) se axusta ás propiedades textuais todas e se dominan as técnicas fundamentais da escrita

compositiva: planificar analizando a situación comunicativa, xerando e organizando as ideas, e revisar realizando sucesivas versións. Tamén permitirá comprobar se se cuida a presentación -en especial aspectos como os índices, tipos de letra, gráficos, mapas conceptuais, citas e bibliografía- e se se aproveitan eficazmente ferramentas como os dicionarios en diferentes soportes, buscadores de internet, correctores ortográficos, procesadores de textos e outros programas informáticos.

5. Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para usar os recursos e posibilidades das bibliotecas, así como os medios audiovisuais e as TIC.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais, se se coñecen os mecanismos de cohesión, da adecuación, da coherencia e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula e para referirse aos coñecementos gramaticais.

8. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio avaliarase a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual.

9. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.

Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas contemporáneas.

10. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario (de distintos cánons), enmarcándoos nun determinado momento en relación coa evolución das formas e motivos da escrita desde comezos do século XX. Porase especial atención na identificación das características dos distintos movementos, apreciando as novidades, e na captación do valor funcional dos recursos retóricos.

11. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os

autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Este criterio pretende comprobar se é comprendido o fenómeno literario como una actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado. Avaliarase a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir dos textos lidos na aula e, ademais, a realización, en soporte papel ou dixital, dun traballo persoal de síntese.

7.4. PROGRAMACIÓN DE AULA POR UNIDADES **(De acordo co libro de texto da Editorial Anaya)**

UNIDADE 1

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa forma de ser.
3. Lembrar e aplicar as regras ortográficas de acentuación.
4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das distintas linguas na Unión Europea e no Estado español e recoñecer os seus dereitos lingüísticos.
5. Coñecer os principais trazos socioculturais da literatura de comezos do século XX e os autores máis salientables no tempo das Irmandades.

Criterios de avaliación

- 1.1. Le e comenta un texto narrativo.
- 1.2. Identifica a estrutura do texto e recoñece os recursos para cumprir a propiedade da adecuación.
- 2.1. Coñece e aplica os adxectivos relacionados coas formas de ser.
- 3.1. Repasa e emprega con corrección as normas de acentuación.
- 4.1. Coñece a realidade plurilingüe do mundo e de España.
- 4.2. Comprende os conceptos de lingua oficial/lingua sen Estado, lingua maioritaria/lingua minoritaria, lingua hexemónica/lingua minorizada.
- 4.3. Recoñece os dereitos lingüísticos da Unión Europea e coñece algúns documentos legais que os sustentan.
- 5.1. Entende o contorno político-cultural do comezo do século XX e diferencia as dúas etapas da produción literaria dese período.
- 5.2. Comenta textos de Ramón Cabanillas e Noriega Varela.

Competencias

- Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
- Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos oficiais.
- Ser capaz de definir conceptos e contextualizar o aprendido.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexionar e argumentar a opinión persoal respecto dun tema dado.
- Preparar a exposición dun tema con autonomía e reflexión e expoñelo antes os demais de maneira clara e documentada.

- Competencia cultural e artística

- Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.
- Valorar a lexislación vixente concerne ás linguas do Estado como un esforzo para defender os dereitos lingüísticos de todos os falantes.

- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas, resumos e cadros que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: As propiedades textuais. A adecuación**
 - Lectura e comentario dun relato de Castelao.
 - Análise das propiedades que debe reunir un texto para facer posible a súa adecuación.
 - Valoración da importancia de adecuar un texto á situación comunicativa na que se produce.
 - Análise crítica das inxustizas sociais: as diferenzas económicas, os desniveis culturais, a discriminación sexual...
- **Campo semántico: Formas de ser**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia entre adxectivos caracterizadores e a súa definición.
 - Identificación dos contrarios dunha serie de adxectivos caracterizadores.
 - Redacción dunha descrición positiva dun personaxe.
 - Interese por aumentar o caudal léxico e evitar castelanismos.
- **Repaso de Ortografía: Acentuación**
 - Aplicación práctica das normas de acentuación en palabras e textos.
 - Discriminación de pares de palabras segundo a súa acentuación.
 - Interese por utilizar correctamente as normas de acentuación, como indicador do correcto dominio da lingua.
- **Estudo da lingua: Unha Europa plurilingüe**
 - Lectura reflexiva de diversos fragmentos de textos oficiais concernentes á defensa das linguas: Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, Constitución Española, Estatuto de Autonomía.
 - Busca de información a través de diferentes páxinas e portais da Rede.
 - Comentario persoal e reflexivo de textos oficiais.
 - Interese por coñecer e manexar correctamente as novas tecnoloxías como canle de consulta.
 - Respecto pola diversidade lingüística e valoración dos esforzos institucionais para a preservación e defensa das linguas.
- **A literatura no tempo das Irmandades. Ramón Cabanillas. Noriega Varela**
 - Comentario de textos poéticos de Ramón Cabanillas e de Noriega Varela.
 - Reflexión acerca da imaxe de Galicia que presentan nos seus poemas.
 - Redacción dun poema.
 - Interese por coñecer o patrimonio literario entendéndoo como produto da situación histórica e sociocultural na que se produce.
 - Sensibilidade estética na lectura de textos poéticos.

UNIDADE 2

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coas emocións e os sentimentos.

3. Lembrar e aplicar correctamente as normas que rexen o uso dos signos de puntuación.
4. Coñecer a situación sociolingüística do galego na actualidade e a lexislación que existe con respecto ao seu uso nos diferentes ámbitos.
5. Coñecer as principais contribucións do Grupo Nós á literatura galega, así como os autores máis salientables deste período.

Criterios de avaliación

- 1.1. Le e comenta un texto narrativo.
- 1.2. Identifica a estrutura do texto e reconece os recursos para cumprir a propiedade da coherencia textual.
- 2.1. Aplica en diferentes contextos o vocabulario básico relacionado coas emocións e os sentimentos.
- 3.1. Repasa e aplica as normas que rexen os signos de puntuación.
- 4.1. Analiza os niveis de competencia e uso do galego na actualidade, así como os factores que interveñen na súa normalización.
- 4.2. Analiza diferentes fragmentos textuais que recollen a lexislación vixente con respecto ao uso e á oficialidade da lingua galega.
- 4.3. Analiza algúns puntos da Lei de Normalización Lingüística referentes ao ensino.
- 5.1. Coñece a contribución dos membros do Grupo Nós á evolución socio-política e cultural da Galicia da época.
- 5.2. Coñece as principais contribucións de Vicente Risco e de Otero Pedrayo á literatura galega e comenta algúns fragmentos da súa produción literaria.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva fragmentos de textos oficiais e textos periodísticos.
 - Ser capaz de definir conceptos e contextualizar o aprendido mediante exemplos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar e emitir xuízos propios respecto dun tema dado.
 - Preparar a exposición dun tema con autonomía e reflexión.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a aplicación da lexislación vixente con respecto ao uso da lingua galega.
 - Valorar a literatura galega como reflexo da situación histórica e sociolingüística dunha época.
 - Desbotar prexuízos lingüísticos e sociais en canto á utilización dunha lingua.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Interpretar gráficos e táboas.
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas, resumos e cadros que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: As propiedades textuais. A coherencia**
 - Lectura e comentario dun relato de Rafael Dieste.
 - Análise das propiedades que debe reunir un texto para resultar coherente.
 - Identificación dos erros de diferentes oracións que impiden a coherencia textual.
 - Respecto polos procedementos de coherencia que facilitan a comunicación lingüística.
 - Valoración da literatura como fonte de pracer e exercicio de enxeño.

- **Campo semántico: Emocións e sentimentos**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia de sinonimia.
 - Derivación verbal a partir de substantivos.
 - Explicación de expresións e frases feitas.
 - Correspondencia entre determinadas palabras e a súa definición.
 - Interese no enriquecemento e uso preciso do propio vocabulario.
- **Repaso de Ortografía: Signos de puntuación**
 - Aplicación das normas que rexen o uso dos signos de puntuación, tanto en oracións como en textos.
 - Interese por utilizar correctamente os signos de puntuación para acadar a correcta comprensión do texto.
- **Estudo da lingua: O galego hoxe**
 - Interpretación de diversos gráficos e táboas que recollen os niveis de competencia lingüística e de lingua habitual en Galicia.
 - Análise dos factores que inciden no emprego do galego nos diferentes ámbitos.
 - Lectura de diversos fragmentos de textos legais concernentes ao uso e á oficialidade do galego: Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística, Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
 - Busca de información a través de diferentes páxinas e portais da Rede.
 - Análise do cumprimento da Lei de Normalización Lingüística nos centros educativos.
 - Comprensión da situación idiomática de Galicia e valoración dos esforzos a favor da normalización lingüística.
 - Conciencia da necesidade de eliminar os prexuízos lingüísticos que impiden o desenvolvemento da lingua galega en todos os ámbitos.
- **Literatura: O Grupo Nós**
 - Comentario de textos narrativos de Vicente Risco e de Otero Pedrayo.
 - Busca en Internet dunha lenda recollida por Vicente Risco.
 - Descrición caricaturesca dun personaxe famoso.
 - Valoración da literatura como vehículo para defender os sinais de identidade dun pobo.
 - Interese por dominar a técnica do comentario como medio de comprensión do contido e da forma dun texto literario.

UNIDADE 3

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coas viaxes.
3. Aplicar as regras ortográficas de uso das maiúsculas.
4. Coñecer as variedades internas da lingua.
5. Coñecer as principais contribucións de Castelao á cultura e á literatura galega.

Criterios de avaliación

- 1.1. Le e comenta un poema de tema mítico.
- 1.2. Coñece os recursos que fan posible a propiedade da cohesión e identifica os conectores e marcadores textuais.
- 2.1. Aplica en diferentes contextos o vocabulario básico relacionado coas viaxes.
- 3.1. Coñecer e aplicar na práctica as regras de uso das maiúsculas.
- 4.1. Coñece as variedades internas da lingua e identifica as variedades temporais, diatópicas, diastráticas e diafásicas.
- 4.2. Identifica os niveis e rexistros da lingua e recoñece o léxico de diferentes xergas.

- 5.1. Coñece as principais contribucións de Castelao á cultura e á literatura galega e comenta algúns dos seus textos máis representativos.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva textos expositivos.
 - Ser capaz de definir conceptos e contextualizar o aprendido.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar e argumentar a opinión persoal respecto dun tema dado e aceptar con educación e tolerancia as ideas diferentes.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar o labor dos intelectuais de principios do século XX na recuperación e promoción da lingua galega.
- **Competencia social e cidadá**
 - Reflexionar acerca das diferenzas sociais e a súa incidencia nas variedades lingüísticas.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas e cadros que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: As propiedades textuais. A cohesión**
 - Lectura e comentario dun poema de Kavafis.
 - Análise dos recursos lingüísticos que dan cohesión a un texto.
 - Identificación e clasificación dos diferentes conectores e marcadores textuais.
 - Transformación de enumeracións en textos.

 - Interese por utilizar correctamente os diferentes enlaces e conectores para proporcionar cohesión a un texto.
 - Valoración da lectura como unha alternativa do tempo de lecer que supón unha fonte de coñecemento e de pracer.
- **Campo semántico: As viaxes**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Buscas no dicionario.
 - Correspondencia entre determinadas palabras e a súa definición.
 - Relacións de sinonimia.
 - Interpretación de iconas.
 - Solución dunha cruzada.

 - Interese por enriquecer o propio vocabulario e por evitar castellanismos.
- **Repaso de Ortografía: Uso das maiúsculas**
 - Aplicación das normas que rexen o uso das maiúsculas.

 - Autoesixencia na aplicación das normas ortográficas.

- **Estudo da lingua: Variedades internas. Variedades temporais, diatópicas, diastráticas e diafásicas. Linguaxes específicas. A variedade estándar**
 - Traslación ao galego actual dun texto escrito en galego-portugués.
 - Reescritura de oracións e textos en diferentes rexistros.
 - Busca en Internet de vocabulario de diferentes xergas.
 - Análise comparativa de textos pertencentes a diferentes niveis e rexistros de lingua.
 - Conciencia das variedades internas que conforman a lingua.
 - Interese por adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.
- **Literatura: Castelao. Outros autores do Grupo Nós**
 - Comentario de textos narrativos de Castelao.
 - Comentario dun fragmento dramático de Castelao.
 - Comentario dun fragmento ensaístico de Castelao e das ideas que nel se expoñen.
 - Busca en Internet dunha lenda.
 - Consultas mediante a Rede de diferentes aspectos da obra gráfica e literaria de Castelao.
 - Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.

UNIDADE 4

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos libros, a edición e a imprenta.
3. Coñecer os procedementos de redución das palabras.
4. Coñecer e identificar as variedades xeográficas da lingua.
5. Coñecer as correntes poéticas vangardistas de principios do século XX e os seus máximos representantes.

Criterios de avaliación

- 1.1. Le e comenta un texto narrativo.
- 1.2. Identifica os aspectos que hai que ter en conta para acadar a corrección lingüística e a presentación adecuada dun texto.
- 2.1. Coñece e aplica en diferentes contextos o vocabulario básico estudado, relacionado cos libros.
- 3.1. Interpreta e emprega correctamente as abreviaturas e os símbolos.
- 3.2. Identifica siglas e acrónimos e coñece as súas características.
- 4.1. Identifica as variedades xeográficas, fonéticas e morfosintácticas, da lingua.
- 4.2. Identifica os trazos característicos dos tres bloques lingüísticos.
- 5.1. Coñece as correntes poéticas de vangarda de principios do século XX e comenta textos dos representantes da Xeración do 25.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler de maneira comprensiva textos expositivos.
 - Ler de maneira comprensiva textos cos trazos propios dos distintos bloques lingüísticos.
 - Ser capaz de explicar conceptos e contextualizar o aprendido.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar e argumentar a opinión persoal respecto dun tema dado e aceptar con educación e tolerancia as ideas diferentes.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar e respectar as diferenzas dialectais da nosa lingua.

- Memorizar e recitar poemas.
- Valorar o labor dos intelectuais de principios do século XX na apertura de España ás novas tendencias europeas.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Interpretar mapas lingüísticos.
 - Interpretar abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas, resumos e cadros que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: As propiedades textuais. A corrección e a presentación**
 - Lectura e comentario dun texto narrativo de Blanco Amor.
 - Análise dos aspectos lingüísticos que interveñen na corrección dun texto e daqueles que hai que coidar na súa presentación.
 - Substitución de verbos comodín por outros máis precisos.
 - Corrección de erros.
 - Valoración da corrección lingüística dun texto e da importancia dunha boa presentación.
- **Campo semántico: Os libros. Edición e imprenta**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Buscas no dicionario e formación de familias léxicas.
 - Identificación das distintas partes dun libro.
 - Interpretación de diferentes símbolos e siglas presentes na páxina de dereitos dun libro.
 - Explicación de expresións e frases feitas.
 - Interese por enriquecer o caudal léxico persoal.
- **Ortografía: A abreviación. Abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos**
 - Explicación do significado de abreviaturas e símbolos dados.
 - Transformación de palabras nas abreviaturas e símbolos correspondentes.
 - Clasificación de abreviaturas en simples, compostas ou dobres.
 - Interpretación de siglas e acrónimos.
 - Curiosidade e interese por saber interpretar as palabras abreviadas que aparecen acotío nos distintos medios.
- **Estudo da lingua: Variedades xeográficas. Bloques lingüísticos**
 - Identificación dos trazos lingüísticos de textos pertencentes aos distintos bloques.
 - Situación de diferentes palabras nun mapa de Galicia segundo os trazos lingüísticos que presenten.
 - Interese por coñecer as variedades dialectais da nosa lingua.
 - Respecto perante as variantes fonéticas e morfosintácticas da lingua galega.
- **Literatura: Literatura de vangarda. A Xeración do 25. Prosa vangardista**
 - Comentario de textos dos máximos representantes das correntes poéticas de principios do século XX: Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio.
 - Comentario dun fragmento do *Manifiesto* de Manuel Antonio e das ideas que nel se expoñen.
 - Consultas na Rede de diferentes aspectos da obra literaria destes autores.
 - Valoración dos recursos innovadores na poesía e da función estética da linguaxe.

UNIDADE 5

Obxectivos didácticos

1. Coñecer e analizar os trazos e os recursos propios dos textos expositivos.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coas artes.
3. Repasar e aplicar correctamente as normas de uso de *h* e de *b/v*.
4. Diferenciar entre fonema, son e grafía e saber caracterizar os fonemas vocálicos e os consonánticos.
5. Coñecer o panorama cultural da prosa de posguerra, as xeracións e os seus representantes destacados.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza a estrutura e os trazos característicos dun texto expositivo.
- 1.2. Sabe redactar un *currículum* e unha instancia.
- 2.1. Aplica en diversos contextos o vocabulario básico estudado, relacionado coas artes.
 - 3.1. Aplica correctamente *b* e *v*.
 - 3.2. Escribe correctamente palabras con *e* sen *h*.
- 4.1. Caracteriza os fonemas vocálicos segundo o grao de abertura e a localización, e dependendo da posición (tónica, átona ou final de palabra) que ocupe.
- 4.2. Caracteriza os fonemas consonánticos segundo o punto de articulación e o modo de articulación.
- 4.3. Identifica as sílabas e diferencia ditongos, tritongos e hiatos.
- 5.1. Coñece o panorama cultural da prosa de posguerra e comenta textos de Blanco Amor como un dos máximos representantes da narrativa dos anos 50.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler e comprender textos do ámbito académico.
 - Compoñer textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como o *currículum* e a instancia.
 - Ser capaz de contextualizar o aprendido mediante exemplos.
 - Valorar a pronunciación correcta das vogais semiabertas e semipechadas como mostra do nivel de lingua dun galegofalante.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Elaborar unha exposición oral sobre un tema dado, con iniciativa e autonomía persoal.
- **Competencia cultural e artística**
 - Mostrar curiosidade polas mostras arqueolóxicas e polas manifestacións artísticas propias da nosa cultura.
 - Valorar o esforzo vital realizado polos escritores da posguerra para defender, recuperar e conservar a nosa lingua e a nosa cultura.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Ler e intepretar correctamente cadros e esquemas.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: Os textos expositivos**
 - Lectura dun texto expositivo sobre os petroglifos.
 - Análise da estrutura dun texto expositivo.
 - Análise dos mecanismos de cohesión e das características que o caracterizan como tal.
 - Elaboración dun texto expositivo a partir dunha ficha.
 - Redacción dun currículo e dunha instancia.
 - Valoración dos recursos propios dos textos expositivos para expoñer un tema con claridade.
 - Curiosidade por coñecer a arte rupestre en territorio galaico.

- **Campo semántico: As artes**
- Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia entre termos e definicións dadas.
 - Buscas no dicionario.
 - Relacións de sinonimia e clasificacións por campos semánticos.
 - Explicación de expresións e frases feitas.
 - Interese por enriquecer o caudal léxico persoal e por evitar castelanismos.
- **Repaso de Ortografía: Uso de h e de b/v**
 - Aplicación práctica de h e de b/v en palabras e textos.
 - Aplicación e discriminación de palabras homófonas.
 - Identificación de erros e de castelanismos.
 - Resolución dunha fuga de letras.
 - Autoesixencia na aplicación correcta dalgunhas grafías.
- **Estudo da lingua: Fonética. Sistema vocálico e consonántico. As sílabas**
 - Identificación do timbre de diferentes vogais en situación tónica.
 - Discriminación de pares de palabras que se diferencian polo trazo semiaberto/semipechado da súa vogal tónica.
 - Definición de fonemas consonánticos segundo o punto de articulación e o modo de articulación.
 - División de palabras en sílabas.
 - Identificación e clasificación de ditongos, tritongos e hiatos.
- **Literatura: A narrativa de posguerra. Eduardo Blanco Amor**
 - Comentario de fragmentos narrativos de Blanco Amor.
 - Análise da realidade histórica e social que se reflicte na súa obra.
 - Aprecio polo patrimonio literario propio, como expresión lingüística de identidade colectiva e de cultura privilexiada.

UNIDADE 6

Obxectivos didácticos

1. Coñecer e analizar os trazos e os recursos propios dos textos argumentativos.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos deportes.
3. Repasar e aplicar correctamente as regras do xénero e do número.
4. Coñecer a diferenza entre enunciado, frase e oración e saber clasificar as distintas frases.
5. Coñecer o panorama cultural da prosa de posguerra, as xeracións e os seus representantes destacados.

Criterios de avaliación

- 1.1. Recoñece a estrutura e as características propias dos textos argumentativos.
- 2.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado, relacionado cos deportes.
- 3.1. Identifica o xénero de diferentes palabras e aplica correctamente as regras de formación do feminino.
- 3.2. Aplica correctamente as regras de formación do plural.
- 4.1. Diferencia na práctica enunciado, frase e oración.
- 4.2. Analiza diferentes tipos de frases e clasifícaaas segundo o grao de complexidade e segundo os seus compoñentes.
- 4.3. Diferencia oracións simples e compostas e define unha oración simple segundo a natureza do predicado, a voz verbal e o seu significado.
- 5.1. Comenta textos de Álvaro Cunqueiro e de Ánxel Fole como máximos representantes da narrativa dos anos 50.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ler e comprender textos periodísticos de carácter argumentativo.
 - Ser capaz de contextualizar o aprendido mediante exemplos.
- **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico**
 - Respetar o medio e valorar todos os hábitos persoais e os procedementos oficiais para a súa conservación.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Elaborar unha exposición oral sobre un tema dado, con iniciativa e autonomía persoal.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a tradición popular como manifestación colectiva dun pobo e como base para a creación de textos literarios.
 - Valorar o esforzo vital realizado polos escritores da posguerra para defender, recuperar e conservar a nosa lingua e a nosa cultura.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar cadros e esquemas que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: Os textos argumentativos**
 - Lectura e comentario dun texto argumentativo sobre as covas do Rei Cintolo.
 - Análise e clasificación dos argumentos expostos no texto.
 - Redacción dun texto argumentativo.
 - Análise dos procedementos de cohesión presentes no texto.
 - Redacción dun texto literario a partir dunha lenda.
 - Consulta de información en Internet.
 - Curiosidade por coñecer a nosa riqueza natural e interese por conservar o medio.
- **Campo semántico: Os deportes**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia entre termos e definicións ou ilustracións propostas.
 - Interpretación de anagramas.
 - Relacións de sinonimia.
 - Resolución de xeroglíficos.
 - Interese por enriquecer o caudal léxico persoal e por evitar castelanismos.
- **Repaso de Morfoloxía: Xénero e número**
 - Identificación do xénero de substantivos dados.
 - Aplicación das normas de concordancia para indicar o xénero.
 - Corrección de erros e de castelanismos.
 - Formación do feminino de substantivos en masculino.
 - Formación do plural de substantivos en singular.
 - Formación do plural de palabras compostas.
 - Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.

- **Estudo da lingua: Sintaxe. As unidades lingüísticas: frases e oración**
 - Identificación do tipo de unidade que constitúe un enunciado dado.
 - Identificación, análise sintáctica e clasificación de frases.
 - Identificación e clasificación de oracións.
 - Discriminación da intención comunicativa dunha oración segundo a súa puntuación.
 - Transformación de oracións activas en pasivas, e viceversa.
- **Literatura: A narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole**
 - Comentario de fragmentos narrativos de Álvaro Cunqueiro.
 - Comentario de relatos de Ánxel Fole.
 - Busca de información en Internet.
 - Creación dun relato de intención literaria a partir dos modelos traballados.
- Estimación positiva da práctica do comentario como medio de análise do fondo e da forma de textos literarios.
- Valoración da fantasía e da tradición popular como fonte de inspiración para a creación literaria.

UNIDADE 7

Obxectivos didácticos

1. Coñecer e analizar os aspectos básicos da narración literaria.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos espectáculos.
3. Repasar e aplicar correctamente os pronomes átonos de complemento directo e de complemento indirecto.
4. Coñecer as funcións sintácticas que se establecen na oración simple.
5. Coñecer o panorama cultural da prosa de posguerra, as xeracións e os seus representantes destacados.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza a historia e o relato dunha narración e diferencia argumento, trama e tema.
- 1.2. Analiza o tipo de narrador dun texto narrativo.
- 2.1. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado, relacionado co circo, o cine e o teatro.
- 3.1. Coñece e utiliza correctamente os pronomes átonos en función de complemento directo e indirecto, así como a concorrencia das súas formas.
- 4.1. Nunha oración, identifica o predicado e diferencia entre predicado nominal e verbal.
- 4.2. Identifica e analiza o suxeito dunha oración e diferencia oracións con suxeito elidido e oracións impersoais.
- 4.3. Recoñece os diferentes complementos que poden aparecer nun predicado e as unidades que poden desempeñar cada función.
- 5.1. Coñece as características da narrativa dos anos 60 e a produción literaria de Neira Vilas.
- 5.2. Coñece as novidades temáticas e técnicas da Nova Narrativa Galega e comenta textos de Méndez Ferrín e Carlos Casares como máximos representantes.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ser capaz de contextualizar o aprendido mediante exemplos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Elaborar unha exposición oral sobre un tema dado, con iniciativa e autonomía persoal.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a incorporación, por parte de certos grupos e autores, das novas visións do mundo e das técnicas literarias modernas.
 - Valorar o esforzo vital realizado polos escritores da posguerra para defender, recuperar e conservar a nosa lingua e a nosa cultura.

- **Competencia social e cidadá**
 - Reflexionar acerca das diferenzas sociais e das causas que poden levar un pobo á emigración.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información utilizando fontes de consulta tradicionais e aproveitando as vantaxes que proporcionan as novas tecnoloxías.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas e resumos que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: O texto narrativo. O narrador**
 - Lectura dun texto narrativo de Carlos Casares.
 - Resumo do argumento e da trama.
 - Enunciación do tema.
 - Análise e clasificación do narrador.
 - Reescritura do texto cambiando a persoa narrativa.
 - Valoración da lectura como unha alternativa do tempo de lecer que supón unha fonte de coñecemento e de pracer.
- **Campo semántico: O circo e outros espectáculos**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia entre termos e definicións dadas.
 - Identificación das partes do teatro nunha ilustración.
 - Explicación de palabras polisémicas.
 - Recoñecemento de anagramas.
 - Interese polo enriquecemento e uso preciso do propio vocabulario.
- **Repaso de Morfoloxía: Os pronomes átonos de CD e CI**
 - Identificación e clasificación de pronomes nun texto.
 - Aplicación das formas *te/che* e *lle/lles*.
 - Substitución de frases de CD e CI pola concorrencia de formas átonas correspondente.
 - Autoesixencia na corrección gramatical.
- **Estudo da lingua: As funcións sintácticas**
 - Identificación do suxeito e do predicado de diferentes oracións.
 - Análise sintáctica do suxeito e clasificación da oración segundo a presenza/ausencia de suxeito.
 - Clasificación de oracións en predicativas ou copulativas.
 - Identificación do CD e substitución polo pronome átono correspondente.
 - Identificación do CI e substitución polo pronome átono correspondente.
 - Diferenciación entre atributo e complemento predicativo.
 - Análise sintáctica dos complementos de diferentes oracións.
- **Literatura: A narrativa de posguerra. Neira Vilas. Nova Narrativa Galega**
 - Comentario de fragmentos narrativos de Xosé Neira Vilas.
 - Comentario de textos de Carlos Casares e Méndez Ferrín, e identificación dos trazos propios da Nova Narrativa Galega.
 - Valoración da literatura como instrumento de denuncia social e reflexo da situación social dunha época.
 - Valoración do esforzo dalgúns escritores por abrir a literatura galega ás novas visións do mundo e ás técnicas literarias modernas.

UNIDADE 8

Obxectivos didácticos

1. Coñecer e analizar os aspectos básicos da narración literaria.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado cos sentidos e as sensacións.
3. Repasar e aplicar correctamente a colocación dos pronomes átonos e o uso dos dativos de interese e de solidariedade.
4. Recoñecer as oracións compostas por coordinación e por subordinación e clasificar as oracións coordinadas.
5. Coñecer o panorama cultural da poesía de posguerra, as xeracións e os seus representantes destacados.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza o tempo e o espazo dunha narración literaria.
- 2.1. Aplica en diferentes contexto o vocabulario básico estudado, relacionado cos sentidos e as sensacións.
- 3.1. Coloca correctamente os pronomes persoais átonos.
- 3.2. Recoñece e aplica correctamente os dativos de interese e de solidariedade.
- 4.1. Diferencia oracións compostas por coordinación e por subordinación.
- 4.2. Analiza e clasifica oracións compostas por coordinación.
- 5.1. Coñece o panorama cultural da poesía de posguerra e as distintas xeracións que se manifestan nesta época.
- 5.2. Comenta textos de Celso Emilio Ferreiro como máximo representante da Xeración do 36.
- 5.3. Comenta textos de Luz Pozo como principal representante da Promoción de Enlace.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ser capaz de contextualizar o aprendido mediante exemplos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar acerca dun tema e expoñer as conclusións de maneira razoada.
 - Ser capaz de establecer diferenzas entre dous conceptos estudados.
 - Preparar de maneira autónoma unha exposición oral sobre un tema dado.
- **Competencia cultural e artística**
 - Memorizar e recitar un poema, coa entoación e o sentimento adecuados.
 - Valorar o esforzo dos escritores da posguerra por recuperar o cultivo literario en lingua galega.
- **Competencia social e cidadá**
 - Reflexionar acerca da importancia da literatura como instrumento de compromiso social e denuncia de inxustizas.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información utilizando fontes de consulta tradicionais e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas e resumos que sintetizen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: O texto narrativo. O espazo e o tempo**
 - Lectura dun texto narrativo de Méndez Ferrín.

- Análise e caracterización da localización espacial.
 - Diferenciación entre percorrido circular, de desterro e labiríntico.
 - Análise do tempo histórico ou cronolóxico no que se sitúan os feitos.
 - Análise do tempo do discurso e das técnicas empregadas para alterar a orde dos acontecementos.
 - Análise do valor simbólico do espazo.
- **Campo semántico: Sentidos e sensacións**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Correspondencia entre palabras e o seu significado.
 - Clasificacións de palabras.
 - Correspondencia de sinonimia.
 - Substitución de verbos comodín por outros de significado máis preciso.
 - Derivación substantiva a partir de adxectivos.
 - Explicación de locucións e frases feitas.
 - Interese polo enriquecemento e uso preciso do propio vocabulario.
- **Repaso de Morfoloxía: Colocación dos pronomes átonos. Dativo de interese e dativo de solidariedade**
 - Identificación e aplicación do dativo de interese e do dativo de solidariedade.
 - Aplicación das normas de colocación dos pronomes átonos.
 - Autoesixencia na corrección gramatical.
- **Estudo da lingua: As oracións compostas. Clases de oracións coordinadas**
 - Identificación de oracións compostas e clasificación segundo sexan por coordinación ou por subordinación.
 - Recoñecemento das oracións xustapostas e análise da relación que se establece entre elas.
 - Clasificación de oracións coordinadas e identificación do seu valor.
 - Aplicación dos nexos coordinantes para completar oracións.
 - Análise sintáctica de diferentes oracións coordinadas.
- **Literatura: A poesía de posguerra. Xeración do 36. Promoción de Enlace**
 - Comentario de textos poéticos de Celso Emilio Ferreiro.
 - Comentario de textos poéticos de Luz Pozo Garza.
 - Valoración da literatura como instrumento de denuncia social e defensa da paz.

UNIDADE 9

Obxectivos didácticos

1. Recoñecer as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cómic.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coas leis.
3. Repasar e aplicar correctamente os artigos e os adxectivos determinativos.
4. Identificar, clasificar e analizar oracións subordinadas substantivas e adxectivas.
5. Coñecer o panorama cultural da poesía de posguerra, as xeracións e os seus representantes destacados.
6. Coñecer o panorama do teatro nos anos da posguerra.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza nun cómic o código lingüístico e iconográfico empregados.
- 2.1. Aplica o vocabulario básico estudado, relacionado coas leis.
- 3.1. Repasa e aplica correctamente os determinantes e as súas contraccións.
- 3.2. Identifica e aplica os valores especiais dos demostrativos e dos posesivos.
- 4.1. Analiza oracións subordinadas substantivas e clasifícaaas segundo a función que desempeñen.
- 4.2. Analiza e clasifica oracións subordinadas adxectivas.
- 5.1. Comenta textos dos poetas máis representativos da Xeración das Festas Minervais.

6.1. Coñece o panorama do teatro nos anos da posguerra.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ser capaz de definir palabras conforme aos criterios lexicográficos.
 - Ser capaz de explicar conceptos traballados, con corrección e adecuación.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar de maneira persoal acerca dun tema e expoñer as conclusións de maneira razoada.
 - Preparar de maneira autónoma unha exposición oral sobre un tema dado.
 - Ler un cómic analizando, de maneira crítica e con criterio persoal, o seu contido ideolóxico.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar o cómic ou banda deseñada como unha manifestación artística capaz de transmitir unha determinada mensaxe.
 - Valorar o esforzo dos escritores da posguerra por recuperar o cultivo literario en lingua galega.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Buscar información utilizando fontes de consulta tradicionais e aproveitando as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar cadros e esquemas que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: A banda deseñada**
 - Lectura dun fragmento dunha banda deseñada de Miguelanxo Prado.
 - Análise do código lingüístico e iconográfico da banda deseñada proposta.
 - Comentario do contido.
 - Análise dos planos utilizados.
 - Pescuda en Internet sobre autores galegos de banda deseñada.
 - Valoración da visión crítica da realidade presentada polos cómics.
 - Valoración das posibilidades estéticas dos códigos verbais e non-verbais.
- **Campo semántico: As leis**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
 - Buscas no dicionario.
 - Identificación de erros e de castelanismos.
 - Correspondencias de sinonimia.
 - Explicación de locucións e frases feitas.
 - Resolución de xeroglíficos.
 - Interese por enriquecer o vocabulario.
- **Repaso de Morfoloxía: Artigos e adxectivos determinativos**
 - Aplicación de artigos e demostrativos, así como das súas respectivas contraccións.
 - Identificación do valor especial dalgúns formas dos demostrativos.
 - Aplicación dos posesivos distributivos e das formas de *meu, de teu, de seu...*
 - Aplicación das distintas clases de numerais.
 - Discriminación de adxectivos determinativos e cualificativos en textos dados.
 - Autoesixencia na corrección gramatical.

- **Estudo da lingua: As oracións subordinadas**
 - Identificación e clasificación de oracións subordinadas.
 - Clasificación de oracións subordinadas substantivas segundo a súa función con respecto á principal.
 - Identificación e clasificación de oracións subordinadas adxectivas.
 - Análise da función que desempeña o pronome relativo dentro da subordinada adxectiva.
 - Análise sintáctica de oracións subordinadas substantivas e adxectivas.
- **Literatura: A poesía de posguerra. Xeración das Festas Minervais. O teatro na posguerra**
 - Comentario de textos poéticos de Uxío Novoneyra, Manuel María, Avilés de Taramancos, Xohana Torres, Bernardino Graña e Méndez Ferrín.
 - Audición de poemas a través da Internet.
 - Gusto pola lectura e comentario de textos poéticos.

UNIDADE 10

Obxectivos didácticos

1. Coñecer as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cine.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado co pan e os doces.
3. Repasar e utilizar correctamente a conxugación dos verbos, regulares e irregulares.
4. Identificar e clasificar as oracións subordinadas adverbiais.
5. Coñecer o panorama cultural a partir de 1975, as características da narrativa actual e os seus representantes destacados.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza en fotogramas ou guións dados o código lingüístico e iconográfico empregados.
- 2.1. Aplica en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 3.1. Utiliza correctamente os verbos regulares e os verbos irregulares con variacións.
- 3.2. Utiliza correctamente os verbos irregulares.
- 4.1. Analiza e clasifica correctamente oracións subordinadas adverbiais propias e impropias.
- 5.1. Coñece as características da narrativa actual e comenta textos dos seus representantes máis destacados.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ser capaz de explicar conceptos traballados e contextualizalos mediante exemplos.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar acerca dun tema e expoñer as conclusións de maneira razoada.
 - Preparar de maneira autónoma unha exposición oral sobre un tema dado.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar o cine como unha manifestación artística capaz de transmitir unha determinada mensaxe.
 - Valorar as lendas e a literatura tradicional como manifestación da maneira de sentir e de interpretar a realidade dun pobo.
 - Valorar a literatura como medio privilexiado para reflectir a realidade e denunciar as inxustizas sociais.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
 - Consultar con eficacia diferentes fontes tradicionais co fin de recompilar información.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas e resumos que sinteticen a información.

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- Análise de textos: A linguaxe cinematográfica

- Lectura dun fragmento do guión da película *A lingua das bolboretas*.
- Análise do rexistro lingüístico utilizado no guión.
- Visionado da secuencia e comentario dos aspectos técnicos (planos, encadramentos, iluminación...).
- Lectura dos relatos de *Que me queres, amor?*, de Manuel Rivas, e análise comparativa co guión da película.
- Reflexión acerca das semellanzas entre un guión cinematográfico e unha obra teatral.
- Valoración das posibilidades comunicativas da linguaxe cinematográfica.

- Campo semántico: Pan, doces e outras lambetadas

- Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
- Identificación de termos correspondentes ao mesmo campo semántico.
- Correspondencia entre termos e as súas definicións.
- Explicación de locucións e frases feitas.
- Resolución dun encrucillado.
- Interese por enriquecer o vocabulario e por evitar castelanismos.

- Repaso de Morfoloxía: O verbo

- Aplicación práctica do uso dos verbos regulares.
- Aplicación práctica do uso dos verbos regulares con variacións.
- Aplicación práctica do uso dos verbos irregulares.
- Reescritura de textos cambiando o tempo verbal.
- Análise morfolóxica de formas verbais.
- Autoesixencia na corrección gramatical.

- Estudo da lingua: As oracións subordinadas

- Identificación e clasificación de oracións subordinadas adverbiais, segundo sexan propias ou impropias e segundo os nexos que as introducen.
- Análise sintáctica de oracións subordinadas adverbiais.
- Identificación e clasificación de oracións subordinadas, segundo sexan substantivas, adxectivas ou adverbiais.

- Literatura: A narrativa actual

- Comentario de textos narrativos de Alfredo Conde, Manuel Rivas, Marilar Aleixandre e Suso de Toro.
- Busca de información a través dun buscador de Internet.
- Consulta nunha escolma de lendas galegas.
- Consulta, a través de diversas fontes, da situación política reflectida nos textos.
- Redacción dun texto expositivo a partir dun tema dado.
- Lectura, a través de Internet, doutros textos dos autores tratados.
- Gusto pola lectura e comentario de textos narrativos.

UNIDADE 11

Obxectivos didácticos

1. Coñecer o proceso de creación dun programa televisivo ou radiofónico.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa televisión, a radio e o cine.
3. Recoñecer e aplicar correctamente o infinitivo conxugado e as perífrases verbais.
4. Coñecer as relacións semánticas que se poden establecer entre as palabras desde o punto de vista do

significado.

5. Coñecer as características, grupos e representantes máis salientables da poesía e do teatro actuais.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece os sistemas expresivos que comparten a televisión e a radio e sabe cales son os xéneros televisivos e radiofónicos.
- 2.1. Aplica en distintos contextos o campo semántico do cine, a radio e a televisión.
- 3.1. Sabe cales son as desinencias do infinitivo conxugado e cando se emprega.
- 3.2. Identifica e clasifica as perífrases verbais.
- 4.1. Recoñece e diferencia palabras polisémicas e homónimas.
- 4.2. Aplica correctamente sinónimos e diferencia entre sinónimos perfectos e imperfectos.
- 4.3. Aplica correctamente os antónimos e diferencia entre antónimos propiamente ditos, complementarios e recíprocos.
- 5.1. Comenta textos dos máximos representantes da poesía e do teatro actuais.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos literarios.
 - Ser capaz de explicar e contextualizar conceptos traballados.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Reflexionar acerca dun tema e expoñer as conclusións.
 - Preparar unha exposición oral sobre un tema dado.
 - Valorar de maneira reflexiva e crítica os diferentes programas de radio e de televisión.
- **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a literatura como medio privilexiado para reflectir a realidade e denunciar inxustizas.
 - Valorar as innovacións literarias.
- **Competencia social e cidadá**
 - Reflexionar acerca do diferente tratamento do home e da muller a través da Historia escrita.
 - Valorar o traballo da muller ao longo da Historia e desbotar calquera criterio de discriminación por razón de sexo.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para realizar audicións de poemas.
 - Consultar con eficacia diferentes fontes tradicionais.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar esquemas que sinteticen a información.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: A linguaxe radiofónica e televisiva**
 - Lectura dun fragmento do guión dun episodio da serie documental *Historias de Galicia*.
 - Análise das diferentes secuencias e da súa disposición no texto.
 - Redacción dun texto argumentativo.
 - Análise comparativa de textos.
 - Visionado do capítulo televisivo ao que pertence o guión.
 - Actitude crítica ante calquera manifestación discriminatoria con respecto á muller.
 - Valoración das posibilidades comunicativas da linguaxe radiofónica e televisiva.
- **Campo semántico: Televisión, radio e cine**
 - Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.

- Correspondencia entre termos e as súas definicións.
- Formación de palabras compostas.
- Resolución dunha cruzada.

- Interese por enriquecer o vocabulario e por evitar castelanismos.

- **Repaso de Morfoloxía: Infinitivo conxugado e perífrases verbais**
 - Identificación e aplicación práctica do infinitivo conxugado.
 - Substitución de fragmentos textuais por infinitivos conxugados.
 - Xustificación da presenza ou ausencia do infinitivo conxugado nun texto.
 - Identificación e clasificación de perífrases en oracións e textos.

 - Autoesixencia na corrección gramatical.

- **Estudo da lingua: As relacións semánticas**
 - Identificación de palabras polisémicas e explicación dos seus significados.
 - Clasificación de palabras homónimas en homógrafas e homófonas.
 - Discriminación entre palabras polisémicas e homónimas.
 - Construción de oracións con pares de palabras homófonas e homógrafas.
 - Construción de oracións con palabras parónimas.
 - Correspondencia entre sinónimos.
 - Correspondencia entre antónimos.

- **Literatura: Poesía e teatro actuais**
 - Comentario de textos poéticos de diferentes autores do panorama poético actual.
 - Comentario dun fragmento dramático de Roberto Vidal Bolaño.
 - Busca de información a través dun buscador de Internet.
 - Lectura de poemas da literatura actual a través de Internet.
 - Audición de poemas na Rede na voz dos propios poetas.

 - Sensibilidade estética perante as producións dramáticas, valorando os seus elementos creativos e expresivos.
 - Gusto pola lectura de textos poéticos.

UNIDADE 12

Obxectivos didácticos

1. Analizar a linguaxe publicitaria, os seus recursos e finalidade.
2. Coñecer o vocabulario básico relacionado coa publicidade.
3. Recoñecer e aplicar correctamente os adverbios, as preposicións e as conxuncións.
4. Coñecer as causas dos cambios semánticos e comprender os conceptos de *eufemismo* e *tabú*.
5. Recoñecer nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.

Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza mensaxes publicitarias, desde o punto de vista lingüístico e iconográfico.
- 2.1. Aplica en diversos contextos o vocabulario básico estudado, relacionado coa publicidade.
- 3.1. Aplica e clasifica correctamente adverbios e locucións adverbiais.
- 3.2. Identifica e utiliza correctamente as preposicións e as súas contraccións.
- 3.3. Identifica as conxuncións e clasifícaaas en coordinantes e subordinantes.
- 4.1. Explica o cambio semántico producido en diversas palabras.
- 4.2. Identifica e relaciona palabras tabú e eupemismos.
- 5.1. Comenta diferentes textos de literatura dixital.

Competencias

- **Competencia en comunicación lingüística**
 - Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes

textos literarios.

- Exercitar a capacidade lingüística para interpretar, analizar e crear mensaxes publicitarias.
- Ser capaz de explicar e contextualizar conceptos traballados.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Argumentar e emitir xuízos propios sobre diferentes temas, con argumentos sólidos e razoados.
- Preparar unha exposición oral sobre un tema dado.
- Ser conscientes da influencia da publicidade no consumo.

- **Competencia social e cidadá**

- Valorar a importancia da Internet para difundir a literatura e achegala a calquera persoa.
- Comprender as connotacións sociais que poden ter determinadas palabras e ser consciente da súa relación coa cultura na que se producen.
- Valorar de maneira crítica as mensaxes publicitarias e rexeitar roles discriminatorios.

- **Tratamento da información e competencia dixital**

- Aproveitar as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías para acceder ás obras literarias.
- Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para buscar información sobre diferentes temas.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.

Contidos

- **Análise de textos: A linguaxe publicitaria**

- Lectura de diferentes textos publicitarios e análise do código lingüístico e iconográfico que conforman a súa mensaxe.
- Análise da finalidade de diferentes mensaxes publicitarias.
- Visionado dun anuncio publicitario a través da Rede e comentario crítico do mesmo.
- Recompilación de frases publicitarias e análise dos valores sociais cos que se identifican.
 - Valoración crítica da publicidade.
 - Valoración das posibilidades comunicativas da linguaxe publicitaria.
 - Interese por evitar determinados termos que poden resultar pexorativos ou discriminatorios.

- **Campo semántico: A publicidade**

- Aplicación en diversos contextos do vocabulario estudado.
- Correspondencia entre termos e as súas definicións.
- Buscas no dicionario.
- Correspondencia entre diferentes profesionais da publicidade e o labor que realizan.
 - Interese por enriquecer o vocabulario.

- **Repaso de Morfoloxía: Adverbio, preposición e conxunción**

- Identificación e clasificación de adverbios e locucións adverbiais.
- Correspondencias de sinonimia.
- Aplicación de adverbios e locucións adverbiais en diferentes contextos.
- Identificación e aplicación de preposicións.
- Discriminación e uso correcto de perante/durante e ata/deica.
- Identificación e clasificación de conxuncións.
 - Autoesixencia na corrección gramatical.

- **Estudo da lingua: Cambios semánticos**

- Explicación dos cambios semánticos experimentados por algunhas palabras.
- Relación entre palabras tabú e eufemismos.
- Discriminación de eufemismos e disfemismos.
- Explicación de eufemismos en textos literarios.

- Curiosidade por coñecer as causas que provocaron o cambio de significado de determinadas palabras.
- Reflexión acerca do aumento no uso de eufemismos na sociedade actual.

- **Literatura: Literatura dixital**

- Lectura de diversos textos literarios a través da Rede.
 - Consulta de distintos blogs de autores galegos.
 - Consulta do blog dunha biblioteca escolar.
-
- Interese polas novas tecnoloxías e a súa aplicación na literatura.

8. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR (3º e 4º ESO)

ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL

No noso centro a responsabilidade de atender ós grupos de diversificación de terceiro e cuarto cursos recae en profesores dos departamentos de Lingua galega e Literatura e Lingua castelá e Literatura. Por iso decidimos adoptar un mesmo proxecto presentado en anos anteriores polo Departamento de Lingua castelá e Literatura introducíndolle leves modificacións no sentido de galeguizar máis a materia abarcada.

8.1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación ("Boletín Oficial do Estado" de 4 de maio), LOE, prevé no seu artigo 27 a existencia na Educación Secundaria Obrigatoria de programas de diversificación curricular.

No apartado 1 do citado artigo, a LOE determina que na definición dos ensinamentos mínimos da etapa se incluírán as condicións básicas para establecer as diversificacións do currículo, desde terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, para o alumnado que o requira tras a oportuna avaliación, e prevé que os obxectivos da etapa se alcanzarán cunha metodoloxía específica a través dunha organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias, diferente á establecida con carácter xeral.

O apartado 2 do artigo 27 da LOE establece unhas condicións específicas de incorporación aos programas de diversificación curricular para alumnos procedentes do segundo curso da etapa cunha determinada traxectoria académica, sendo este o único aspecto en que as actuais normas regulamentarias non concordan coa Lei precedente.

No REAL DECRETO 1631/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen os ensinamentos mínimos correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, sinálanse as condicións nas que se pode realizar a diversificación do currículo. E indícase que os centros poden organizar programas de diversificación curricular para o alumnado que, tras a oportuna avaliación, precise dunha organización dos contidos, actividades prácticas e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral e dunha metodoloxía específica para alcanzar os obxectivos e competencias básicas da etapa e o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, de acordo co marco legal das administracións educativas.

No ámbito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a diversificación curricular na E.S.O. está regulamentada polo artigo 15 do Decreto 133/2007 e a Orde de 30 de xullo de 2007 que o desenvolve.

No exercicio da nosa docencia, puidemos comprobar que falar da diversidade dos alumnos non resulta sinxelo, pois son moitos os factores -e moi diferentes- que marcan esa diversidade. Ata cremos que habería que falar dunha diversidade de diversidade.

Ás deficiencias nas aprendizaxes herdadas de etapas educativas anteriores, ben por fallos do propio sistema educativo, ben por razóns persoais ou sociais, temos que engadir nesta etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, unha maior diversidade nos alumnos, debido a factores do propio desenvolvemento da personalidade dos adolescentes, que sen dúbida inflúen de forma directa na súa relación coa contorna escolar. Temos que engadir as diferentes expectativas de futuro que teñen os mozos polo feito de ser diversos. Temos que engadir situacións sociais e familiares extremas que repercuten aínda máis negativamente nos adolescentes, pola propia inseguridade desta

etapa vital. E temos que engadir -por non alongar a lista- as dificultades derivadas da incorporación de novos alumnos procedentes doutras culturas, introducidos, ás veces con brusquidade, nas aulas dun país que non é o seu, nunha contorna que lles resulta allea, nunha lingua que lles é -en ocasións- absolutamente descoñecida.

Pois ben, no interior das aulas do Programa de Diversificación -de igual forma que nas clases ordinarias- volvemos atopar unha situación complexa na que cada alumno mostra a súa diversidade en razón dos seus intereses, das súas expectativas de futuro, da situación social e familiar, das deficiencias pedagóxicas de etapas anteriores, da complexidade do proceso de adaptación nunha situación cada vez máis multicultural, que debe abocar nun sistema educativo de interculturalidade.

Xa que logo, partimos do feito de que todos os alumnos -de Diversificación ou non- son diversos, porque na diferenza radica a identidade. Por iso, habemos de atopar o modo de ofrecer un ensino nas aulas que sexa eficaz para todos os alumnos. Como sosteñen Paco Jiménez e Nuria Illán, "se atopamos o xeito de que os alumnos, todos os alumnos, aprendan máis e mellor, atoparíamos o xeito de atendelos na súa diversidade", e dado que se trata de grupos reducidos de alumnos, nos que se intenta desenvolver metodoloxías activas e orientadas cara á autoafirmación e a confianza en si mesmos, a nosa proposta para o Ámbito Lingüístico e Social consiste en confeccionar un material flexible, aínda que non multiplicador, que poida servir para todos os alumnos, e especialmente para todos os alumnos que necesitan acollerse ao Programa de Diversificación Curricular, coas adaptacións e concrecións lóxicas que cada profesor estime oportunas.

Supostos pedagóxicos para a elaboración do material:

Á hora de deseñar un material didáctico especial, no sentido de diferente, é necesario partir duns supostos psicopedagóxicos iniciais que sirvan de referente ou dean a medida daquilo que pretendemos. Destacamos:

Por unha banda:

- * A situación especial destes alumnos, fundamentada nun cúmulo de deficiencias tanto en capacidades como en actitudes.
- * O fin primordial que se ha de perseguir, baseado na modificación duns hábitos arraigados pasivos e/ou negativos cara á aprendizaxe, por medio dun método eminentemente activo e participativo, capaz de estimulalos e no que os alumnos se atopan permanentemente involucrados.
- * A percepción de baixa autoestima duns alumnos que se senten fracasados nos estudos en etapas anteriores e cunha gran desconfianza en recuperar a capacidade de éxito.
- * A súa escasa ou nula motivación ante as aprendizaxes.

Doutra banda:

- * A experiencia vital destes mozos polo feito de superar os 15 ou os 16 anos, que debe ser aproveitada como punto de partida no proceso de aprendizaxe, a pesar das carencias educativas que traen consigo.
- * O recoñecemento de que as situacións próximas aos alumnos favorecen a súa implicación e lles axudan a atopar sentido e utilidade ao proceso de aprendizaxe; aínda que sen esquecer por iso que coñecer a herdanza que nos legaron os nosos antepasados é

o único medio de entender o presente e deseñar o futuro; pero cargando -en todos os casos- de sentido a aquilo que se lles explica.

* A adopción pola nosa banda -como profesores- dunha actitude positiva cara a eles, para conseguir que a súa autoestima persoal creza paulatinamente e poidan superar posibles complexos motivados polo seu fracaso escolar anterior e pola súa incorporación ao programa de Diversificación.

* Pero, á vez, hanse de eliminar certos prexuízos demagóxicos que impidan o rigor e a esixencia das aprendizaxes, sobre todo tendo en conta que, ao finalizar o 2º ano do Programa, terían que alcanzar os obxectivos xerais da etapa ao servizo da consecución das competencias básicas, e que poderán obter o mesmo título que os compañeiros que non cursan os programas de Diversificación.

8.2. COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite pór o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten a finalidade de integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, como as informais e non formais. Ademais, ha de permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelos en relación con distintos tipos de contidos e utilízalos de xeito efectivo cando lles resulten necesarios en diferentes situacións e contextos; así como orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

A consecución das competencias básicas é o fin primordial cara ao que se orientou o noso traballo, fundamentalmente participativo e motivador das aprendizaxes. Dado o carácter integrador dos *Programas de diversificación curricular*, o ámbito lingüístico e social responde fielmente ás principais competencias que deben alcanzar os alumnos da Educación Secundaria Obligatoria, consistentes en capacitalos para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida. As aprendizaxes da área de *Lingua castelá e literatura* e *Lingua galega e literatura* integrados no contexto cultural e artístico da área de *Ciencias Sociais*, como marco de referencia, contribúen ao desenvolvemento pleno de todas as competencias básicas da etapa, en consonancia co resto de medidas organizativas para o desenvolvemento do Programa, así como as normas xerais de réxime interno, e outros recursos adoptados polo centro, como o uso da biblioteca escolar, o aula de Informática e medios audiovisuais, ou as actividades complementaria e extraescolares que poden favorecer o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise da contorna física, a creación, a convivencia e a cidadanía, ou a alfabetización dixital.

Así mesmo, a acción tutorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

8.3. OS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR AO SERVIZO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O currículo dos programas de diversificación curricular inclúe dous ámbitos específicos, un deles con elementos formativos de carácter lingüístico e social e outro con elementos formativos de carácter científico-tecnolóxico, e, polo menos, tres materias das establecidas para a etapa non contempladas nos ámbitos anteriores, que o alumnado cursará preferentemente nun grupo ordinario. Poderase establecer ademais un ámbito de carácter práctico.

O ámbito lingüístico e social incluirá, polo menos, os aspectos básicos do currículo correspondentes ás materias de Ciencias sociais, Xeografía e Historia, Lingua castelá e Literatura e, se a houber, Lingua cooficial e Literatura.

Cada programa de diversificación curricular deberá especificar a metodoloxía, contidos e criterios de avaliación que garantan o logro das competencias básicas. A avaliación do alumnado que curse un programa de diversificación curricular terá como referente fundamental as competencias básicas e os obxectivos da Educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación específicos do programa.

O currículo da educación secundaria obrigatoria estrutúrase en materias, nas cales han de buscarse os referentes que permitan o desenvolvemento e adquisición das competencias nesta etapa.

Tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

*** Contribución das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Ciencias Sociais e Xeografía e Historia á adquisición das competencias básicas**

a) Competencia en comunicación lingüística

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

O currículo destas materias, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren desde unha lingua, transfírense e aplícanse á aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

O peso que ten a información nesta materia singulariza as relacións existentes entre o tratamento da información e a competencia en comunicación lingüística, máis aló da utilización da linguaxe como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, facilítase lograr habilidades para utilizar diferentes variantes do discurso -en especial, a descrición, a narración, a disertación e a argumentación- e colabórase na adquisición de vocabulario cuxo carácter básico habería de vir dado por aquelas palabras que, correspondendo ao vocabulario específico, deben formar parte da linguaxe habitual do alumno ou daqueloutras que teñen un claro valor funcional na aprendizaxe da propia materia.

b) Tratamento da información e competencia dixital

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

A materia contribúe ao tratamento da información e á competencia dixital ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A procura e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A iso contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escritura e dos coñecementos.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A contribución á competencia no tratamento da información e competencia dixital vén dada pola importancia que ten na comprensión dos fenómenos sociais e históricos contar con destrezas relativas á obtención e comprensión de información, elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da materia. Contribúese, de xeito particular, na procura, obtención e tratamento de información procedente da observación directa e indirecta da realidade, así como de fontes escritas, gráficas, audiovisuais, tanto se utilizan como soporte o papel coma se foron obtidas mediante as tecnoloxías da información e a comunicación. O establecemento de criterios de selección da información proporcionada por diversas fontes segundo criterios de obxectividade e pertinencia, a distinción entre os aspectos relevantes e os que non o son, a relación e comparación de fontes ou a integración e a análise da información de forma crítica son algunhas das achegas fundamentais que se fan á adquisición desta competencia.

Por outra banda, a linguaxe non verbal que se utiliza en numerosas ocasións na comprensión da realidade contribúe ao coñecemento e interpretación de linguaxes icónicas, simbólicas e de representación. É o caso, en especial, da linguaxe cartográfica e da imaxe.

A procura e selección de fontes informativas, documentais e gráficas, requirirá o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital.

c) Competencia social e cidadá

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

A aprendizaxe da lingua concibido como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

Por outra banda, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde a materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A competencia social e cidadá está estreitamente vinculada ao propio obxecto de estudo. Pode dicirse que todo o currículo contribúe á adquisición desta competencia, xa que a comprensión da realidade social, actual e histórica, é o propio obxecto de aprendizaxe, pero farao realmente se se ten a perspectiva de que o coñecemento sobre a evolución e organización das sociedades, dos seus logros e dos seus problemas, debe poder utilizarse polo alumnado para desenvolverse socialmente. Contribúe obviamente a entender os trazos das sociedades actuais, a súa pluralidade, os elementos e intereses comúns da sociedade en que se vive, contribuíndo así a crear sentimentos comúns que favorecen a convivencia.

Tamén axuda á adquisición de habilidades sociais. Por unha banda, a comprensión das accións humanas do pasado ou do presente, esixe que estas sexan vistas polo alumnado desde a perspectiva dos propios axentes do seu tempo, co que se favorece o desenvolvemento da capacidade de poñerse no lugar do outro, é dicir, a empatía. Doutra banda, faino cando a devandita comprensión posibilita a valoración e o exercicio do diálogo como vía necesaria para a solución dos problemas, ou o respecto cara ás persoas con opinións que non coinciden coas propias, pero ademais prevé o exercicio deses valores ao propoñer un traballo colaborativo ou a realización de debates nos que se poidan expresar as propias ideas e escoitar e respectar as dos demais. O achegamento a diferentes realidades sociais, actuais ou históricas, ou a valoración das achegas de diferentes culturas axuda, aínda que sexa máis indirectamente, ao desenvolvemento das habilidades de tipo social.

O ensino nesta materia trata de que os alumnos e alumnas adquiran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, así como o espazo en que

se desenvolve a vida en sociedade. Por outra banda, proporciona ideas fundamentais sobre a dimensión espacial das sociedades e a configuración territorial, entendida esta en ámbitos que van desde o local ao mundial, á vez que achega ao alumnado aos principios de interacción das sociedades e a súa contorna física, e posibilita que poida valorarse a actuación dos homes no espazo e as potencialidades e construcións do medio. Favorece tamén que o alumnado poida adquirir un maior grao de conciencia acerca da organización espacial das sociedades, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos.

d) Competencia cultural e artística

Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha competencia artística e cultural, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa), adquirise sentido para o alumnado.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A contribución á competencia *Expresión cultural e artística* relaciónase principalmente coa súa vertente de coñecer e valorar as manifestacións do feito artístico. A devandita contribución facilitarase realmente se, por unha banda, se contempla unha selección de obras de arte relevantes, ben sexa polo seu significado na caracterización de estilos ou artistas ou por formar parte do patrimonio cultural, e, por outra, se dota ao alumnado de destrezas de observación e de comprensión daqueles elementos técnicos imprescindibles para a súa análise.

Desde esta formulación favorécese a apreciación das obras de arte, adquirense habilidades perceptivas e de sensibilización, desenvólvese a capacidade de emocionarse con elas, ademais de que se axuda tamén a valorar o patrimonio cultural, a respectalo e a interesarse pola súa conservación.

e) Competencia matemática

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Con esta materia contribúese tamén, en certo xeito, á adquisición da competencia matemática. O coñecemento dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade permite colaborar na súa adquisición naquela medida en que a materia incorpora operacións sinxelas, magnitudes, porcentaxes e proporcións, nocións de estatística básica, uso de escalas numéricas e gráficas, sistemas de referencia ou recoñecemento de formas xeométricas, así como criterios de medición, codificación numérica de informacións e a súa representación gráfica. A utilización de todas estas ferramentas na descrición e análise da realidade social amplía o conxunto de situacións

nas que os alumnos perciben o seu aplicabilidade e, con iso, fan máis funcionais as aprendizaxes asociadas á competencia matemática.

f) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Na adquisición da competencia *Coñecemento e a interacción co mundo físico* a contribución é relevante. A devandita competencia inclúe, entre outros aspectos, a percepción e coñecemento do espazo físico en que se desenvolve a actividade humana, tanto en grandes ámbitos como na contorna inmediata, así como a interacción que se produce entre ambos. A percepción directa ou indirecta do espazo en que se desenvolve a actividade humana constitúe un dos principais eixos de traballo da xeografía: a comprensión do espazo en que teñen lugar os feitos sociais e a propia vida do alumno, é dicir, a dimensión espacial. Contribúese á competencia na medida en que se asegure que dita dimensión impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo especial importancia para iso os procedementos de orientación, localización, observación e interpretación dos espazos e paisaxes, reais ou representados.

Outra achega posibilitase desde o coñecemento da interacción home-medio e a organización do territorio resultante. A materia proporciona abundantes ocasións para analizar a acción do home na utilización do espazo e dos seus recursos, non só os problemas que ás veces xera, senón tamén aquelas accións que desde un uso responsable de ambos, buscan asegurar a protección e o coidado do medio ambiente.

g) Competencia para aprender a aprender

Lingua Castelá e Literatura

Lingua Galega e Literatura

Apréndese a falar e a escoitar e a ler e escribir, para a interacción comunicativa, pero tamén para adquirir novos coñecementos. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coa competencia básica de aprender a aprender. Así mesmo, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalenguaxe gramatical) e procedimentales (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticales, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos, etc.) que se adquieren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A competencia para aprender a aprender supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha visión positiva. A todo iso contribúese desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, buscar explicacións multicausais e predición de efectos dos fenómenos sociais e proporciona

coñecementos das fontes de información e da súa utilización mediante a recollida e clasificación da información obtida por diversos medios e sempre que se realice unha análise desta. Tamén contribúe cando se favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e recuperar información, talles como resumos, esquemas ou mapas conceptuais

h) Autonomía e iniciativa persoal

Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Para que esta materia contribúa á autonomía e iniciativa persoal é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o feito, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións.

A comprensión dos feitos e fenómenos sociais no contexto en que se producen e a análise dos procesos de cambio histórico na sociedade, adquiren sentido na valoración, comprensión e enjuiciamento dos trazos e problemas centrais da sociedade no momento actual. Desde esta perspectiva, estímase a conveniencia de proporcionar ao alumnado un coñecemento global necesario para a interpretación da realidade actual como construción humana no curso do tempo e un marco xeral para a comprensión do tempo histórico.

8. 4. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A Educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- 1- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- 2- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- 3- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- 4- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

- 5- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- 6- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- 7- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- 8- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- 9- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- 10- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- 11- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- 12- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- 13- Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- 14- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

8.5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O ensino da Lingua castelá e Literatura nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- 2- Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
- 3- Coñecer a realidade plurilingüe de España e de Galicia e as variedades do castelán e galego e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
- 4- Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- 5- Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
- 6- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- 7- Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- 8- Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
- 9- Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

10- Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

11- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

12- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supón xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

8.6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

1 -Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

2 -Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.

3 -Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.

4 -Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

5 -Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

6 -Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

7 -Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

8 -Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.

9 -Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

10 -Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

11 -Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

12 -Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

8.7. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

O ensino das Ciencias sociais, Xeografía e Historia nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1- Identificar os procesos e mecanismos que rexen os feitos sociais, así como a interrelación existente entre feitos políticos, económicos e culturais, e utilizar este coñecemento para comprender a pluralidade de causas que explican a evolución das sociedades actuais, o papel que homes e mulleres desempeñan nelas e os seus problemas máis relevantes.
- 2- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, os elementos básicos que caracterizan o medio físico, as interaccións que se dan entre eles e as que os grupos humanos establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, cultural, político e ambiental.
- 3- Comprender o territorio como o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven e que organizan.
- 4- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas xeoconómicas, así como os trazos físicos e humanos de Europa e España.
- 5- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos relevantes da historia do mundo, de Europa e de España para adquirir unha perspectiva global da evolución da Humanidade e elaborar unha interpretación da mesma que facilite a comprensión da pluralidade de comunidades sociais ás que se pertence.
- 6- Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara a outras culturas e cara a opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo sobre elas.
- 7- Comprender os elementos técnicos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas na súa realidade social e cultural para valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
- 8- Adquirir e empregar o vocabulario específico que achegan as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e mellore a comunicación.
- 9- Buscar, seleccionar, comprender e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de fontes diversas, incluída a que proporciona a contorna física e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información; tratala de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais de xeito organizado e intelixible.
- 10- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- 11- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores e bases fundamentais, así como os dereitos e liberdades como un logro irrenunciable e unha condición necesaria para a paz, denunciando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

8.8. CONTIDOS

Os programas de diversificación curricular deberán especificar a metodoloxía, contidos e criterios de avaliación que garantan o logro das competencias básicas, no marco do establecido polas administracións educativas.

O ámbito lingüístico e social incluirá, polo menos, os aspectos básicos do currículo correspondentes ás materias de Ciencias sociais, Xeografía e Historia, Lingua castelá e Literatura e Lingua galega e Literatura.

Ao amparo do establecido polo REAL DECRETO 1631/2006, de 29 de decembro acerca dos ensinos mínimos correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria, no noso proxecto para o ámbito lingüístico e social precisamos os seguintes contidos:

Diversificación curricular 1

Unidade 1

O espazo xeográfico natural

1. O clima
2. Os continentes
3. A procura de información
4. Subliñado, esquema e resumo
5. O nivel fónico
6. Ortografía: Regras xerais da acentuación: Ditongos, tritongos e hiatos

Unidade 2

A organización política do mundo

1. O continente africano
2. O continente asiático
3. O continente americano
4. Europa, a Unión europea e España
5. A información e a comunicación en Internet
6. As palabras
7. Ortografía: monosílabos e til diacrítico

Unidade 3

As actividades económicas

1. Axentes e conceptos básicos da actividade económica
2. Actividades do sector primario
3. Actividades secundarias
4. Actividades terciarias. O sector servizos
5. A degradación do espazo xeográfico
6. A lingua oral (I)
7. O sentido figurado das palabras
8. Ortografía. Repaso da acentuación

Unidade 4

A desigual distribución da riqueza

1. Os países que dirixen a economía mundial
2. Os países dependentes
3. Desequilibrios na poboación mundial

4. Unha consecuencia dos desequilibrios mundiais: os movementos migratorios
5. A lingua oral (II)
6. A oración gramatical. Compoñentes
7. Ortografía: a letra *b*

Unidade 5

A xeografía física de España

1. España física
2. Os xéneros literarios. A épica
3. A oración gramatical. Clases e relacións
4. Ortografía: a letra *v*

Unidade 6

Autonomías: unha diversidade que nos enriquece

1. Autonomías e diversidade
2. Os xéneros literarios. Lírica e dramática
3. O substantivo
4. Ortografía: as letras *j* e *g*

Unidade 7

A época feudal. Os castelos

1. Contexto histórico
2. A literatura na España dos castelos
3. Os modos do discurso: narración, descrición e diálogo
4. Os adxectivos
5. Ortografía. A letra *h*

Unidade 8

Os mosteiros e as cidades medievais

1. Contexto histórico
2. A arte románico
3. A arte gótica
4. A literatura na España dos mosteiros
5. Os modos do discurso: exposición e argumentación
6. O verbo (I)
7. Ortografía. Repaso das letras *b*, *v*, *g*, *j*, *h*

Unidade 9

Do mundo medieval ao renacentista: o século XV

1. Contexto histórico

2. A literatura prerrenacentista en España
3. A carta
4. O verbo (II)
5. Ortografía. As letras *c* e *z*. As alternancias *c / cc* e *c / z / d*

Unidade 10

Renacemento e Reforma

1. Contexto histórico
2. A arte renacentista
3. A literatura española durante a Reforma
4. Textos de uso práctico. Convocatoria, orde do día, acta e regulamento
5. Os adverbios
6. Ortografía. As letras *s* e *x*

Unidade 11

Renacemento e Contrarreforma

1. Contexto histórico
2. A arte renacentista español
3. A literatura española e a Contrarreforma
4. Textos xornalísticos. Xéneros informativos
5. Os determinativos
6. Ortografía. Letras *ll* e *c*

Unidade 12

O Barroco

1. Contexto histórico
2. A arte barroca
3. A literatura barroca en España
4. Textos xornalísticos. Xéneros de opinión
5. Os pronombres persoais
6. Ortografía

Unidade 13

A lingua galega

A. COMUNICACIÓN

- * Os medios de comunicación escritos: Os xornais e outras publicacións periódicas.
- * Análise das seccións e dos xéneros xornalísticos.

B. LINGUA E SOCIEDADE

- * Historia interna da lingua: orixe do galego e a súa evolución.

* A normalización e a normativización lingüística do galego.

C. ESTUDO DA LINGUA

* Repaso das regras básicas de acentuación e de puntuación. A acentuación diacrítica, das palabras compostas, da interrogación e da exclamación.

* Clases de palabras: substantivo (flexión de xénero e número, tipos de substantivos), adxectivo (determinantes), pronome, verbo (estrutura, distinción regular/irregular, formas non persoais, perífrases), adverbio, preposición, conxunción e interxección.

* Léxico: o territorio e a natureza (a toponimia, a aldea e a cidade, países e habitantes [os xentilicios]; o clima, o campo, a montaña e o mar, as árbores e as plantas, os animais vertebrados e invertebrados, etc.).

* Formación de palabras: derivación e composición.

* Identificación de voces patrimoniais e de cultismos.

Unidade 14

A literatura galega

* Características fundamentais dous períodos da literatura galega que se estudan neste curso.

* A lírica medieval: recoñecemento de diferentes tipos de cantigas.

* A decadencia e o rexurdimento da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros e Pondal.

* Lectura e comentario de textos dos autores estudados neste curso.

Diversificación curricular II

Unidade 1

A luz da Ilustración

1. O Antigo Réxime e as bases do cambio
2. A arte no século XVIII
3. A literatura neoclásica en España
4. A oración composta

Unidade 2

A ansia de liberdades

1. O Antigo Réxime entra en crise
2. A literatura romántica en España
3. As oracións subordinadas substantivas

Unidade 3

Unha paisaxe de fábricas

1. A Revolución Industrial
2. Unha nova arte: o Impresionismo
3. A literatura realista en España
4. As oracións subordinadas adxectivas.

Unidade 4

Novas fronteiras no mapa europeo

1. Nacións e imperios a finais do século XIX
2. O avance do liberalismo e da democracia en España
3. A literatura española entre dous séculos
4. As oracións subordinadas adverbiais (I)

Unidade 5

A encrucillada do século XX

1. As convulsións de principios de século
2. As vangardas artísticas
3. A poesía de principios do século XX
4. As oracións subordinadas adverbiais (II)

Unidade 6

Un camiño entre dúas guerras.

1. A crise das democracias. Problemas políticos e económicos
2. España: a Segunda República e a Guerra Civil
3. O teatro español anterior a 1936
4. A carta

Unidade 7

A carreira polo dominio do mundo.

1. A Segunda Guerra Mundial
2. O mundo logo da Segunda Guerra Mundial
3. A España de Franco
4. A literatura española de posguerra
5. Textos de uso práctico: a instancia e o currículo 1

Unidade 8
A España de hoxe

1. Os grandes cambios políticos e económicos
2. A poesía española despois de 1936
3. O xornal

Unidade 9
Mirando cara ao futuro: un mosaico de culturas

1. Os pobos en convivencia: cara á interculturalidad
2. A comunicación global
3. A arte e a literatura como patrimonio común
4. Exposición mural das culturas

Unidade 10
LINGUA GALEGA

A- COMUNICACIÓN

- As diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.
- Estructuras expositivas e argumentativas.

B- LINGUA E SOCIEDADE

- A situación actual do idioma galego: lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia.
- Variedades internas da lingua.
- Variedades xeográficas: principais fenómenos lingüísticos do galego.

C- ESTUDO DA LINGUA

- Abreviaturas, siglas e acrónimos.
- Uso correcto de *mais/máis/amais/demais/de máis, ai/hai/aí, e/é/eh, a/á/ ha/ah, porque/por que/porqué, haber/a ver, senón/se non*.
- Constituíntes da oración: a frase; tipos de frases. Funcións sintácticas na oración. Coordinación e subordinación. A oración composta; tipos.
- Léxico: as institucións, as tradicións e os costumes (a administración, o tempo, as estacións, as tradicións, os acontecementos cíclicos: o magosto, o nadal, o entroido, as romarías, etc.).
- Polisemia, homonimia e paronimia.
- Os neoloxismos, os préstamos e estranxeirismos e os tecnicismos.

A LITERATURA GALEGA

- Características fundamentais da literatura galega dos séculos XX e XXI. Principais autores e tendencias literarias: Cabanillas, Noriega Varela, Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Neira Vilas, Carlos Casares e Méndez Ferrín.
- Tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

8.9. METODOLOXÍA

Nas distintas redaccións lexislativas (e así no citado REAL DECRETO 1631/2006, de 29 de decembro) facéndose eco da posibilidade de organizar os contidos e materias dunha forma diferente á establecida con carácter xeral, faise referencia á organización de dous ámbitos específicos, un dos cales é o ámbito lingüístico e social, que ha de incluír os aspectos básicos do currículo correspondentes ás materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Lingua castelá e literatura e, se a houber, lingua cooficial e literatura.

E aínda que no Art. 12. punto 4. [do mencionado REAL DECRETO 1631/2006,] fálase da integración de materias en ámbitos, destinada a diminuír o número de profesores e profesoras que interveñen nun mesmo grupo..., cremos necesario aproveitar pedagoxicamente esta oportunidade para presentar de forma coherente os feitos socio-históricos como marco no que se inscriben as manifestacións artísticas e literarias de cada momento.

Esta formulación choca coa incoherente organización lexislativa dos contidos curriculares de Ciencias sociais, Xeografía e Historia de forma desvinculada dos de Lingua castelá e Literatura e Lingua galega e Literatura, de modo que os cortes cronolóxicos por curso das tres materias non teñen unha correspondencia. Procuramos solucionar ese erro facendo coincidir as liñas cronolóxicas de cada unha das materias dos dous cursos do Programa de Diversificación, e mantendo un espazo -aínda que moi breve- para incluír o contexto histórico da época en que se localizan todas as manifestacións artísticas ou literarias consideradas.

A necesidade de levar a cabo a integración dos ensinamentos lingüístico-literarios e sociais no Ámbito Lingüístico e Social, levounos a tratar eses coñecementos interrelacionados, de maneira que duns se poida acceder a outros, tomando cada un como punto de apoio para establecer o outro.

Deste xeito chégase a comprender mellor que a vida en sociedade está intimamente ligada á linguaxe, que esta manifesta os pensamentos do home e os modos que o home elixe para vivir valéndose tanto dos medios naturais cos que conta, como "fabricando" outros coa axuda dos seus semellantes que fan con el "sociedade". E iso que sae da man do home é cultura, é arte, é ciencia, é imaxinación, é recreación. E tamén é historia que se move no tempo, que aproveita o legado dos seus antepasados e que lega á súa vez aos seus descendentes.

Así, podemos resumir o obxecto do ensino-aprendizaxe do Ámbito Lingüístico e Social como a construción de coñecementos sobre procesos histórico-xeográficos que constitúen o marco no que se inscriben as aprendizaxes lingüístico-comunicativas. Por iso, o fío condutor do Programa foi o ser humano, como ser que vive, fala e crea. A partir de todos os supostos pedagóxicos iniciais, tomando como eixo central o

concepto de globalización das áreas de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, de Lingua galega e Literatura e de Lingua castelá e Literatura, e sen perder de vista os perfís posibles dos alumnos que acceden ao Programa de Diversificación, o noso programación responde aos seguintes principios:

1°. Un enfoque eminentemente práctico, de modo que os alumnos se vexan forzados a manipular constantemente a información, os textos e o material en xeral que se lles ofrece -tanto en soporte tradicional como informático-; de modo que se sintan empuxados á adquisición duns hábitos de estudo e aprendizaxe dos que carecen, por medio da actividade diaria.

2°. Un tratamento sinxelo -no posible- dos temas, pero sen perder o rigor.

3°. Un carácter funcional, tratando de que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados en circunstancias reais ou para enfrontarse con éxito á adquisición doutros; fomentando nos alumnos o interese por aprender e destacando a utilidade do aprendido.

4°. Unha dimensión práctica que asegure a vinculación do ámbito escolar co mundo do traballo.

5°. Unha selección de aspectos culturais, históricos, lingüísticos e literarios que lles axuden a entender o camiño que percorreu o ser humano, e o que aínda lle queda por percorrer, nesa vida en sociedade que elixiu. Esta selección foi feita a partir dos contidos mínimos da etapa, como indica a lei.

6°. Un deseño didáctico no que o profesor debe ser o guía e orientador do traballo que han de realizar os propios alumnos, nesa vía cara ao progreso intelectual e a autoestima persoal que eles voluntariamente elixiron -xunto cos seus pais- ao optar polo Programa de Diversificación.

Para responder ás esixencias sinaladas, viñemos deseñando as unidades temáticas en función dunha estrutura, que se repite en todas elas, de ordenación progresiva e á vez recorrente, no sentido de que se respecta unha traxectoria cronolóxica nos aspectos socio-históricos e culturais -cando así é posible-, así como unha progresión nas dificultades da aprendizaxe; pero, á vez, a través dos textos e das actividades retómanse ou anticipanse aspectos xa vistos, ou que se han de ver, o cal permite a consolidación das aprendizaxes, e dá unha maior coherencia á formulación xeral do programa, axudando a concatenar uns feitos con outros e a establecer interrelacións entre todas as actividades humanas.

Tal estrutura inclúe os seguintes apartados:

1. Un punto de partida que serve de estímulo para abordar o tema e para pór ao alumno en contacto con el, e que nos permite á vez pescudar os coñecementos previos dos alumnos. E iso a través dun exercicio de reflexión acerca dos acontecementos que son obxecto do tema correspondente, ou a partir dun texto significativo, un vídeo, unha fotografía, etc., que o profesor pode achegar como material complementario, se así o considera oportuno.

2. Un apoio teórico sobre os aspectos socio-históricos, xeográficos, artísticos e literarios máis significativos para o desenvolvemento da Humanidade, que inclúe partes explicativas, ilustracións, mapas, diagramas, cadros e textos de autores, propios para a reflexión sobre o tema. Pode realizarse aquí unha lectura en voz alta para afianzar a correcta entoación, ao servizo da comprensión, e alterna con aclaracións explicativas por parte do profesor. Así tamén ha de servir esta sección como fonte de información para a realización das actividades.

3. Actividades específicas que os alumnos teñen que realizar a partir da manipulación e relectura do apoio teórico, así como por medio da procura de

información complementaria a través dos novos recursos tecnolóxicos. No primeiro curso do Programa de Diversificación, dado que os alumnos non alcanzan un grao suficiente de razoamento abstracto, é conveniente que estas actividades sexan formuladas en termos concretos e se abandone a abstracción tanto nas súas formulacións como nas súas resolucións, a fin de que as resolvan facilmente e se palie así a súa baixa autoestima, característica persoal da que adoece, como vimos, a maioría deles.

4. TEXTOS DE LECTURA vinculados por calquera motivo co tema da unidade, que inclúe exercicios de comprensión, expresión oral e escrita e de reflexión lingüística.

5. Un apartado dedicado ao estudo da Lingua, castelá e galega, fundamentado na observación dos feitos lingüísticos, que os alumnos van descubrindo a través do uso práctico da comunicación

6. Debemos incluír, tamén, actividades de ORTOGRAFÍA, no que hai que prestar unha especial atención ás interferencias entre as dúas linguas.

7. Finalmente, pecharemos cada unha das a unidades coa formulación dunha serie de actividades de comprobación ou de repaso sobre os contidos que os alumnos deben recordar, e que servirán de guía para os exames e probas escritas.

E engádense un espazo dedicado á procura de información complementaria a través da navegación por Internet.- suxírense diversas páxinas web para a procura concreta de información. Esta actividade facilita a realización de postas en común ou de traballo cooperativo, o que lles servirá para mellorar a iniciativa persoal e estimular o traballo de investigación.

Como se ve, a metodoloxía é eminentemente activa, fundamentada na realización permanente de actividades, o que obriga aos alumnos á consulta reiterada dos contidos da unidade e os leva, case de forma imperceptible para eles, á comprensión e asimilación dos mesmos.

8.10. AVALIACIÓN

A avaliación ha de vir marcada polos tres momentos que definen o proceso continuo de ensino-aprendizaxe:

1) **Avaliación inicial:** ao comezo do proceso para obter información sobre a situación dos alumnos, e detectar as deficiencias que poidan dificultar as aprendizaxes. Non se trata de cuantificar os seus coñecementos, senón de coñecer o mellor posible o punto de partida e proceder, se é preciso, aos reaxustes necesarios na programación.

2) **Avaliación formativa:** ao longo do proceso educativo. Proporciona unha información constante do progreso dos alumnos e permite corrixir e mellorar os recursos metodolóxicos empregados. Se se detectan dificultades no proceso, haberá que analizar as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensino-aprendizaxe.

3) **Avaliación sumativa:** para valorar os resultados finais de aprendizaxe e comprobar se os alumnos adquiriron as competencias básicas previstas.

Este proceso de avaliación terá en conta:

* Observación sistemática

- Observación constante do traballo en casa e no aula.
- Revisión dos cadernos de clase.
- Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.

* Analizar as producións dos alumnos

- Caderno de clase.
- Diario de clase.
- Resumos.
- Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).
- Producións escritas.
- Traballos monográficos.

* Avaliar as exposicións orais dos alumnos

- Debates
- Postas en común.
- Diálogos
- Entrevistas.

* Realizar probas específicas

- Obxectivas.
- Abertas.
- Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.
- Resolución de exercicios
- Autoavaliación
- Coavaliación

8. 11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE DIVERSIFICACIÓN I

Lingua castelá e Literatura

1. Entender instrucións e normas dadas oralmente; extraer ideas xerais e informacións específicas de reportaxes e entrevistas, seguir o desenvolvemento de presentacións breves relacionadas con temas académicos e plasmarlo en forma de esquema e resumo.

2. Extraer e contrastar informacións concretas e identificar o propósito nos textos escritos máis usados para actuar como membros da sociedade; seguir instrucións en ámbitos públicos; inferir o tema xeral e temas secundarios; distinguir como se organiza a información.

3. Narrar, expoñer, explicar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

4. Realizar explicacións orais sinxelas sobre feitos de actualidade social, política ou cultural que sexan do interese do alumnado, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

5. Expoñer unha opinión sobre a lectura persoal dunha obra completa adecuada á idade e relacionada cos períodos literarios estudados; avaliar a estrutura e o uso dos elementos do xénero, o uso da linguaxe e o punto de vista do autor; situar basicamente o sentido da obra en relación co seu contexto e coa propia experiencia.

6. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e a valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo á presenza de certos temas recorrentes, ao valor simbólico da linguaxe poética e á evolución dos xéneros, das formas literarias e dos estilos.

7. Mostrar coñecemento das relacións entre as obras lidas e comentadas, o contexto en que aparecen e os autores máis relevantes da historia da literatura, realizando un traballo persoal de información e de síntese ou de imitación e recreación, en soporte papel ou dixital.

8. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios deste curso.

9. Coñecer a terminoloxía lingüística necesaria para a reflexión sobre o uso.

Lingua galega e Literatura

1. Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.

2. Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para elaborar todo tipo de producións (descricións, narracións, diálogos, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.

3. Utilizar a lingua galega para elaborar información, respectando as convencións ortográficas, a partir dos medios de comunicación tradicionais e das novas tecnoloxías.

4. Consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ao seu nivel.

5. Integrar vos vínculos que se establecen entre a persoa, ou territorio, a cultura e a lingua.

6. Debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.

7. Elaborar un resumo dunha exposición ou debate oral sobre un tema determinado.

8. Recoñecer as características das principais etapas, obras e autores da literatura galega que se estudan neste curso.

9. Utilizar as propias ideas e experiencias para a produción de textos de intención literaria.

Ciencias sociais. Xeografía e historia

1. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa e de España (océanos e mares, continentes, unidades de relevo e ríos) caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.

2. Comparar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a España, e en especial a Galicia, localizándoos no espazo representado e relacionándoos coas posibilidades que ofrecen aos grupos humanos.

3. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependiente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración dalgunhas realidades económicas actuais.

4. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo, localizando algúns exemplos representativos dos mesmos, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas da agricultura española –e, en concreto, da galega.

5. Describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, a organización empresarial e a localización se están a producir nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, en España e, en concreto, en Galicia, e analizando as relacións de intercambio que se establecen entre países e zonas.

6. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo, tanto nas relacións económicas como sociais.

7. Identificar e localizar no mapa de España as comunidades autónomas e as súas capitais, os estados de Europa e os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo recoñecendo a organización territorial, os trazos básicos de estrutura e a organización político-administrativa do Estado español e a súa pertenza á Unión Europea.

8. Describir os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixos de comunicación como organizadores do espazo e como a súa localización se relaciona cos contrastes rexionais.

9. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, explicando algunhas das súas consecuencias e mostrando sensibilidade ante as desigualdades.

10. Analizar a situación española como exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade identificando as súas causas e relacionándoo co proceso de globalización e de integración económica que se está producindo, así como identificando as consecuencias tanto para o país receptor como para os países emisores e manifestando actitudes de solidariedade no enxuzamento deste fenómeno.

11. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sostible das que son nocivas para o medio ambiente e achegando algún exemplo dos acordos e políticas internacionais para frear a súa deterioración.

12. Utilizar fontes diversas (gráficos, esbozos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

13. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expor opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno manifestando actitudes de solidariedade.

8. 12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE DIVERSIFICACIÓN II

Lingua castelá e Literatura

1. Extraer as ideas principais e os datos relevantes de presentacións dunha certa extensión ou de conferencias non moi extensas e identificar o propósito, a tese e os argumentos de declaracións ou de debates públicos en medios de comunicación ou no marco escolar.

2. Identificar e contrastar o propósito en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación; comprender instrucións que regulan a vida social; inferir o

tema xeral e os temas secundarios; distinguir como se organiza a información; contrastar explicacións e argumentos.

3. Expoñer, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

4. Realizar presentacións orais claras e ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade social, política ou cultural que admitan diferentes puntos de vista e diversas actitudes ante eles coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

5. Expoñer unha opinión ben argumentada sobre a lectura persoal de relatos de certa extensión e novelas desde o século XIX ata a actualidade; avaliar a estrutura e o uso dos elementos do xénero, o uso da linguaxe, o punto de vista e o oficio do autor; relacionar o sentido da obra co seu contexto e coa propia experiencia.

6. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e a valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente ás innovacións dos xéneros e das formas (na versificación e na linguaxe) na literatura contemporánea.

7. Explicar relacións entre as obras lidas e comentadas, o contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes desde o século XIX ata a actualidade, realizando un traballo persoal de información e de síntese, expoñendo unha valoración persoal, ou de imitación e recreación, en soporte papel ou dixital.

8. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos.

9. Coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada na reflexión sobre o uso.

Lingua galega e Literatura

1. Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intención comunicativa.

2. Analizar as diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.

3. Comprender a situación actual do idioma galego e coñecer a lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia.

4. Identificar as principais variantes xeográficas do galego e integralas nun estándar global da lingua.

5. Integrar as normas ortográficas, de puntuación, acentuación, maiúsculas, siglas e acrónimos nas propias producións.

6. Identificar a frase como constituínte da oración e distinguir os distintos tipos de frases.

7. Analizar as funcións sintácticas na oración.

8. Identificar e analizar as oracións coordinadas e subordinadas, así como as oracións compostas.

9. Asimilar e aplicar en distintos contextos o vocabulario básico relacionado coas institucións, as tradicións e os costumes.

10. Identificar palabras homónimas, polisémicas e homógrafas.

11. Identificar neoloxismos, préstamos, estranxeirismos e tecnicismos.

12. Coñecer e empregar técnicas de procura de información en novos soportes (redes informáticas, CD Rom...), así como de tratamento informático de textos (como o uso dos correctores ortográficos).

13. Coñecer as características fundamentais, tendencias literarias e autores máis destacados dos séculos XX e XXI.

14. Coñecer as tendencias actuais da lírica, a narrativa, a dramática e o ensaio.

Ciencias sociais. Xeografía e historia

1. Situar no tempo e no espazo os períodos e feitos transcendentales e procesos históricos relevantes que se estudan neste curso identificando o tempo histórico no mundo, en Europa e en España, aplicando as convencións e conceptos habituais no estudo da Historia.

2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.

3. Enumerar as transformacións que se producen en Europa no século XVIII, tomando como as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime, e explicar os trazos propios do reformismo borbónico en España.

4. Identificar os trazos fundamentais dos procesos de industrialización e modernización económica e das revolucións liberais burguesas, valorando os cambios económicos, sociais e políticos que supuxeron, identificando as peculiaridades destes procesos en España.

5. Explicar as razóns do poder político e económico dos países europeos na segunda metade do século XIX identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto a nivel internacional como no interior dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.

6. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política e económica de España durante o século XX e os avances e retrocesos ata lograr a modernización económica, a consolidación do sistema democrático e a pertenza á Unión Europea.

7. Caracterizar e situar no tempo e no espazo as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no século XX e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.

8. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e expoñendo posibles desenlaces, utilizando fontes de información, pertinentes, incluídas algunhas que ofrezan interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.

8.13. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA

Ao final de cada ano, os profesores do grupo de diversificación –en especial, os responsables das dúas áreas fundamentais- deberán elaborar un informe onde figuren os contidos abarcados, os obxectivos acadados, a metodoloxía utilizada e, en especial, a evolución individual de cada alumno ou alumna. Este informe será tido en conta tanto para o tratamento posterior do alumnado, en caso de que non obteñan o título, e para o enfoque do curso de diversificación curricular en anos sucesivos no relativo a metodoloxía, selección do alumnado, contidos abarcables, coñecementos mínimos, etc.

Parte segunda

PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE BACHARELATO

1. PROGRAMACIÓN XERAL

1. 1. INTRODUCCIÓN

A área de lingua galega e literatura ten como obxectivo fundamental na etapa do ensino postobrigatorio o enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado, competencia que xa se vén traballando desde a ESO. Neste sentido, non se produce un salto cualitativo considerable entre ambas as dúas etapas en canto que o obxectivo fundamental é o mesmo: a adquisición e mellora da competencia comunicativa, entendida esta como unha competencia ampla que abrangue saberes lingüísticos, sociolingüísticos e discursivos e que lle debe reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua (tanto no nivel produtivo coma receptivo e interaccional) nas diversas esferas da actividade social e individual.

A diferenza deste currículo con respecto ao da etapa anterior radica fundamentalmente na maior sistematización de coñecementos lingüísticos e literarios e na abordaxe de situacións comunicativas e textos (nomeadamente dos ámbitos científico, académico e dos medios de comunicación) cada vez máis complexos e acordes coa idade e a madureza intelectual do noso alumnado, que debe entender esta etapa como unha continuación dos seus estudos obrigatorios que o axudará a prepararse para retos futuros, estean estes no mundo laboral ou no mundo académico.

Daquela, existe un enfoque pedagóxico e didáctico común aos dous currículos, ben que é evidente que no de bacharelato debe haber unha progresión de contidos con respecto ao da ESO, co fin de non convertelo en algo sinxelamente repetitivo. O criterio que se segue, polo tanto, na confección deste currículo é o de atender a aqueles aspectos que na etapa de ensino obrigatorio puidesen ter un menor tratamento e, ao tempo, afondar noutros contidos que, por idade e madureza intelectual das alumnas e dos alumnos, se visen dun xeito máis superficial daquela.

O nivel de coñecementos de lingua galega e literatura que se adquire ao rematar o bacharelato corresponde ao dunha persoa capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre temas de certa complexidade e para distintos fins e mostrar un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica.

O currículo desta materia preséntase dividido en tres bloques de contidos: «Lingua e texto», «A literatura» e «A situación sociolingüística». Esta división atende, por un lado, ao criterio de ter en conta tanto o carácter sistemático da lingua coma a rendibilidade comunicativa que as persoas usuarias deben extraer dela, e por outro á consecución dunha formación literaria e dunha reflexión sobre a situación das linguas no mundo, sobre todo na Europa occidental. Preténdese, xa que logo, a adquisición dunha bagaxe tanto instrumental coma sociocultural que lle permita ao alumnado participar en todas as funcións sociais da lingua galega.

O bloque Lingua e texto está pensado para o tratamento de todos aqueles aspectos relacionados co uso lingüístico en contextos diversificados. Recóllense aquí, polo tanto, todos aqueles contidos de análise de texto, tipoloxía textual, variedades da lingua e funcionalidade lingüística necesarios para revertir nunha mellor comprensión e produción de textos orais e escritos, así como nun aumento da capacidade e calidade da interacción. Neste bloque de Lingua e texto aténdese igualmente á lingua na súa dimensión de código ou sistema.

O bloque A literatura está pensado para o tratamento desta en dúas dimensións: unha máis centrada no coñecemento da historia da literatura galega e outra que xira ao redor do coñecemento, análise e valoración de obras significativas. Así pois, atenderase non só a que o alumnado teña un coñecemento das principais etapas, autoras e autores, xéneros e obras da nosa historia da literatura, senón tamén a mellorar o seu coñecemento dos textos literarios a través da lectura e comentario. Non se debe perder de vista, polo tanto, a concepción do texto literario como un modelo de texto formalizado cunhas características moi definidas que contribúe, ademais, polo seu status especial, non só á reflexión sobre o uso estético da lingua no seu aspecto creativo, senón á creación dun imaxinario colectivo que nos define como pobo.

Por último, o bloque A situación sociolingüística está pensado para que o alumnado se achegue, co rigor desexable neste nivel educativo, á nosa situación sociolingüística, coa finalidade de ser quen de interpretala con perspectiva histórica e suficientes criterios valorativos.

1. 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos fundamentais da ensinanza da materia de Lingua e Literatura galega son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

1. Comprender o contido global e particular así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa un axente social no seu ámbito, contribuindo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).
7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e sobre os factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.

10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.
12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.
13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.
15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

1. 3. TEMAS TRANSVERSAIS NO BACHARELATO

Educación ambiental.

- Aprender a amar e respecta-la natureza.
- Ser conscientes de que hai que a defender, e coñece-los medios que se poden empregar a tal fin.
- Desenvolver un espírito crítico fronte a estes temas.

Educación moral e cívica

- Reflexionar sobre distintos aspectos humanos.
- Aprender a reflexionar sobre as implicacións morais e humanas das accións propias e dos demais.
- Reflexionar sobre a importancia da linguaxe.
- Aprender a respectar e valorar outras linguas e culturas.

Educación do consumidor

- Reflexionar acerca da sociedade de consumo.
- Aprender a ser consumidores.
- Observar criticamente o carácter excesivamente consumista e materialista dunha sociedade na que se sobrevaloran a riqueza, os obxectos de luxo, os obxectos que revelan un alto nivel de vida.
- Saber enfrontarse a unha sociedade na que imperan os devanditos valores.
- Concienciar ó alumnado da necesidade dunha actitude crítica ante a publicidade que aparece contantemente nos medios de comunicación.
- Facer consciente ó alumnado do bo uso que se pode facer deses medios.
- Reflexionar sobre a importancia que ten o saber seleccionar aquilo que se le e ve.
- Aprender a respecta-los gustos dos demais.
- Reflexionar sobre a importancia de saber emprega-lo diñeiro.
- Reflexionar sobre a importancia de comparti-los bens propios cos demais, e, en especial, con aqueles que máis o necesitan.

Educación para o espírito europeo

- Reflexionar sobre a importancia do coñecemento dos distintos países que forman a Comunidade Europea.
- Reflexionar sobre a importancia de coñecer-la súa historia e maila propia.
- Reflexionar sobre a importancia das boas relacións entre os distintos países membros.

Cooperación internacional

- Reflexionar sobre a importancia da cooperación internacional, isto é, a axuda entre os distintos países.

Educación moral e cívica. / Educación para a igualdade.

- Coñecerse máis a si mesmos.
- Coñecer máis e mellor os seus compañeiros.
- Reflexionar sobre o dereito de tódalas persoas á educación.
- Coñecer-los sistemas educativos propio e doutros países.
- Aprender a respecta-lo outro independentemente da súa idade, sexo, raza, relixión...
- Aprender a escoita-las opinións, historias, etc. doutros.

Educación para a paz. / Educación moral e cívica

- Ser conscientes da importancia dun comportamento cívico en tódolos ámbitos da vida.
- Reflexionar sobre as repercusións que poden ter certos actos non cívicos.
- Aprender a respecta-los gustos e opinións dos outros.
- Aprender a dialogar.

Educación ambiental. / Educación para a saúde. Educación sexual

- Reflexionar sobre a importancia que ten levar unha dieta equilibrada.
- Reflexionar sobre os problemas que pode ocasionar non ter uns bos hábitos alimenticios.
- Coñecer máis e mellor a xente que está con eles día a día.
- Reflexionar sobre a importancia do sexo na saúde.
- Coñecer e respectar as distintas opcións sexuais dentro dun marco de normas morais compartidas.

Educación viaria

- Reflexionar sobre a vinculación entre posesión e disfrute de automóbil e status.
- Analiza-la relación entre os distintos modelos de automóbil e a cultura vial dos seus conductores.

1. 4. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN

Para cualificar tanto aos alumnos da ESO como aos de Bacharelato, terase en conta fundamentalmente:

- A actitude que mostren cara á materia.
- A asistencia e o traballo na clase.
- A expresión oral e escrita.
- O resultado das probas escritas.
- A lectura obrigatoria dos libros.

O sistema de avaliación, tanto na ESO como no Bacharelato, será o de AVALIACIÓN CONTINUA no tocante á área de lingua; na área de literatura haberá as recuperacións correspondentes. No caso de que o profesor ou profesora adopte o método de exame propio de selectividade –cun bloque para o comentario, outro para a lingua e outro máis para a literatura-, poderá proceder a un exame de recuperación, ben sexa da materia de cada avaliación, ben sexa da materia total do curso.

A nota no Bacharelato estará formada pola nota dos exames (90 %) máis a nota dos libros de lectura (10 %).

O Seminario acordou darlles carácter eliminatorio ás lecturas obrigatorias que se programen para cada curso, de tal xeito que o non superar o exame das lecturas acordadas para cada avaliación poderá ser motivo suficiente para que o profesor considere non acadados os obxectivos mínimos.

As faltas de asistencia ás probas que non se xustifiquen debidamente (certificado médico, xustificación presencial de país, nais ou titores) poderán ser motivo da non repetición das citadas probas.

CUALIFICACIÓN DOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos que teñan pendente en **Bacharelato** a materia do curso anterior, ademais da convocatoria de fin de curso, terán outra proba global a fins de Xaneiro. Os profesores de Segundo curso de Bacharelato estarán especialmente pendentes dos alumnos e alumnas que teñan pendente Lingua Galega e Literatura de Primeiro curso, ofrecéndose para explicar a materia e corrixir os exercicios que sexan de especial interese para os alumnos e alumnas pendentes. Estes poderán, así mesmo, acudir ó Xefe de Departamento para que este lles aclare as dúbidas que se lles presenten. Se algún alumno ou alumna estivese disposto a realizar actividades –comentarios, reseñas de obras...- que contribuísen á recuperación da materia pendente, sería tido en conta.

1.5. TEMPORALIZACIÓN

Procurarase sempre adaptar a materia abarcada en cada avaliación ó tempo dispoñible e a dificultade da materia explicada. Intentarase evitar a desproporción e, en caso de ser imposible impartir todos os contidos previstos, non se penalizará ó alumnado obrigándoo a preparar pola súa conta as unidades non explicadas. O profesorado fará todo o posible para que non quede nada fundamental por ensinar e, de ser necesario, resumirá ou incluso eliminará canto considere secundario. As probas de avaliación adaptaranse á materia impartida e procurarán ser fieis ós criterios da avaliación continua. Ao final do curso, o profesorado indicará, para que conste na memoria, qué parte do programa non foi visto ou foi tratado superficialmente, a fin de telo en conta nos exames extraordinarios e nas probas de pendentes do curso seguinte se fose o caso.

1.6. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como xa comentamos no referido á ESO, o feito diferencial, que caracteriza a especie humana, é unha realidade evidente que condiciona todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo,

estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa os docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión “*atención á diversidade*” non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, alumnos con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os alumnos e alumnas escolarizados en cada grupo-clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e das alumnas débese garantir desde o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumno concreto).

Así, o Proxecto Curricular do Bacharelato configúrase como o primeiro nivel de adaptación do currículo. O carácter opcional dalgunhas materias nos dous cursos, os distintos graos de adaptación individualizada e as adaptacións curriculares son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se presentan no proceso educativo.

A Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo responde á diversidade co concepto de *adaptación curricular*. Non se propón un currículo especial para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos alcancen, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Para atender á diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

Medidas de atención á diversidade

ORDINARIAS:

- A) A ADAPTACIÓN DO CURRÍCULO DO BACHARELATO.
- B) O REFORZO EDUCATIVO.
- C) A OPTATIVIDADE.
- D) A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A INTEGRACIÓN ESCOLAR.

ESPECÍFICAS:

- A) AS ADAPTACIÓN CURRICULARES.

No Bacharelato poñerase especial énfase nas adaptacións curriculares e nas clases de reforzo especialmente nos casos en que un alumno proceda doutra comunidade lingüística, teña ou non teña dereito á exención en Lingua Galega e Literatura. Suponse que unha persoa que teña conseguido graduarse na ESO posúe un dominio aceptable en lingua galega e unha capacidade media, polo que, en teoría, non cabe agardar as grandes diferenzas existentes no seo do alumnado da ESO. Non obstante, na medida do posible, intentarase preparar un material educativo especial para aqueles alumnos que, por diversas circunstancias, non poidan acadar o nivel mínimo esixible nos correspondentes cursos. Distintas editoriais teñen preparados cadernos de exercicios fotocopiabiles que poden ser de gran utilidade. Na biblioteca do centro posuímos unha serie de libros bilingües que poden prestar un bo servizo.

1.7. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A. CONTIDOS ESIXIBLES

Serán os indicados no apartado dos contidos mínimos de cada curso, pero terase en conta a materia impartida durante o curso anterior conforme quedou rexistrado na memoria de fin de curso.

B. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Entregaráselles ós alumnos pendentes unha serie de fotocopias de actividades con exercicios, modelos de exame, referencia ós aspectos teóricos máis importantes, a fin de que poidan preparar o mellor posible a materia que deben recuperar. Ofreceráselles a posibilidade de realizar traballos que axuden a subir a nota obtida nos exames. Os profesores do curso en que se atopen, ou o xefe de departamento no seu caso, estarán dispoñibles para axudar a realizar e para corrixir as actividades e os traballos. Se fose posible, un profesor impartiría algunha clase de recuperación nun horario adecuado –cousa difícil, tendo en conta que a maioría do noso alumnado depende do transporte escolar para acudir ao instituto e todas as horas lectivas están ocupadas-. Os profesores do curso en que se atopen, ademais, poden propoñerlles actividades de recuperación.

C. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Os alumnos da ESO que teñan pendente de cursos anteriores a materia de Lingua Galega e Literatura realizarán unha proba global a finais de Xaneiro e outra a finais de Abril de non superaren a primeira delas. Ademais teranse en conta os traballos que de forma voluntaria realice o alumnado pendente. Tales traballos poden subir a nota do exame; nunca baixala.

D. CUALIFICACIÓN DOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Como xa se dixo, os alumnos que teñan pendente en Bacharelato a materia do curso anterior, ademais da convocatoria de fin de curso, terán outra proba global a fins de Xaneiro. Os profesores de Segundo curso de Bacharelato estarán especialmente pendentes dos alumnos e alumnas que teñan pendente Lingua Galega e Literatura de Primeiro curso, ofrecéndose para explicar a materia e corrixir os exercicios que sexan de especial interese para os alumnos e alumnas pendentes. Estes poderán, así mesmo, acudir ó Xefe de Departamento para que este lles aclare as dúbidas que se lles presenten. Se algún alumno ou alumna estivese disposto a realizar actividades – comentarios, reseñas de obras...- que contribuísen á recuperación da materia pendente, sería tido en conta. Estas actividades, como xa se indicou, axudarían a elevar a nota do exame.

1.8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES (NO BACHARELATO)

Como xa se dixo anteriormente, os alumnos que teñan pendente en Bacharelato a materia do curso anterior, ademais da convocatoria de fin de curso, terán outra proba global a fins de Xaneiro. Os profesores de Segundo curso de Bacharelato estarán especialmente pendentes dos alumnos e alumnas que teñan pendente Lingua Galega e Literatura de Primeiro curso, ofrecéndose para explicar a materia e corrixir os exercicios que sexan de especial interese para os alumnos e alumnas pendentes. Estes poderán, así mesmo, acudir ó Xefe de Departamento para que este lles aclare as dúbidas que se lles presenten. Se algún alumno ou alumna estivese disposto a realizar actividades – comentarios, reseñas de obras...- que contribuísen á recuperación da materia pendente, sería tido en conta. Estas actividades, como xa se indicou, axudarían a elevar a nota do exame.

1.9. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

Como se dixo no apartado referido aos alumnos da ESO, nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Xeralmente consistirán en modelos de exame utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia, comentarios, tests..., que dan unha medida bastante fiable da cultura e a capacidade intelectual do alumnado.

En caso de que sexa posible, por diversos motivos –informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase...-, ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

Unha vez detectados os problemas de determinados alumnos con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado e procederase en consecuencia ofrecéndolles, se é posible, clases de apoio, material complementario máis sinxelo, etc. Sempre se terán en conta as condicións persoais de cada alumno ou alumna.

2. PRIMEIRO CURSO

2.1. CONTIDOS

Contidos comúns

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto

- Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
- Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas.
- Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que se deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.
- Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.
- Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.
- Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.
- Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.
- Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido; características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

A sociolingüística

- A formación da lingua galega: Substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

A literatura

- A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- A literatura medieval: A lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.
- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.
- A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos. niciosas para o avance da nosa lingua.

2.2. CONTIDOS POR UNIDADES. PROGRAMACIÓN DE AULA POR UNIDADES

Neste apartado expóñense, por unidades, os obxectivos didácticos, os contidos e os criterios de avaliación da proposta didáctica de Lingua e Literatura 1º de Bacharelato de Edicións Anaya, cuxo libro adoptamos como texto.

UNIDADE 1

1a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer como nos comunicamos os seres humanos e distinguir os diferentes tipos de comunicación.
2. Coñecer as características da linguaxe humana.
3. Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo, así como os elementos perturbadores.
4. Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe predominante.
5. Comprender que a linguaxe é un sistema de comunicación por medio de signos lingüísticos.
6. Comprender a diferenza entre linguaxe, lingua e fala.
7. Mellorar no dominio do emprego das letras maiúsculas.
8. Analizar a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.

1b. Criterios de avaliación

- 1.1. Distingue entre comunicación animada e inanimada, e coñece os sistemas non verbais, así como os distintos tipos de comunicación humana.

- 2.1. Comprende e explica as características da linguaxe.
- 3.1. Identifica os elementos do acto comunicativo (emisor, receptor, referente, mensaxe, código e canle).
- 3.2. Localiza os ruídos que perturban os actos comunicativos e as redundancias que intentan contrarrestalos.
- 4.1. Identifica a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe (representativa, expresiva, apelativa, fática, poética e metalingüística).
- 5.1. Comprende o concepto de signo lingüístico.
- 6.1. Discrimina linguaxe e lingua, e lingua e fala.
- 7.1. Coñece e aplica correctamente as normas ortográficas que regulan o emprego das letras maiúsculas.
- 8.1. Analiza a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.

1c. Contidos

- A comunicación.
- Explicación do proceso de comunicación e clasificación dos tipos de comunicación humana.
- Identificación das características da linguaxe humana.
- Convencemento de que mellorar as capacidades de comunicación esixe estudo, empeño e esforzo.
- A linguaxe humana.

- Elementos do acto comunicativo.
- Análise dos elementos que interveñen en diversos actos de comunicación.
- O contorno da comunicación: a situación e o contexto.
- Busca e descrición de situacións distintas para un mesmo signo que conleven interpretacións diversas.

- Ruído e redundancia.
- Localización de redundancias en varios enunciados.

- Valoración dos problemas que poden aparecer na comunicación tendo en conta o contorno no que se produza (situación e contexto), así como os elementos perturbadores (ruídos e redundancias).
- A intención comunicativa. As funcións da linguaxe.
- Identificación das funcións predominantes en enunciados dados.

- Valoración da importancia do nivel cultural no correcto uso da lingua.
- Os signos. O signo lingüístico.
- Explicación do concepto de signo e identificación de signos.

- Linguaxe e linguas. Lingua e fala.

- As maiúsculas.
- Aplicación práctica das normas que rexen o uso das maiúsculas.
- Explicación de abreviaturas e siglas.
- Corrección de textos con erros ortográficos.
- Interese por coñecer e dominar as regras de uso das maiúsculas.

- Comentario de textos.
- Lectura, subliñado e localización de ideas principais e secundarias en textos varios.

- Curiosidade por ler e comprender un texto de forma eficaz.

UNIDADE 2

2a. Obxectivos didácticos

1. Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.
2. Comprender de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.
3. Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado.

4. Comprender as características e os tipos de textos descritivos.
5. Comprender as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.
6. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.
7. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.
8. Coñecer e aplicar correctamente algúns prefixos e terminacións.
9. Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz.

2b. Criterios de avaliación

- 1.1. Distingue entre comunicación oral e comunicación escrita.
- 2.1. Comprende de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.
 - 3.1. Comprende as características e a estrutura dun texto dialogado.
 - 4.1. Comprende as características e os tipos de textos descritivos.
 - 4.2. Pode elaborar unha descrición seguindo uns pasos.
 - 5.1. Comprende as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.
 - 6.1. Comprende as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.
 - 6.2. Pode elaborar unha exposición seguindo uns pasos.
 - 7.1. Comprende as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.
 - 8.1. Coñece e aplicar correctamente algúns prefixos e terminacións.
 - 9.1. Analiza as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz.

2c. Contidos

- Comunicación oral e escrita.
- Comprensión e diferenciación dos dous tipos básicos de comunicación: oral e escrita.
- Convencemento da necesidade de manter unha comunicación oral e escrita fluída e eficaz en lingua galega.
- Tipoloxía textual.
- Identificación das características que permiten clasificar distintos textos.
- O texto dialogado.
 - Análise dos elementos que definen un texto dialogado.
- O texto descritivo.
 - Análise dos elementos e características dun texto descritivo.
- O texto narrativo.
 - Análise dos elementos e características dun texto narrativo.
- O texto expositivo.
 - Análise dos elementos e características dun texto expositivo.
- O texto argumentativo.
 - Análise dos elementos e características dun texto argumentativo.
- Valoración das técnicas para elaborar correctamente textos de diferente tipo: dialogado, argumentativo, expositivo, descritivo...
 - Algúns prefixos e terminacións.
 - Aplicación práctica das normas no uso dalgúns prefixos e terminacións.
 - Corrección de textos con erros ortográficos.
- Interese por coñecer e dominar as regras que rexen o uso dalgúns prefixos e terminacións.

- Comentario de textos.
- Lectura e resumo de varios textos.
- Curiosidade por ler e resumir un texto de forma eficaz.

UNIDADE 3

3a. Obxectivos didácticos

1. Identificar morfolóxica e sintacticamente os substantivos e clasificalos segundo o significado, orixe e composición.
2. Coñecer e aplicar regras básicas de gramática: xénero e número.
3. Identificar o adxectivo cualificativo e aplicar correctamente os procedementos de formación do comparativo e do superlativo.
4. Coñecer os usos do guión e da diérese.
5. Valorar a relevancia e información que achega o título dun documento e a importancia de identificar claramente o tema.

3b. Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica morfolóxica e sintacticamente os substantivos e clasifícaos segundo o significado, orixe e composición.
- 2.1. Identifica substantivos masculinos e femininos, e forma o feminino de substantivos.
- 2.2. Forma o plural de substantivos e de palabras compostas.
- 3.1. Identifica morfolóxica e sintacticamente os adxectivos e clasifícaos en explicativos ou especificativos.
- 3.2. Aplica correctamente os procedementos de formación do comparativo.
- 3.3. Aplica os procedementos de formación do superlativo.
- 4.1. Coñece e aplica correctamente o uso do guión.
- 4.2. Coñece e aplica correctamente o uso da diérese.
- 5.1. Valora a relevancia e información que achega o título dun documento e a importancia de identificar claramente o tema.

3c. Contidos

- O substantivo.
- Identificación de substantivos masculinos e femininos mediante o uso do artigo.
- Formación do feminino de substantivos dados.
- Formación do plural de substantivos e adxectivos dados.
- Gusto pola arte de escribir ben, coñecendo as convencións gramaticais que a regulan.
- O adxectivo cualificativo.
- Creación de frases comparativas de superioridade, inferioridade e igualdade.
- Formación do superlativo absoluto de palabras dadas.
- Busca do comparativo e superlativo sintéticos de adxectivos dados.
- Elaboración de descrições (usando o maior número de adxectivos posible).
- Convencemento de que mellorar as capacidades de comunicación esixe estudo, empeño e esforzo.
- Ortografía.
- Aplicación práctica do uso do guión e a diérese.
- Interese por coñecer e dominar as regras que regulan o uso do guión e da diérese.
- Comentario de textos.
- Delimitar as características dun título en varios exemplos.
- Aplicar o aprendido para delimitar o tema dun texto.

- Interese por comprender un texto, delimitar o tema e observar as características que debe levar un título.

UNIDADE 4

4a. Obxectivos didácticos

1. Identificar morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal.
2. Identificar e usar correctamente as formas átonas e reflexivas do pronome persoal.
3. Coñecer e aplicar correctamente as normas de colocación e de concorrencia do pronome átono, así como os valores significativos que poida adquirir.
4. Aplicar correctamente as regras de acentuación.
5. Comprender a importancia dun esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun textos.

4b. Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal.
- 2.1. Coñece e emprega axeitadamente as formas átonas de CD e CI.
- 2.2. Usa correctamente as formas do pronome *se*.
- 2.3. Identifica e usa correctamente o pronome de solidariedade e o dativo de interese.
- 3.1. Coñece e aplica correctamente as normas de colocación e de concorrencia dos pronomes átonos.
- 3.2. Indica os diversos desprazamentos de significación dos pronomes átonos.
- 4.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.
- 5.1. Comprende a importancia dun esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun textos.

4c. Contidos

- O pronome persoal.
- A serie tónica.
- Xustificación do uso dalgúñas formas tónicas con valores especiais.
- Aplicación das formas de cortesía do pronome tónico.
- Interese e autoesixencia no uso da lingua.
- A serie átona.
- Explicación de casos de desprazamento do pronome persoal.
- Substitución do CD e o CI polos pronomes correspondentes.
- Identificación de dativos de solidariedade e interese en enunciados dados.
- Introducción do pronome *se* no lugar correcto.
- Colocación xustificada do pronome átono en enunciados dados.
- Explicación dos diversos valores que adoptan os pronomes persoais átonos en enunciados dados.
- Curiosidade por coñecer e dominar as normas reguladoras do uso dos pronomes persoais na nosa lingua.
- Uso correcto das regras de acentuación.
- Aplicación práctica das regras de acentuación.
- Explicación das regras que rexen a acentuación.
- Interese por coñecer e dominar as regras que regulan a acentuación
- Comentario de textos.
- Aplicación práctica na elaboración de esquemas sobre textos dados.
- Valoración das técnicas de proceso de textos e de estudo que, como o esquema, axudan a fixar os conceptos elementais dun tema e a comentar un texto.
- Curiosidade por traballar a comprensión eficaz dun texto a través de esquemas.

UNIDADE 5

5a. Obxectivos didácticos

1. Utilizar correctamente o artigo e as súas contraccións, e recoñecer os seus usos específicos.
2. Identificar os demostrativos e coñecer os seus usos e valores especiais.
3. Identificar os posesivos e coñecer as súas formas e usos especiais.
4. Identificar as formas dos pronomes relativos e coñecer as normas que regulan o seu emprego.
5. Coñecer as formas e usos dos pronomes interrogativos e exclamativos.
6. Coñecer as formas e clasificación dos pronomes numerais e dos pronomes indefinidos.
7. Mellorar no dominio da acentuación, recoñecendo e aplicando correctamente o til diacrítico.
8. Recoñecer as distintas tipoloxías e estruturas que poden ter os textos.

5b. Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica o artigo e as súas contraccións, e usa correctamente as segundas formas.
- 1.2. Recoñece algúns usos específicos do artigo determinado.
- 2.1. Identifica e usa correctamente as formas dos demostrativos, así como as súas contraccións.
- 2.2. Coñece e usa correctamente os valores especiais dos demostrativos.
- 3.1. Identifica e usa correctamente os posesivos, así como as súas formas de propiedade exclusiva.
- 3.2. Usa correctamente o posesivo distributivo.
- 3.3. Coñece os valores especiais do posesivo.
- 4.1. Identifica os relativos e coñece os seus usos.
- 5.1. Identifica e usa correctamente os pronomes interrogativos e exclamativos.
- 6.1. Coñece e usa correctamente as formas dos numerais.
- 6.2. Coñece e usa correctamente as formas dos indefinidos.
- 7.1. Aplica correctamente o til diacrítico.
- 8.1. Recoñece as distintas tipoloxías e estruturas que poden ter os textos.

5c. Contidos

- O artigo.
- Recreación de enunciados empregando a segunda forma do artigo.
- Localización e explicación de usos incorrectos do artigo.

- Curiosidade por coñecer o artigo e as normas que regulan o seu emprego.

- Os demostrativos.
- Localización de usos incorrectos dos demostrativos.
- Localización e explicación de usos con valor especial de formas demostrativas.

- Os posesivos.
- Recreación de enunciados empregando as formas de propiedade exclusiva.
- Recreación de enunciados empregando o posesivo distributivo.
- Localización e explicación dos valores especiais dos posesivos.
- Corrección de usos indebidos dos posesivos en enunciados dados.

- Curiosidade por coñecer o funcionamento dos pronomes demostrativos e posesivos e as normas que regulan o seu emprego.

- Os pronomes relativos.
- Transformación de enunciados para a introdución de pronomes relativos.

- Os pronomes interrogativos e exclamativos.
- Corrección de usos incorrectos dos pronomes interrogativos e exclamativos.

- Curiosidade por coñecer os pronomes relativos, interrogativos e exclamativos e as normas que regulan o seu emprego.

- Os numerais e os indefinidos. Clasificación e formas.
- Transformación de enunciados empregando os pronomes numerais e os indefinidos.

- O acento diacrítico.
- Aplicación practica das regras de acentuación dos diacríticos.

- Comentario de texto.
- Aplicación practica sobre textos dados para delimitar o tipo de estrutura.

UNIDADE 6

6a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer a estrutura morfolóxica das formas verbais.
2. Conxugar con corrección os verbos regulares con alternancia no radical.
3. Conxugar correctamente verbos irregulares.
4. Identificar os valores dos modos e tempos nas formas verbais.
5. Identificar e utilizar con corrección as formas nominais do sistema verbal.
6. Identificar as perífrases verbais e determinar o seu significado.
7. Escribir con corrección palabras con *b*.
8. Analizar a estrutura argumentativa dun texto nun comentario crítico.

6b. Criterios de avaliación

- 1.1. Analiza a estrutura morfolóxica de formas verbais.
- 2.1. Conxuga con corrección os verbos regulares e con alternancia no radical.
- 3.1. Conxuga correctamente verbos irregulares.
- 4.1. Identifica os valores dos modos e tempos nas formas verbais.
- 5.1. Identifica e utiliza con corrección as formas nominais do sistema verbal.
- 6.1. Identifica as perífrases verbais e determina o seu significado.
- 7.1. Escribe con corrección palabras con *b*.
- 8.1. Analiza a estrutura argumentativa dun texto nun comentario crítico.

6c. Contidos

- O verbo.
- Análise morfolóxica de formas verbais.

- As categorías verbais.
- Elaboración dos paradigmas verbais de verbos propostos.

- O sistema verbal galego.
- Análise morfolóxica de formas verbais, segmentando os seus constituíntes e indicando o valor de cada un deles.
- Explicación das irregularidades que afectan a formas verbais propostas.
- Indicación do timbre da vogal radical de formas verbais dadas.
- Explicación das alternancias vocálicas no paradigma de verbos propostos.
- Conxugación de verbos irregulares.

- Esfuerzo por dominar a conxugación dos verbos, tanto regulares como irregulares.
- Disposición para captar e corrixir os erros que se producen ao conxugar os verbos irregulares.

- Algúns valores significativos dos modos e tempos.
- Transformación de enunciados en presente, pasado e futuro.
- Comentario dos valores temporais, aspectuais e modais de formas verbais dadas.

- Formas nominais ou amodotemporais.
- Transformación de enunciados introducindo a forma variable do infinitivo.

- Identificación dos elementos verbais e non verbais presentes en anuncios dados.
- As perífrases verbais.
- Identificación e clasificación de perífrases en enunciados dados.
- Substitución de formas verbais por perífrases.
- Uso do *b*.
- Aplicación práctica do *b*.
- Comentario de texto.
- Aplicación practica sobre un texto dado das características dun texto argumentativo.

UNIDADE 7

7a. Obxectivos didácticos

1. Identificar e utilizar con corrección os adverbios e locucións adverbiais.
2. Identificar e utilizar con corrección as preposicións.
3. Identificar e utilizar con corrección as conxuncións.
4. Estudar e aplicar correctamente as normas ortográficas que rexen o uso do *v*.
5. Identificar, localiza e tipificar un texto.

7b. Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica e utiliza con corrección os adverbios e locucións adverbiais.
- 2.1. Identifica e utiliza con corrección as preposicións.
- 3.1. Identifica e utiliza con corrección as conxuncións.
- 4.1. Estuda e aplica correctamente as normas ortográficas que rexen o uso do *v*.
- 5.1 Identifica, localiza e analiza a tipoloxía textual dun texto dado.

7c. Contidos

- O adverbio.
- Substitución de oracións subordinadas adverbiais por adverbios ou locucións adverbiais.
- Completar oracións cos adverbios ou locucións adverbiais adecuados.
- Localización, clasificación e explicación do significado e da función dos adverbios dun texto.
- Recoñecemento da importancia do uso correcto das normas e convencións da lingua.
- Valoración da autocorrección dos textos propios como unha tarefa necesaria.
- Desexo de coñecer as formas e uso correcto do adverbio.
- As preposicións.
- Identificación dos valores das preposicións de enunciados dados.
- Localización nun texto das preposicións, indicando os elementos que conectan, o tipo de relación que se establece e os valores significativos que achegan.
- Autoesixencia na realización das propias producións escritas.
- Autoesixencia no uso de desvíos esóxenos e interese por empregar as formas lingüísticas adecuadas.
- As conxuncións.
- Identificación dos valores das conxuncións de enunciados dados.
- Localización nun texto das conxuncións, indicando os elementos que conectan, o tipo de relación que se establece e os valores significativos que achegan.
- Curiosidade por coñecer o funcionamento das preposicións e conxuncións.
- Uso do *v*.
- Aplicación practica en exercicios das normas ortográficas que rexen o uso do *v*.

- Curiosidade por aprender as normas ortográficas que permiten unha escritura correcta.
- Comentario de texto.
- Localización en textos dados dos tipos de estrutura e tipoloxías textuais máis comúns.
- Curiosidade pola análise textual e polo comentario de texto.

UNIDADE 8

8a. Obxectivos didácticos

1. Valorar a lingua galega como lingua histórica e propia de Galicia.
2. Coñecer a orixe románica da lingua galega e a súa evolución ata converterse no romance galego portugués.
3. Coñecer a formación histórica do léxico galego.
4. Escribir con corrección palabras con *c/cc* e con *ca /cua /co* .

8b. Criterios de avaliación

- 1.1. Valora e respecta a lingua galega como lingua histórica e propia de Galicia.
- 2.1. Coñece e diferencia os conceptos de substrato, adstrato e superestrato.
- 2.2. Coñece o proceso de romanización do noso territorio e a influencia dos substratos na súa evolución.
- 2.3. Coñece a influencia dos superestratos xermánico e árabe na evolución da lingua galega.
- 3.1. Identifica palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- 4.1. Escribe con corrección palabras con *c/cc* e con *ca /cua /co*.

8c. Contidos

- Formación da lingua galega.
- Explicación das diferenzas entre linguas prelatinas e neolatinas.
- Explicación do termo «linguas romances».
- Valoración da lingua galega como a propia de Galicia.
- Interese por coñecer a orixe e evolución histórica do galego.
- Substrato, adstrato e superestrato.
- Confección dun esquema das linguas faladas actualmente na Península Ibérica atendendo á súa orixe.
- Período prerromano. As linguas prerrománicas.
- Localización nun mapa físico de Europa das áreas xeográficas correspondentes ás linguas románicas.
- Reflexión en grupo do problema das migracións demográficas.
- Valoración das linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais.
- Interese por coñecer a orixe común das linguas galega e portuguesa.
- Respecto e actitude positiva ante a diversidade lingüística da Península.
- Formación histórica do léxico galego.
- Clasificación de termos en patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- Detección do equivalente patrimonial de cultismos dados.
- Detección dos adxectivos cultos correspondentes a substantivos patrimoniais dados.
- Detección da voz culta correspondente á palabra coloquial dada.
- Explicación do significado de locucións latinas e de tecnicismos.
- Busca de tecnicismos propios de diferentes ámbitos.
- Análise lingüística dun poema.
- Uso de *c/cc* e *ca /cua /co* .
- Aplicación práctica de *c/cc*.
- Aplicación práctica de *ca /cua /co*.

- Comentario de textos.
- Delimitación das características que ten o corpo argumentativo dun texto

UNIDADE 9

9a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer e valorar a evolución histórica da lingua galega.
2. Entender a situación cultural e histórica do galego antigo e coñecer algúns dos seus trazos lingüísticos propios.
3. Comprender os factores que provocaron a decadencia da nosa lingua na Idade Moderna e coñecer os trazos característicos do galego medio.
4. Coñecer a situación histórica, cultural e lingüística do galego no século XIX.
5. Utilizar con corrección algunhas grafías que orixinan vacilacións con respecto ao seu uso.

9b. Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece o proceso de formación do galego portugués como lingua única e diferenciada.
- 2.1. Comprende e coñece a situación cultural e histórica do galego antigo.
- 2.2. Analiza as características lingüísticas do galego antigo na época trobadoresca.
- 2.3. Analiza as características lingüísticas do galego antigo na época postrobadoresca.
- 3.1. Coñece e entende a situación cultural e histórica do galego medio.
- 3.2. Coñece o labor dos ilustrados para dignificar a lingua galega.
- 3.3. Analiza os trazos lingüísticos do galego medio.
- 4.1. Coñece os aspectos máis salientábeis do período da historia da lingua galega coñecido como galego moderno.
- 4.2. Coñece as características gráficas, morfolóxicas e léxicas do galego moderno.
- 5.1. Utiliza con corrección algunhas grafías conflitivas.

9c. Contidos

- O galego na Baixa Idade Media: galego antigo.
- Explicación dos aspectos máis salientables do período medieval na historia do galego.
- Explicación das causas do proceso de decadencia da lingua galega.
- Localización das características lingüísticas do galego antigo en diferentes textos.
- Valoración da lingua galega como produto e proceso sociocultural que evoluciona.
- Interese por coñecer a orixe común das linguas galega e portuguesa.
- A Idade Moderna: galego medio.
- Localización das características do galego medio en diferentes textos.
- Valoración da lingua como elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- A Idade Contemporánea: o galego moderno. O galego no século XIX.
- Explicación dos aspectos máis salientables do galego moderno.
- Localización dos aspectos gráficos e léxicos do galego do século XIX explicando a súa correspondencia no galego normativo.
- Comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.
- Uso dalgunhas grafías.
- Aplicación práctica dalgunhas grafías.
- Interese por escribir correctamente algunhas palabras que ofrecen dúbidas en canto ao uso dunha ou outra grafía.
- Comentario de textos:

- Análise practica en textos dados das características que debe ter a conclusión.
- Interese por elaborar e analizar textos atendendo as características que debe ter a parte da conclusión.
- Valoración da lectura como fonte de coñecementos e aproveitamento pracententeiro do tempo de lecer.

UNIDADE 10

10a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer a variedade interna das linguas.
2. Coñecer a diversidade lingüística e valorar a súa importancia.
3. Analizar e reflexionar sobre a realidade plurilingüe da Península Ibérica.
4. Coñecer os dereitos lingüísticos das persoas e os aspectos lexislativos que outorgan oficialidade ao galego.
5. Coñecer e empregar correctamente algúns grupos consonánticos.
6. Analizar a finalidade e os erros máis habituais nun comentario crítico.

10b. Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece as variedades diacrónica e diatópica da lingua.
- 1.2. Coñece os factores que determinan as variedades diafásicas e diastráticas da lingua e distingue o nivel e o rexistro lingüístico dunha situación comunicativa concreta, así como a variedade estándar da lingua.
 - 2.1. Coñece a diversidade lingüística e valora a súa importancia.
- 3.1. Analiza e reflexiona sobre a realidade plurilingüe da Península Ibérica.
 - 4.1. Coñece os dereitos lingüísticos das persoas e os aspectos lexislativos que outorgan oficialidade ao galego.
 - 5.1. Coñece e emprega con corrección algúns grupos consonánticos.
 - 6.1. Analiza a finalidade e os erros máis habituais nun comentario crítico.

10c. Contidos

- A variación intralingüística.
- Reflexión, comentario e explicación de diferentes aspectos dos conceptos traballados na unidade.
- Elaboración de resumos e guións para exposicións orais da información teórica.
- Desexo de entender o fenómeno de variación diatópica como algo vivo.
- Interese por coñecer a variación intralingüística do galego e valoración de todas as variedades xeográficas.
- Variedades internas do galego moderno.
- Reelaboración dunha mensaxe adaptándoa aos diferentes niveis idiomáticos.
- Transformación ao rexistro formal de enunciados dados.
- Conciencia da necesidade que temos de afianzar a nosa propia personalidade utilizando os máis variados rexistros idiomáticos, apropiados a cada situación comunicativa.
- Valoración dos problemas que poden aparecer na comunicación por falta de adecuación no rexistro lingüístico.
- Actitude de respecto cara á variedade estándar como medio para defender a unidade do galego.
- Os dereitos lingüísticos. Os aspectos lexislativos.
- Elaboración de traballos de documentación ou de debates a partir de temas relacionados cos contidos da unidade.
- Comprensión da situación lingüística de Galicia.
- Interese por coñecer os dereitos lingüísticos dos falantes e os aspectos lexislativos que outorgan oficialidade ao galego.
- Valoración dos esforzos realizados ata a consecución da cooficialidade co castelán na nosa Comunidade.

- Conciencia da necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística, tanto individual como socialmente.
- Grupos consonánticos.
- Aplicación práctica dalgúns grupos consonánticos.
- Comentario de textos
- Análise práctica dos erros máis habituais nun comentario crítico.

UNIDADE 11

11a. Obxectivos didácticos

1. Entender o concepto de «período literario» e coñecer os períodos e movementos da nosa literatura.
2. Coñecer o contexto histórico, social e cultural no que xurdiu a lírica galego portuguesa.
3. Coñecer as características da lírica profana galego portuguesa e as súas manifestacións principais.
4. Coñecer a metodoloxía que hai que seguir para analizar o contido dun texto poético.

11b. Criterios de avaliación

- 1.1. Explica que é un «período literario» e coñece os períodos e movementos da nosa literatura.
- 2.1. Analiza o contexto histórico (sociedade, economía, cultura) no que se desenvolveu a literatura medieval galego portuguesa.
- 3.1. Coñece as características propias da lírica profana galego portuguesa, os límites cronolóxicos dentro dos que se inscribe e os xéneros, autores e intérpretes que cabe diferenciar.
- 3.2. Identifica e analiza as cantigas de amigo: o argumento, temática, personaxes e trazos formais.
- 4.1. Interpreta e comenta o contido dun texto poético: resumo e tema.

11c. Contidos

- A literatura. Periodización da literatura galega.
- Identificación dos acontecementos históricos máis relevantes da historia de Galicia e análise do reflexo na literatura.
- Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e socio cultural.
- Valoración da lingua e da literatura desde unha perspectiva histórica.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros e épocas.
- Contexto histórico da literatura galega medieval:
 - A lírica medieval galego portuguesa. A lírica profana.
 - As cantigas de amigo.
 - Clasificación de cantigas segundo o xénero ao que pertencen.
 - En cantigas propostas, distinción entre introdución e desenvolvemento.
 - Localización do suxeito lírico dunha cantiga.
 - Busca de información sobre o Camiño de Santiago e sobre a figura do bispo Xelmírez, relacionándoa coa nosa literatura.
 - Análise de cantigas atendendo á forma e ao contido.
 - Descrición da ambientación dos poemas.
 - Caracterización dos personaxes das cantigas.
 - Explicación do contido das mensaxes das cantigas.
 - Comentario de textos.
 - Consultas e traballos de investigación sobre temas dados.
- Interese por coñecer a nosa lingua e a nosa literatura durante a Idade Media.
- Valoración dos textos medievais como parte do noso patrimonio cultural.
- Sensibilidade estética perante as producións literarias propias e alleas.
- Recepción da tradición literaria como referencia para a produción doutros textos.

- Valoración e interpretación do compoñente erótico das cantigas.
- Comentario de textos poéticos (1).
- Distinción das ideas principais das secundarias, elaboración de resumos e determinación do tema de poemas dados.

UNIDADE 12

12a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer as características da lírica profana galego portuguesa e as súas manifestacións principais.
2. Ser capaz de identificar as *Cantigas de Santa María* atendendo aos seus temas e aos procedementos formais empregados.
3. Coñecer algunhas manifestacións da prosa literaria medieval.
4. Realizar esquemas das partes en que se divide un poema segundo a súa estrutura interna.
5. Analizar a estrutura externa dun texto poético.

12b. Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica e analiza as cantigas de amor: trazos formais, personaxes, ambientación...
- 1.2. Analiza cantigas de escarnio e de maldicir, formal e tematicamente.
- 1.3. Coñece os xéneros menores e os contaminados.
- 2.1. Identifica e comenta as *Cantigas de Santa María*.
- 3.1. Coñece algunhas manifestacións da prosa literaria medieval.
- 4.1. Elabora un esquema das partes nas que se divide un poema segundo a súa estrutura interna.
- 5.1. Analiza a estrutura externa dun texto poético.

12c. Contidos

- A cantiga de amor.
- Caracterización da «senhor».
- Clasificación de cantigas profanas.
- Análise dos recursos empregados en cantigas dadas.
- Análise e comentario de diferentes cantigas e fragmentos literarios medievais.
- Aprecio polo patrimonio literario propio como expresión lingüística da identidade histórica e colectiva.
- As cantigas de escarnio e maldicir.
- Análise dos recursos empregados en cantigas dadas.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros e épocas.
- Valoración e interpretación do compoñente erótico das cantigas.
- Xéneros menores da lírica profana.
- Análise dos recursos empregados en cantigas dadas.
- Valoración dos textos medievais como parte do noso patrimonio cultural.
- A lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*.
- Análise e clasificación das *Cantigas de Santa María*.
- Localización de termos e expresións propios de cantigas de amor.
- Relación entre as cantigas de loor e a cantiga de amor.
- Interese por coñecer a nosa lingua e a nosa literatura durante a Idade Media.
- A prosa literaria medieval.
- Busca de información sobre personaxes da historia de Galicia.
- Busca de información sobre o rei Artur e os cabaleiros da Táboa Redonda.

- Recepción da tradición literaria como referencia para a produción doutros textos.
- Comentario de textos poéticos (2).
- Elaboración de esquemas de poemas dados, analizando así a súa estrutura interna.
- Comentario de poemas analizando a estrutura interna e externa.

UNIDADE 13

13a. Obxectivos didácticos

1. Entender e relacionar a escaseza de escritores galegos nos Séculos Escuros coa situación socio lingüística e coñecer as manifestacións literarias e os autores máis salientables.
2. Coñecer os diversos tipos de manifestacións literarias de carácter oral popular, tanto en verso como en prosa.
3. Entender o contexto histórico do Prerrexurdimento e coñecer a produción literaria dos chamados «Precursores».
4. Elaborar o comentario crítico dun texto poético.

13b. Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece as mostras literarias galegas dos Séculos Escuros: poesía anónima tradicional, académica, relixiosa e teatro.
- 1.2. Coñece as tres xeracións do movemento ilustrado en Galicia.
- 2.1. Coñece as principais manifestacións literarias de carácter oral en verso.
- 2.2. Coñece as principais manifestacións literarias de carácter oral dramáticas e en prosa (o conto e a lenda).
- 3.1. Entende o contexto histórico do Prerrexurdimento e coñece as principais manifestacións literarias da primeira metade do XIX: textos propagandísticos e textos literarios.
- 3.2. Coñece a ideoloxía e a obra dos precursores do Rexurdimento.
- 4.1. Elabora o comentario crítico dun texto poético.

13c. Contidos

- Os Séculos Escuros (XVI, XVII e XVIII).
- Explicación da temática de textos literarios.
- Busca de información sobre a figura de D. Pedro Pardo de Cela.
- Reflexión acerca da discriminación vivida pola lingua galega en distintos períodos da súa historia.
- A literatura popular.
- Explicación das características de vilancicos populares galegos.
- Valoración do feito literario como produto sociocultural dunha época e vehículo de defensa da lingua.
- Prerrexurdimento.
- Reflexión, a partir de fragmentos literarios, sobre a consideración do noso idioma noutras épocas.
- Busca de información sobre institucións vinculadas aos nosos ilustrados.
- Busca de información sobre figuras que traballaron en prol do noso país durante o século XVIII.
- Valoración dos esforzos realizados en favor da dignificación da lingua galega.
- Valoración da literatura como medio para loitar contra as inxustizas e problemas que sofre un pobo.
- Valoración dos intelectuais e poetas como transformadores e enriquecedores da vida colectiva.
- Valoración dos textos literarios como produto estético e como medio de expresar a problemática existencial do ser humano.
- Interese pola lectura como fonte de información.
- Interese por colaborar en actividades de grupo.
- Comentario de textos poéticos (3).

- Clasificación de textos literarios, localización das partes nas que se dividen e explicación das súas finalidades.
- Comentario de poemas elaborando xuízos críticos.
- Interese por responsabilizarse da propia formación.
- Interese por elaborar xuízos persoais.
- Interese por descubrir o potencial expresivo da lingua.

UNIDADE 14

14a. Obxectivos didácticos

1. Reflexionar sobre a importancia do Rexurdimento na nosa literatura.
2. Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galega.
3. Analizar o contido (personaxes, ambiente e acción dramática) de textos teatrais.

14b. Criterios de avaliación

- 1.1. Caracteriza o movemento denominado Rexurdimento, coñece os seus protagonistas e explica as causas da súa aparición e as etapas do galeguismo.
 - 2.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, a lingua e a importancia de Rosalía na Literatura galega.
 - 2.2. Analiza a temática, a forma e a estrutura de poemas de *Cantares gallegos*.
 - 2.3. Analiza a temática, a forma e a estrutura de poemas de *Follas novas*.
- 3.1. Identifica o tema e comenta os elementos pertencentes á estrutura interna (personaxes, ambiente e acción dramática) de textos teatrais.

14c. Contidos

- Caracterización e delimitación do Rexurdimento. O galeguismo.
- Rosalía de Castro.
- Clasificación de poemas de *Cantares gallegos* atendendo ao tema.
- Resumo do contido dalgún poema.
- Análise da métrica, do ritmo e da rima de poemas.
- Comentario dos aspectos retóricos baseados na repetición de elementos en composicións de Rosalía.
- Construcións de relatos breves tomando como base o argumento dalgún poema.
- División en partes dalgún poema e indicación do tema.
- Comentario de poemas de *Follas novas*.
- Análise da lingua de Rosalía.
- Realización de debates.
- Traballo de investigación.
- Valoración do feito literario como medio para dignificar unha lingua e defender o seu valor como forma de expresión literaria.
- Valoración da literatura como medio para loitar contra as inxustizas e problemas que sofre o pobo.
- Valoración do feito literario como expresión máis íntima das cuestións que aflixen ao ser humano.
- Valoración do texto escrito como medio para avanzar na igualdade entre sexos.
- Valoración dos sentimentos que expresan os poetas nas súas composicións.
- Actitude crítica ante o contido ideolóxico da obra literaria.
- Curiosidade por coñecer os recursos máis fecundos para realizar un traballo de investigación.
- Comentario dos textos dramáticos (1).
- Resumo do contido e enunciación do tema dun texto dramático.
- Actitude participativa e solidaria no desenvolvemento das actividades.
- Interese e vontade de expresar opinións e de coñecer as doutras persoas.

UNIDADE 15

15a. Obxectivos didácticos

1. Coñecer as principais contribucións de Pondal á literatura e á vida cultural galega.
2. Coñecer as principais contribucións de Curros á literatura e á vida cultural galega.
3. Coñecer as principais contribucións doutros escritores á literatura galega no Rexurdimento.
4. Analizar a forma e a estrutura externa dos textos dramáticos.

15b. Criterios de avaliación

- 1.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, as fontes literarias, a lingua e a importancia de Pondal na literatura galega.
- 1.2. Analiza algún poema de *Queixumes dos pinos*, tanto desde o punto de vista formal coma de contido.
 - 2.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, a lingua, o estilo e a importancia de Curros na literatura galega.
 - 2.2. Analiza formalmente algún poema de *Aires da miña terra e d'O Divino sainete* e realiza un comentario interpretativo.
 - 3.1. Coñece as principais contribucións de Valentín Lamas Carvajal á literatura galega.
 - 3.2. Coñece outros narradores galegos e autores de teatro do Rexurdimento.
 - 4.1. Analiza a forma e a estrutura externa de textos dramáticos: o subxénero, os diálogos, as anotacións e a lingua.

15c. Contidos

- Eduardo Pondal.
- Busca de información sobre o historiador Benito Vicetto.
- Análise da lingua de poemas de *Queixumes dos pinos*.
- Comentarios temáticos e estilísticos de poemas de Pondal.
- Explicación dos aspectos ideolóxicos de poemas.

- Valoración do feito literario como produto da situación histórica e sociocultural na que se produce e como vehículo para dignificar a lingua.
- Valoración da literatura como vehículo para defender os sinais de identidade dun pobo.
- Valoración da escrita como medio para converter o galego nunha lingua literaria culta.
- Valoración da función social da literatura.

- Manuel Curros Enríquez.
- Análise temática e formal de poemas de Curros.
- Análise da lingua de poemas de Curros.
- Comentarios interpretativos de poemas.
- Elaboración de contos tomando como argumento algún poema proposto.

- Valoración dos sentimentos que expresan os poetas nas súas composicións.
- Valoración da intención renovadora no estilo literario.
- Valoración da importancia da lectura dos fragmentos seleccionados.

- Outros escritores:

- Valoración do papel dos poetas, intelectuais, filósofos... no desenvolvemento e evolución da sociedade.

- Comentario de textos dramáticos (2).
- Comentario dun texto dramático, analizando o subxénero, o diálogo, as anotacións e a lingua.

- Interese da literatura como transmisora de valores.
- Gusto por imitar a arte dun escritor en escritos con propósitos estéticos.
- Interese e gusto polo teatro.
- Valoración e crítica dos comportamentos dos personaxes e das diferentes formas de expresión.

2.3. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

2. 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender e valorar na súa integridade textos de distinta natureza, recollendo as ideas fundamentais en resumos, esquemas ou mapas conceptuais tras aplicar distintas estratexias e coñecementos de carácter lingüístico, sociolingüístico e pragmático.

Ademais deben ser capaces de identificar a intención comunicativa dun texto (información, opinión ou persuasión) sendo quen de emitir xuízos críticos sobre el.

2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.

Avaliarase a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais. Así mesmo, comprobarase a capacidade do alumnado para planificar e realizar exposicións orais sobre os temas mencionados integrando a información obtida da consulta e selección de diversas fontes de documentación e da utilización de diferentes recursos e estratexias. Valorarase a pronuncia e a entoación axeitada, a corrección gramatical, a fluidez, a presentación, a estrutura e o emprego do léxico adecuado á situación comunicativa, así como o uso dos elementos paralingüísticos oportunos.

3. Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.

Trátase de verificar a capacidade do alumnado para comunicarse por escrito de forma planificada, ben sobre papel ben en soporte dixital; valorarase a presentación clara e ordenada, a corrección gramatical e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa, a selección e presentación do tema e das ideas de xeito lóxico, así como a axeitada utilización de mecanismos de cohesión lingüística que doten a estas producións de certa entidade.

4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

Este criterio refírese á valoración da capacidade para identificar o tema, estrutura formal e informativa e nivel de adecuación de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes ámbitos de uso. Igualmente preténdese comprobar se o alumnado é quen de manexar o tipo de texto máis oportuno para cada situación comunicativa que se lle presente na súa vida cotiá.

5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.

Trátase de verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado, a cal se observará a partir da súa capacidade de indución sobre textos de distinta natureza.

6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de transferir e aplicar de xeito reflexivo os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico co fin de mellorar a recepción de textos e a revisión e composición das propias producións.

7. Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incrementa non só o vocabulario receptivo senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

Este criterio servirá, por unha banda, para comprobar a adquisición dun léxico receptivo que permita mellorar e ampliar a comprensión de textos de distinto tipo e grao de complexidade; por outra, trátase de verificar se o novo caudal léxico que se vaia adquirindo é comprendido, retido e reutilizado adecuadamente en producións propias cada vez máis elaboradas.

8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

Preténdese que o alumnado sexa quen de recoñecer nos textos a información que determinadas marcas lingüísticas proporcionan sobre a súa cronoloxía, a procedencia xeográfica do emisor, o grupo social a que pertence ou o contexto en que se producen. Así mesmo, terase en conta a capacidade do alumnado para aplicar estes coñecementos ás propias producións evitando, sobre todo, a utilización de interferencias de sistemas lingüísticos alleos.

9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.

Con este criterio trátase de verificar se o alumnado é consciente da situación lingüística actual e da súa problemática, así como se ten capacidade para manifestarse de forma crítica e razoada sobre o tema. Valorarase se o alumnado é capaz de recoñecer prexuízos e valoracións pexorativas presentes nos usos lingüísticos, así como a súa capacidade para reflexionar sobre eles e evitalos de forma consciente nas súas propias producións.

10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado entende a lingua como un fenómeno social e diacrónico que explica a problemática actual do galego.

11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autores e obras.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as claves da nosa historia literaria e se comprende a produción literaria como un produto cultural situado nun contexto sociohistórico determinado.

12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

Preténdese que o alumnado sexa quen de ler, interpretar, analizar e valorar con espírito crítico textos e obras literarias utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literario (xénero, estrutura, temática, recursos formais). Tamén se valorará a súa capacidade para consultar e manexar de forma autónoma distintas fontes de información que lle permitan interpretar textos e obras literarias.

3. SEGUNDO CURSO

3.1. CONTIDOS

Contidos comúns.

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto.

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

A sociolingüística.

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia.
- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A literatura.

-A literatura do primeiro terzo do século XX:

- * A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
- * A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- * O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.

-A literatura entre 1936 e 1976:

- * A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.
- * A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.
- * O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.

-A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:

- * Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- * Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- * Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

-Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

Como un dos obxectivos do noso alumnado é presentarse ás probas de selectividade, a fin de realizar posteriormente unha carreira, deberase ter especialmente en conta relación de temas que poden ser obxecto de pregunta das PAAU para a sección de **Lingua e sociedade** e **Literatura**. Por unha parte:

1. As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
3. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua em vías de normalización.
4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

E, por outra:

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
4. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
5. A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
7. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras máis representativas.
8. O teatro galego entre 1936 e 1976: A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e os 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturghos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender e valorar na súa integridade textos de distinta natureza, recollendo as ideas fundamentais en resumos, esquemas ou mapas conceptuais tras aplicar distintas estratexias e coñecementos de carácter lingüístico, sociolingüístico e pragmático. Ademais deben ser capaces de identificar a intención comunicativa dun texto (información, opinión ou persuasión) sendo quen de emitir xuízos críticos sobre el.

2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.

Avaliarase a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais. Así mesmo, comprobarase a capacidade do alumnado para planificar e realizar exposicións orais sobre os temas mencionados integrando a información obtida da consulta e selección de diversas fontes de documentación e da utilización de diferentes recursos e estratexias. Valorarase a pronuncia e a entoación axeitada, a corrección gramatical, a fluidez, a presentación, a estrutura e o emprego do léxico adecuado á situación comunicativa, así como o uso dos elementos paralingüísticos oportunos.

3. Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica amais dunha coidada presentación.

Trátase de verificar a capacidade do alumnado para comunicarse por escrito de forma planificada, ben sobre papel ben en soporte dixital; valorarase a presentación

clara e ordenada, a corrección gramatical e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa, a selección e presentación do tema e das ideas de xeito lóxico, así como a axeitada utilización de mecanismos de cohesión lingüística que doten estas producións de certa entidade.

4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

Este criterio refírese á valoración da capacidade para identificar o tema, estrutura formal e informativa e nivel de adecuación de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes ámbitos de uso. Igualmente preténdese comprobar se o alumnado é quen de manexar o tipo de texto máis oportuno para cada situación comunicativa que se lle presente na súa vida cotiá.

5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.

Trátase de verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado, a cal se observará a partir da súa capacidade de indución sobre textos de distinta natureza.

6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de transferir e aplicar de xeito reflexivo os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico co fin de mellorar a recepción de textos e a revisión e composición das propias producións.

7. Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario receptivo, senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

Este criterio servirá, por unha banda, para comprobar a adquisición dun léxico receptivo que permita mellorar e ampliar a comprensión de textos de distinto tipo e grao de complexidade; por outra, trátase de verificar se o novo caudal léxico que se vaia adquirindo é comprendido, retido e reutilizado adecuadamente en producións propias cada vez máis elaboradas.

8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

Preténdese que o alumnado sexa quen de recoñecer nos textos a información que determinadas marcas lingüísticas proporcionan sobre a súa cronoloxía, a procedencia xeográfica do emisor, o grupo social a que pertence ou o contexto en que se producen. Así mesmo, terase en conta a capacidade do alumnado para aplicar estes coñecementos ás propias producións evitando, sobre todo, a utilización de interferencias de sistemas lingüísticos alleos.

9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.

Con este criterio trátase de verificar se o alumnado é consciente da situación lingüística actual e da súa problemática, así como se ten capacidade para manifestarse de forma crítica e razoada sobre o tema. Valorarase se o alumnado é capaz de recoñecer prexuízos e valoracións pexorativas presentes nos usos lingüísticos, así como a súa capacidade para reflexionar sobre eles e evitalos de forma consciente nas súas propias producións.

10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado entende a lingua como un fenómeno social e diacrónico que explica a problemática actual do galego.

11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autoras e autores e obras.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as claves da nosa historia literaria e se comprende a produción literaria como un produto cultural situado nun contexto sociohistórico determinado.

12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

Preténdese que o alumnado sexa quen de ler, interpretar, analizar e valorar con espírito crítico textos e obras literarias utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literario (xénero, estrutura, temática, recursos formais). Tamén se valorará a súa capacidade para consultar e manexar de forma autónoma distintas fontes de información que lle permitan interpretar textos e obras literarias.

3.3. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

1. Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
2. Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
3. Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.

4. Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
5. Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
6. Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
7. Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

ANEXO 1

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E DE LECTURA OBRIGATORIA PARA O PRESENTE CURSO

O noso Departamento decidiu tomar como libros de texto para o primeiro ciclo da ESO os de Edicións Xerais de Galicia; para o segundo ciclo, os da Editorial Anaya; e, para os cursos de Bacharelato, os da Editorial Anaya. No caso de segundo de Bacharelato, decidiuse recomendar o libro só como material de consulta, dado que os profesores encargados de impartir a materia prefíren seguir o seu propio material didáctico.

Un dos nosos obxectivos é que o alumnado de Lingua Galega e Literatura lea, polo menos, tres obras durante o curso. Con este fin, ofréselle a principio de curso unha lista aberta de obras entre as cales poden escoller tres. En ocasións, de común acordo entre profesor e alumnado pode modificarse a lista e incluír unha obra que non figuraba ó principio. De facerse así, ha de constar a modificación nunha acta do Departamento e, como dixemos, ha de acordarse co grupo implicado.

1º CICLO DA ESO:

1º CURSO:

Casalderrei, Fina: *Dúas bágoas por Máquina.*
Casalderrei, Fina: *O misterio dos fillos de Lúa*
Miranda, Xosé: *Pel de lobo.*
Miranda, Xosé: *As mans do medo.*
Fole, Anxel: *Á lus do candil.*
Caride, Ramón: *Perigo vexetal.*
Docampo, Xabier: *Cando petan na porta pola noite.*
Blanco Amor, Eduardo: *A Tía Lambida.*
Castelao: *Os vellos non deben de namorarse.*
Carballo Calero, Ricardo: *A farsa das zocas.*
Prado, Miguelanxo: *A mansión dos Pampín.*

2º CURSO:

Fernández Paz, Agustín: *Contos por palabras.*
Fernández Paz, Agustín: *Trece anos de Branca*
Fernández Paz, Agustín: *Noite de voraces sombras*
Martín, Andreu: *Flanagan de luxe.*
Aleixandre, Marilar: *A expedición do Pacífico.*
Carballude, Pepe: *Maldito D.N.I.*
Hinton, Susan: *Rebeldes*
Toro, Suso de: *A sombra cazadora*
Toro, Suso de: *Conta saldada*

2º CICLO DA ESO:

3º CURSO:

Castelao: *Cousas e Retrincos*.

De Toro, Suso: *Conta saldada*.

Hinton, Susan: *Rebeldes*.

Fernández Paz, Agustín: *O único que queda é o amor*.

Fernández Naval: *Istambul e o cabaliño de ouro*.

Villar, Domingo: *A praia dos afogados*

Villar, Domingo: *Ollos de auga*.

4º CURSO:

Gripe, María: *Os escaravellos voan á tardiña*.

Kropp, P.: *Moonkid e Liberty*.

Steinbeck, John: *A perla*.

Miranda, Xosé: *Morning Star*.

Wilde, Oscar: *A pantasma de Canterville e outros relatos*

Blanco Amor, Eduardo: *A esmorga*.

Risco, Vicente: *O porco de pé*.

Fernández Paz, Agustín: *Cartas de inverno*.

Neira Vilas, Xosé: *Memorias dun neno labrego*.

3º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN

Lama Gallego: *Finis Mundi*

Mihura, Miguel: *Maribel y la extraña familia*

Delibes, Miguel: *El camino*

4º CURSO DE DIVERSIFICACIÓN

Vázquez Freire, Miguel: *Anxos en tempos de chuvia*

Gómez Cerdá, Alfredo: *Pupila de Águila*

Kropp, P.: *Moonkid e Liberty*

BACHARELATO:

1º CURSO:

Miranda, Xosé: *Morning Star*

Malvar, Aníbal: *Un home que xaceu aquí*.

Auster, Paul: *Mister Vertigo*.

Navaza, Gonzalo: *Erros e Tánatos*.

Rivas, Manuel: *Que me queres, Amor?*

Rivas, Manuel: *O lapis do carpinteiro*.

Curros Enríquez, Manuel: *O divino sainete*

Morteiro, Roque: *Seis cordas e un corazón*.

Caride, Ramón: *Sarou*

2º BACHARELATO:

O profesor seleccionará tres obras da literatura galega do século XX, sempre procurando que se trate dunha obra anterior a 1936 na primeira avaliación, dunha

publicada entre 1939 e 1980 na segunda e dunha publicada con posterioridade a 1980 na terceira. En principio, as obras elixidas son:

Primeira avaliación: *Os dous de sempre*, de Castelao ou *Dos arquivos do trasno*, de Rafel Dieste.

Segunda avaliación: *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor ou *Xente no rodicio*, de Xosé Neira Vilas.

Terceira avaliación: *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, *O sol do verán*, de Carlos Casares, *A nosa cinza*, de Xavier Alcalá, *Ollos de auga* ou *A praia dos afogados*, de Domingo Villar.

ANEXO II

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS PARA O CURSO 2010-11

As actividades do noso Departamento estarán moi ligadas ás propostas e propulsadas polo Equipo de Normalización Lingüística, ao que apoiaremos en todo momento. É imposible dicir con exactitude cando e como se realizará algunha; por exemplo, a asistencia á representación de obras teatrais ou cinematográficas en lingua galega, xa que depende da oferta das compañías teatrais ou da proposta doutras empresas. Procuraremos sempre que teñan un fondo sentido educativo e estean relacionadas cos contidos da nosa materia nos cursos implicados.

En principio, podemos dicir que:

1. Colaboraremos na realización de campañas en defensa e promoción da lingua galega, aproveitando normalmente as datas máis significativas, como o Día das Letras Galegas.
2. Fomentaremos o estudo de contidos transversais: Camiño de Santiago, bisbarras galegas, oficios tradicionais... Para acadar este obxectivo é imprescindible a colaboración e coordinación dos distintos departamentos e, en especial, de profesores que coincidan no mesmo grupo. No noso centro están en marcha proxectos como o Comenius ou o Interreg que se prestan a este tipo de actividades.
3. Co fin de participar en actividades como o Salón do Libro ou “Ben veñas, Maio”, buscaremos a colaboración de distintos departamentos: Plástica e Música sobre todo.
4. Elaboraremos un novo número da revista *Xuncos* que abarque a maior cantidade de temas -filosofía, relixión, literatura, música...- e teña como vehículo fundamental a lingua galega.
5. Axudaremos a representar obras dramáticas en galego, para o cal agardamos contar co grupo creado no centro e talvez coas alumnas do Ciclo de Educación Infantil.
6. Asistiremos á representación de obras dramáticas pertencentes á literatura galega ou representadas en lingua galega. Como todos os anos, o grupo de teatro Ailaleria, que, baixo a dirección do profesor Manuel Solla, está formado por alumnos e alumnas de distintos cursos do noso centro, está a preparar unha obra teatral, que representará no centro para os nosos alumnos. Está previsto celebrar un festival no que actúen outros grupos que colaboran ou coinciden co noso en distintas ocasións; por exemplo, os grupos de teatro dos IES “Asorei” de Cambados, “Martín Sarmiento” e “Valle Inclán” de Pontevedra.
7. Colaboraremos nas actividades organizadas polo Concello de Pontevedra que teñen por obxectivo a difusión e normalización da Lingua Galega. En especial, fomentaremos

a participación, como nos anos anteriores, nos concursos incluídos en “Vén veñas, Maio” e nas actividades do Salón do libro e o Correlingua.

8. Programaremos unha semana ou unha serie de días dedicados á cultura galega, que poden incluír recitais poéticos, festivais musicais, representacións dramáticas, exposicións artísticas, conferencias. Como nos cursos anteriores, no noso afán de fomentar o gusto e afección pola literatura galega, chamaremos ó noso centro para que impartan charlas sobre a súa obra a autores destacados; por exemplo, Xosé Miranda. Os alumnos de varios cursos da ESO teñen que ler algunhas das súas obras e realizar sobre elas traballos que adoitan expoñer no Salón do Libro, organizado polo Consello de Pontevedra.

9. Proxectaremos películas producidas en lingua galega; en especial, versións cinematográficas de obras literarias galegas que figuren na nosa programación.

10. Posiblemente realizaremos excursións a diversos lugares co fin de asistir a actos culturais galegos: representacións de obras teatrais, conferencias, visitas a museos e centros culturais ou históricos de interese.

11. Animaremos ó alumnado a participar en concursos como o "Emilia Estévez Villaverde" ou o "Alfredo García Alén", que incitan á investigación sobre aspectos da nosa cultura: piornos, fontes, muíños, literatura oral...

12. Colaborameos no Proxecto Lector do centro e procuraremos poñer á disposición dos alumnos e as alumnas exentos da asignatura de lingua e literatura galegas ou recién chegados a Galicia un conxunto de libros bilingües, co fin de que asimilan máis doada e rapidamente a nosa lingua.

13. Todas estas actividades celebraranse ó longo do curso 2009-2010; en especial, neste último ano. Moitas sairán a luz no último trimestre, xa que necesitan un período de maduración; pero procuraranse celebrar canto antes para conseguir certo dinamismo ó longo de todo o curso e non entorpecer o período dos exames fundamentais.

ANEXO III

CONTIDOS MÍNIMOS

1. CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º CURSO DA ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación, especialmente de novas de actualidade próximas aos intereses do alumnado.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada de informacións de actualidade.
- Narración oral a partir dun guión preparado previamente.
- Capacitación para a participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado ás mesmas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos dende o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación.
- Comprensión de textos do ámbito académico.
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación.
- Composición de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, esquemas e exposicións sinxelas.
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Respecto polas normas gramaticais e ortográficas.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento e uso reflexivo dos mecanismos de cohesión textual como a repetición de palabras, a substitución léxica, a substitución gramatical e o uso de nexos e elipses.
- Coñecemento da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio).

- Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación e das normas ortográficas.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio...), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura orientada de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos poéticos, captando o uso dos recursos estilísticos principais do nivel semántico e os que conforman o ritmo poético.
- Lectura expresiva e comprensiva de diferentes textos narrativos breves, recoñecendo a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais, apreciando os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: o cómic.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Bloque 6. Lectura

Os alumnos e alumnas deben ler, polo menos, tras das seguintes obras:

- Casalderrei, Fina: *Dúas bágoas por Máquina.*
- Casalderrei, Fina: *O misterio dos fillos de Lúa*
- Miranda, Xosé: *Pel de lobo.*
- Miranda, Xosé: *As mans do medo.*
- Fole, Anxel: *Á lus do candil.*
- Caride, Ramón: *Perigo vexetal.*
- Docampo, Xabier: *Cando petan na porta pola noite.*
- Blanco Amor, Eduardo: *A Tía Lambida.*
- Castelao: *Os vellos non deben de namorarse.*
- Carballo Calero, Ricardo: *A farsa das zocas.*
- Prado, Miguelanxo: *A mansión dos Pampín.*
- Rafael Lema: *O Capitán Araña.*

2. CONTIDOS MÍNIMOS DE 2º CURSO DA ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e máis no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada de informacións.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Producción de enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo.
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deixé espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación...).

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.

Bloque 6. Obras de lectura obrigatoria

Os alumnos e alumnas deste curso deben ler, polo menos, tres das seguintes obras:

Fernández Paz, Agustín: *Contos por palabras*.

Fernández Paz, Agustín: *Trece anos de Branca*
Fernández Paz, Agustín: *Noite de voraces sombras*
Martín, Andreu: *Flanagan de luxe*.
Aleixandre, Marilar: *A expedición do Pacífico*.
Carballude, Pepe: *Maldito D.N.I.*
Hinton, Susan: *Rebeldes*
Toro, Suso de: *A sombra cazadora* ou *Conta saldada*.

3. CONTIDOS MÍNIMOS DE 3º CURSO DA ESO

De acordo co libro de texto que seguimos, editado pola Editorial Anaya, farase fincapé nos seguintes aspectos que forman os que consideramos contidos mínimos do curso:

Lectura e comentario

- A linguaxe literaria.
- Os xéneros literarios.
- Os textos poéticos. As figuras literarias.
- O xénero narrativo.
- O relato policial e o relato de ciencia-ficción.
- O texto teatral.
- O ensaio.
- O xornalismo: elementos do xornal, funcións da prensa.
- Os xéneros periodísticos.
- A prensa dixital.

Campos semánticos

- Campos semánticos relacionados coa natureza e co medio físico: vestuario, animais, tempo atmosférico e cronolóxico, árbores e froitos, formas da paisaxe, ferramentas e utensilios, gastronomía e hostalaría, xogos de onte e hoxe, a prensa.

Estudo da lingua

- Historia da lingua, desde as súas orixes ata o século XX. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- As palabras: estrutura e clases. Familias léxicas regulares e irregulares.
- O substantivo: clases de substantivos. Xénero e número.
- O adxectivo cualificativo. Graos do adxectivo.
- Determinantes e adxectivos determinativos.
- Os pronomes. Os pronomes persoais: formas tónicas e formas átonas.
- O verbo: os morfemas verbais. Os tempos verbais. Verbos regulares e irregulares.
- Formas non persoais dos verbos. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais.
- O adverbio e as locucións adverbiais.
- As preposicións e as conxuncións. As interxeccións.
- A onomástica: topónimos e antropónimos.
- As interferencias lingüísticas.

Ortografía

- Regras de acentuación.
- O til diacrítico.
- Signos de puntuación.
- Uso de *b* e *v*.
- Uso de *h*.
- Uso de *x* e *s*.
- Uso de *l* e *ll*.
- Uso de *n* e *ñ*.
- Grupos consonánticos: *-cc-* e *-ct-*.
- Grupos consonánticos cultos.
- Palabras con dificultade: *ca-/cua-/co-* e *ga-/gua-/go-*.
- As vogais.

Literatura

- A literatura popular en verso e en prosa.
- A literatura galego-portuguesa medieval.
- A lírica profana: as cantigas de amigo, as cantigas de amor e as cantigas de escarnio e maldicir.
- Xéneros menores da lírica profana.
- A lírica relixiosa: as *Cantigas de Santa María*.
- A prosa medieval.
- Decadencia e recuperación da literatura: os Séculos Escuros e os Precusores do Rexurdimento.
- Rosalía de Castro: *Cantares gallegos* e *Follas novas*.
- Eduardo Pondal.
- Curros Enríquez.
- Prosa e teatro do século XIX.

Desenvolvemento de competencias

- Esquemas, cadros e resumos.
- Reflexión e argumentación a partir dunhas ideas dadas.
- Uso das novas tecnoloxías na busca de información.
- Definición de conceptos e exemplificación.
- Elaboración de traballos de investigación
- Exposición oral de información.
- Análise comparada de información.
- Memorización e recitación de poemas.
- Creación de textos propios a partir dun modelo.
- Emisión razoada de xuízos propios.

Lectura

-Lectura comprensiva das seguintes obras:

Castelao: *Cousas e Retrincos*.

Toro, Suso de: *Conta saldada*.

Hinton, Susan: *Rebeldes*.

Fernández Paz, Agustín: *O único que queda é o amor*.

Fernández Naval: *Suso Espada: Istambul e o cabaliño de ouro*.
Villar, Domingo: *Ollos de auga* ou *A praia dos afogados*.

4. CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º CURSO DE ESO

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

Comprensión de textos orais.

- * Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.
- * Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación.
- * Produción oral emitida cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción textos orais.

- * Presentación oral ben organizada.
- * Participación activa en situacións propias do ámbito académico.
- * Participación activa en debates ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- * Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos.
- * Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

- * Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- * Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director, etc.
- * Comprensión e análise de textos publicitarios.
- * Comprensión de textos do ámbito académico.
- * Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- * Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- * Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Produción de textos escritos.

- * Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.
- * Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.

- * Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes.
- * Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

- * Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.
- * Recoñecemento dos tipos de oración segundo a natureza do suxeito e do predicado ou da intencionalidade do/a falante.
- * Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- * Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- * Recoñecemento daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación).

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- * Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- * Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- * Comprensión da situación sociolingüística de Galicia.
- * Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

- * Lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel dos personaxes, en especial os femininos, nestas obras.
- * Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas, tendo en conta tanto os aspectos tradicionais como os innovadores.
- * Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.
- * Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- * Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

* Características fundamentais da literatura galega dos séculos XX e XXI. Principais autores e tendencias literarias: Cabanillas, Noriega Varela, Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Neira Vilas, Carlos Casares e Méndez Ferrín.

* Tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

Bloque 6. Lectura

-Os alumnos e alumnas deben ler, polo menos, tras das seguintes obras:

Gripe, María: *Os escaravellos voan á tardiña*.

Kropp, P.: *Moonkid e Liberty*.

Steinbeck, John: *A perla*.

Miranda, Xosé: *Morning Star*.

Wilde, Oscar: *A pantasma de Canterville e outros relatos*

Blanco Amor, Eduardo: *A esmorga*.

Risco, Vicente: *O porco de pé*.

Fernández Paz, Agustín: *Cartas de inverno*.

Neira Vilas, Xosé: *Memorias dun neno labrego*.

5. CONTIDOS MÍNIMOS DOS CURSOS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Diversificación curricular 1

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. O clima
2. Os continentes
3. O continente africano
4. O continente asiático
5. O continente americano
6. Europa, a Unión europea e España
7. Axentes e conceptos básicos da actividade económica
8. Actividades do sector primario
9. Actividades secundarias
10. Actividades terciarias. O sector servizos
11. A degradación do espazo xeográfico
12. Os países que dirixen a economía mundial
13. Os países dependentes
14. Desequilibrios na poboación mundial
15. Unha consecuencia dos desequilibrios mundiais: os movementos migratorios
16. España física
17. Autonomías e diversidade
18. A época feudal. Os castelos
19. Os mosteiros e as cidades medievais
20. A arte románica
21. A arte gótica
22. O paso do mundo medieval ao renacentista: o século XV
23. Renacemento e Reforma
24. A arte renacentista

25. Renacemento e Contrarreforma
26. A arte renacentista española
27. A época do Barroco
28. A arte barroca

Lingua Castelá e Literatura

1. O subliñado, o esquema e o resumo
2. Os modos do discurso: exposición e argumentación, narración, descripción e diálogo
3. A carta
4. Textos de uso práctico. Convocatoria, orde do día, acta e regulamento.
5. Textos xornalísticos. Xéneros informativos e xéneros de opinión.

6. O nivel fónico
7. As palabras
8. O sentido figurado das palabras
9. A oración gramatical. Compoñentes, clases e relacións
10. O substantivo
11. Os adxectivos
12. O verbo
13. Os adverbios
14. Os determinativos
15. Os pronombres persoais

16. Ortografía

17. Os xéneros literarios. A épica, a lírica e a dramática
18. A literatura profana na España medieval
19. A literatura relixiosa España medieval
20. A literatura prerrenacentista en España
21. A literatura castelá durante a Reforma
22. A literatura castelá e a Contrarreforma
23. A literatura barroca en España

Lingua Galega e Literatura

A. Comunicación

1. Os medios de comunicación escritos: Os xornais e outras publicacións periódicas.
2. Análise das seccións e dos xéneros xornalísticos.

B. Lingua e sociedade

3. Historia interna da lingua: orixe do galego e a súa evolución.
4. A normalización e a normativización lingüística do galego.

C. Estudo da lingua

5. Regras básicas de acentuación e de puntuación. A acentuación diacrítica, das palabras compostas, da interrogación e da exclamación.

6. Clases de palabras: substantivo (flexión de xénero e número, tipos de substantivos), adxectivo (determinantes), pronome, verbo (estrutura, distinción regular/irregular, formas non persoais, perífrases), adverbio, preposición, conxunción e interxección.
7. Léxico: o territorio e a natureza (a toponimia, a aldea e a cidade, países e habitantes [os xentilicios]; o clima, o campo, a montaña e o mar, as árbores e as plantas, os animais vertebrados e invertebrados, etc.).
8. Formación de palabras: derivación e composición.
9. Identificación de voces patrimoniais e de cultismos.

D. *A literatura galega*

10. Características fundamentais dos períodos da literatura galega que se estudan neste curso.
11. A lírica medieval: recoñecemento de diferentes tipos de cantigas.
12. A decadencia e o rexurdimento da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros e Pondal.
13. Lectura e comentario de textos dos autores estudados neste curso.
 1. A crise das democracias. Problemas políticos e económicos
 2. España: a Segunda República e a Guerra Civil
 1. A Segunda Guerra Mundial
 2. O mundo logo da Segunda Guerra Mundial
 3. A España de Franco

Lectura

Lama Gallego: *Finis Mundi*

Mihura, Miguel: *Maribel y la extraña familia*

Delibes, Miguel: *El camino*

Diversificación curricular II

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. O Antigo Réxime e as bases do cambio
2. A arte no século XVIII
3. A crise do Antigo Réxime
4. A Revolución Industrial
5. Unha nova arte: o Impresionismo
6. Nacións e imperios a finais do século XIX
7. O avance do liberalismo e da democracia en España
8. As convulsións de principios de século
9. As vangardas artísticas
11. A Segunda Guerra Mundial.
12. O mundo posterior á Segunda Guerra Mundial
13. A España de Franco
14. Os grandes cambios políticos e económicos da España actual
15. Os pobos en convivencia: cara á interculturalidade
16. A comunicación global
17. A arte e a literatura como patrimonio común
18. As culturas do mundo

Lingua Castelá e Literatura

1. A literatura neoclásica en España
2. A literatura romántica en España
3. A literatura realista en España
4. A literatura española entre dous séculos
5. A literatura castelá anterior a 1936
6. A literatura española despois de 1936

7. A oración composta
8. As oracións coordinadas
9. As oracións subordinadas substantivas
10. As oracións subordinadas adxectivas.
11. As oracións subordinadas adverbiais

12. A carta e o correo electrónico
13. Textos de uso práctico: a instancia e o currículo
14. O xornal

Lingua Galega e Literatura

A- Comunicación

1. As diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.
2. Estructuras expositivas e argumentativas.

B- Lingua e sociedade

3. A situación actual do idioma galego: lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia.
4. Variedades internas da lingua.
5. Variedades xeográficas: principais fenómenos lingüísticos do galego.

C- Estudo da lingua

6. Abreviaturas, siglas e acrónimos.
7. Uso correcto de *mais/máis/amais/demais/de máis, ai/hai/aí, e/é/eh, a/á/ha/ah, porque/por que/porqué, haber/a ver, senón/se non.*
8. Constituíntes da oración: a frase; tipos de frases. Funcións sintácticas na oración.
9. Coordinación e subordinación. A oración composta; tipos.
10. Léxico: as institucións, as tradicións e os costumes (a administración, o tempo, as estacións, as tradicións, os acontecementos cíclicos: o magosto, o nadal, o entroido, as romarías, etc.).
11. Polisemia, homonimia e paronimia.
12. Os neoloxismos, os préstamos e estranxeirismos e os tecnicismos.

D) A literatura galega

13. Características fundamentais da literatura galega dos séculos XX e XXI. Principais autores e tendencias literarias: Cabanillas, Noriega Varela, Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Neira Vilas, Carlos Casares e Méndez Ferrín.
14. Tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

Lectura

Vázquez Freire, Miguel: *Anxos en tempos de chuvia*

Gómez Cerdá, Alfredo: *Pupila de Águila*

Kropp, P.: *Moonkid e Liberty*

6. CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º DE BACHARELATO

Contidos comúns

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

Lingua e texto

- Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
- Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas.
- Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que se deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.
- Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.
- Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.
- Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.

- Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.
- Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido; características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

A sociolingüística

- A formación da lingua galega: Substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

A literatura

- A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- A literatura medieval: A lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.
- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.
- A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

Lectura

- Os alumnos e alumnas deben ler, polo menos, tres do seguintes libros:

Miranda, Xosé: *Morning Star*

Malvar, Aníbal: *Un home que xaceu aquí.*

Auster, Paul: *Mister Vertigo.*

Navaza, Gonzalo: *Erros e Tánatos.*

Rivas, Manuel: *Que me queres, Amor?*

Rivas, Manuel: *O lapis do carpinteiro*

Curros Enríquez, Manuel: *O divino sainete*

Morteiro, Roque: *Seis cordas e un corazón.*

Caride, Ramón: *Sarou*

7. CONTIDOS MÍNIMOS DE SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

Ademais dos contidos comúns expostos anteriormente, esixírase dos alumnos un dominio adecuado dos seguintes aspectos:

Lingua e texto.

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras. Homonimia e polisemia.

A sociolingüística.

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

A literatura.

-A literatura do primeiro terzo do século XX:

- * A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
- * A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- * O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.

-A literatura entre 1936 e 1976:

- * A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.
- * A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.
- * O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.

-A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:

- * Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

* Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

* Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

-Lectura, análise e comentario de

Os dous de sempre, de Castelao ou *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste.

A esmorga, de Eduardo Blanco Amor, *Á lus do candil*, de Ánxel Fole, ou *Xente no rodicio*, de Xosé Neira Vilas.

O lapis do carpinteiro, de Manuel Rivas, *O sol do verán*, de Carlos Casares, *Non volvas*, de Suso de Toro, *A nosa cinza*, de Xavier Alcalá, *Ollos de auga* ou *A praia dos afogados*, de Domínguez Villar.

Como un dos obxectivos do noso alumnado é presentarse ás probas de selectividade, a fin de realizar posteriormente unha carreira, deberase ter especialmente en conta a relación de temas que poden ser obxecto de pregunta das PAAU para a sección de Lingua e sociedade e Literatura. Por unha parte:

1. As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
3. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua em vías de normalización.
4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

E, por outra:

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
4. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
5. A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
7. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras máis representativas.
8. O teatro galego entre 1936 e 1976: A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e os 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

ANEXO IV

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao final de cada ano, os profesores do Departamento deberán colaborar co Xefe de Departamento na elaboración dun informe onde figuren os contidos abarcados, os obxectivos acadados, a metodoloxía utilizada e, en especial, os resultados logrados nos distintos cursos. Este informe será tido en conta tanto para o enfoque das materias impartidas polo Departamento en anos sucesivos no relativo a metodoloxía, contidos abarcables, coñecementos esixibles, criterios de cualificación, selección de obras de lectura, etc.

O cuestionario que os profesores e as profesoras deberán cubrir indicará:

1. Contidos abarcados durante o curso. Suxerencias de reparto da materia abarcable para o seguinte curso.
2. Metodoloxía empregada. Suxerencias sobre novas metodoloxías utilizables.
3. Obxectivos logrados. Porcentaxe de alumnado aprobado. Nivel xeral do alumnado.
4. Procedemento seguido para a cualificación do alumnado. Suxerencias sobre posibles cambios.
5. Resultado das obras de lectura obrigatoria. Suxerencias sobre futuros cambios.
6. Aproveitamento das novas tecnoloxías. Suxerencias.

Os membros do Departamento

Encarnación Fernández Rey

Vicente Rodríguez Lamela

Laureano Aragunde Oubiña

María do Mar Rúa Ferradás

Xan Xosé Riobó Rouco

ÍNDICE

Programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura para o curso 2010-11	1
Primeira parte. Programación dos cursos da ESO	2
1. Introducción	3
1.1. Situación actual da etapa	3
1.2. Características do alumnado	4
1.3. Finalidades educativas do proxecto curricular	5
2. O proxecto curricular	5
2.1. Os obxectivos xerais da etapa	5
2.2. Os contidos	6
2.3. A metodoloxía na ESO	8
2.4. A avaliación	9
2.5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios xerais de cualificación	10
2.6. Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO	11
2.7. Procedementos para a cualificación das materias pendentes ou da nota final dos alumnos que asisten aos programas de reforzo con atribución horaria na ESO.....	11
2.8. Plan de traballo para superación de materias pendentes.....	12
2.9. Programas específicos personalizados par ao alumnado repetidor na ESO	12
2.10. Temporalización	13
2.11. O tratamento dos temas transversais	13
Temas transversais na ESO	13
2.12. A atención á diversidade	15
2.13. Accións de contribución ao plan de convivencia do centro	16
2.14. Fomento da lectura	16
2.15. Fomento das TIC	17
3. Área de Lingua Galega e Literatura	18
3.1. Introducción	18
3.2. Obxectivos didácticos da etapa	19
3.3. Competencias básicas da etapa	20
4. Primeiro curso da ESO	22
4.1. Obxectivos didácticos de 1º da ESO	22
4.2. Contidos de 1º da ESO	23
4.3. Criterios de avaliación de 1º da ESO	26
4.4. Programación de aula por unidades	27
5. Segundo curso da ESO	43
5.1. Obxectivos didácticos de 2º da ESO	43
5.2. Contidos de 2º da ESO	44
5.3. Criterios de avaliación de 2º da ESO	47
5.4. Estrutura de Lingua Galega de 2º da ESO	48
5.5. Programación de aula por unidades	51
6. Terceiro curso da ESO	66
6.1. Obxectivos didácticos da etapa	66
6.2. Competencias básicas da etapa	66
6.3. Contidos	67
6.4. Competencias e desenvolvemento das competencias en 3º da ESO	72
6.5. Criterios de avaliación	74
6.6. Programación de aula por unidades	76
7. Cuarto curso da ESO	96
7.1. Obxectivos didácticos de 4º da ESO	96
7.2. Contidos de 4º da ESO	97
7.3. Criterios de avaliación	100

7.4. Programación de aula por unidades	102
8. Diversificación curricular (3º e 4º da ESO). Ámbito Lingüístico e Social	123
8.1. Introducción	123
8.2. Competencias básicas	125
8.3. Os programas de diversificación curricular ao servizo das competencias básicas	126
8.4. Obxectivos xerais da etapa	131
8.5. Obxectivos específicos da área de Lingua Castelá e Literatura	132
8.6. Obxectivos específicos da área de Lingua Galega e Literatura	133
8.7. Obxectivos específicos da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	133
8.8. Contidos	134
Diversificación Curricular I	135
Diversificación Curricular II	138
8.9. Metodoloxía	141
8.10. Avaliación	143
8.11. Criterios de avaliación de Diversificación Curricular I	144
8.12. Criterios de avaliación de Diversificación Curricular II	146
8.13. Criterios e procedementos para a avaliación e revisión do programa	148
Segunda parte. Programación dos cursos de Bacharelato	149
1. Programación xeral	150
1.1. Introducción	150
1.2. Obxectivos didácticos	151
1.3. Temas transversais no Bacharelato	152
1.4. Criterios xerais de cualificación	153
1.5. Temporalización	154
1.6. A atención á diversidade	154
1.7. Plan de traballo para a superación das materias pendentes	156
1.8. Actividades de seguimento das materias pendentes no bacharelato	157
1.9. Procedementos para acreditar os coñecementos previos no bacharelato	157
2. Primeiro curso de Bacharelato	158
2.1. Contidos	158
2.2. Contidos por unidades. Programación de aula por unidades	159
2.3. Orientacións metodolóxicas	175
2.4. Criterios de avaliación	175
3. Segundo curso de Bacharelato	178
3.1. Contidos	178
3.2. Criterios de avaliación	180
3.3. Orientacións metodolóxicas	182
Anexo I: Relación de libros de lectura obrigatoria para o presente curso	184
Anexo II: Actividades complementarias e extraescolares para o curso 2010-11	186
Anexo III: Contidos mínimos exixibles por curso	188
Anexo IV: Criterios e procedementos para a avaliación e revisión da programación	204
Sinatura dos membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura	205
Índice	206